PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 272
22 de outubro de 2025

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

37227 (12/PNP-002732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que reciba a representación do persoal que traballa nos centros de menores, centros de discapacidade e escolas infantís co obxectivo de abrir o diálogo social nestes ámbitos 128099

37247 (12/PNP-002734)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o modelo de xestión dos residuos urbanos en Galicia 128104

Admisión a trámite e publicación

36430 (12/PNP-002685)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que identifique as vivendas construídas en Galicia polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana nos últimos cinco anos 128113

36438 (12/PNP-002686)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto das políticas en materia de violencia de xénero 128117

36440 (12/PNP-002687)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, antes do remate de 2025, do proxecto da norma que estableza a asunción das unidades municipais de atención a drogodependentes (UMAD) por parte da Administración autonómica 128124

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

36442 (12/PNP-002688)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego do remate das obras de acondicionamento, da dotación material e da posta en marcha do servizo oncohematolóxico do Hospital Comarcal da Costa da Morte 128128

36455 (12/PNP-002689)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Oia dun centro de día para maiores 128132

36481 (12/PNP-002690)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de mecanismos e instrumentos concretos co fin de rebaixar o tempo de agarda para as consultas, as probas diagnósticas e as cirurxías na sanidade pública galega 128136

36486 (12/PNP-002691)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as demandas e actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de mellorar as posibilidades de pesca da sardiña e do bocarte por parte da frota galega do cerco 128140

36490 (12/PNP-002692)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en defensa da industria transformadora de produtos do mar e respecto do novo acordo de asociación comercial entre a UE e Marrocos 128144

36598 (12/PNP-002693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia no relativo aos últimos datos das listas de agarda e aos problemas de dotación médica na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras 128149

36605 (12/PNP-002694)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia relativas ao transporte escolar adaptado para o alumnado con discapacidade 128154

36640 (12/PNP-002695)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar os tempos de espera na Área Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, cirurxía de prioridade 1 e radioloxía 128158

36646 (12/PNP-002696)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a demanda ao Goberno galego dun aumento do persoal facultativo da especialidade de pediatría nos centros de saúde dos concellos de Cambre, Carral e Oleiros 128163

36673 (12/PNP-002697)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente en consultas e cirurxía 128167

36712 (12/PNP-002699)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre os criterios que debe ter en conta o Goberno galego na adaptación a Galicia da Lei orgánica de ordenación e integración da Formación Profesional e do Real decreto 659/2023 128172

36721 (12/PNP-002700)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol 128177

36731 (12/PNP-002701)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 3 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto dos problemas no servizo que presta a barcaza do encoro de Portodemouros entre Loño e Beigondo, pertencentes aos concellos de Vila de Cruces e Santiso respectivamente 128184

36738 (12/PNP-002702)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de espera na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos 128190

36748 (12/PNP-002703)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas e en cirurxía de prioridade 1 na Área Sanitaria da Coruña e Cee 128194

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

36757 (12/PNP-002704)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da xestión en materia de sinistralidade laboral 128198

36764 (12/PNP-002705)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co obxectivo de que non se produzan discriminacións entre as frotas pesqueiras que operan en caladoiros nacionais compartidos 128203

36767 (12/PNP-002706)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que revise e actualice os temarios das oposicións docentes 128207

36768 (12/PNP-002707)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas na Area Sanitaria de Ferrol 128211

36784 (12/PNP-002708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que tome todas as medidas precisas para garantir a finalización das obras do saneamento e do tanque de tormentas do concello de Vilagarcía de Arousa 128215

36790 (12/PNP-002709)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de actualizar e mellorar as instalacións do Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol 128220

36777 (12/PNP-002710)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en probas diagnósticas e en cirurxías, especialmente as de prioridade 1, na Area Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza 128224

36812 (12/PNP-002711)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de recursos económicos para os concellos co fin de que poidan aplicar eficazmente o protocolo de prevención, detección e seguimento da violencia durante a prestación do SAF nos domicilios 128228

36858 (12/PNP-002712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora en Galicia da rede de alta velocidade ferroviaria e da súa conexión con Madrid 128232

36860 (12/PNP-002713)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que impulse a construción da variante ferroviaria de Cerdedo para permitir a conexión directa da alta velocidade con Vigo 128236

36944 (12/PNP-002714)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da inspección e do control de vivendas comunitarias e residencias privadas de maiores, especialmente na provincia de Ourense, para evitar casos como o de San Gabriel, en Xinzo de Limia, e o do Xardín, en Amoeiro 128240

36954 (12/PNP-002715)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre as diferentes liñas de actuación vencelladas á Axenda Galega do Litoral que a Xunta de Galicia debe desenvolver 128245

36959 (12/PNP-002716)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de sanidade vexetal 128252

36977 (12/PNP-002717)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para pór en valor as investigacións relativas á memoria histórica desenvolvidas en Galicia 128257

36983 (12/PNP-002718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que concirne á investigación e divulgación da historia da represión franquista sufrida polas mulleres en Galicia 128261

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

36991 (12/PNP-002719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore un plan dirixido á mellora dos centros sanitarios de Galicia 128267

37002 (12/PNP-002720)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que colabore nas obras de emerxencia, protección, conservación e restauración forestal nos montes danados polos incendios 128271

37004 (12/PNP-002721)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de incrementar a cogobernanza na xestión dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia, nomeadamente os dirixidos á xestión forestal 128275

37006 (12/PNP-002722)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre diversas actuacións que debe poñer en marcha o Goberno galego para a planificación das medidas de prevención dos incendios forestais 128280

37008 (12/PNP-002723)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia no que atinxe á colaboración das comunidades de montes veciñais en man común respecto da política de prevención dos incendios forestais 128284

37010 (12/PNP-002724)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto do control das persoas condenadas en firme por delitos relacionados cos incendios forestais 128288

37012 (12/PNP-002725)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España respecto do sistema de formación para a actualización profesional do colectivo dos traballadores autónomos 128292

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

37014 (12/PNP-002726)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as 128297

37016 (12/PNP-002727)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central verbo das cotizacións sociais e da carga burocrática do colectivo de autónomos/as 128302

37076 (12/PNP-002728)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda 128307

37084 (12/PNP-002729)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre os compromisos que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co funcionamento e a información á cidadanía de Ferrol respecto do transporte urbano e interurbano 128314

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

37226 (12/PNC-003234)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que reciba a representación do persoal que traballa nos centros de menores, centros de discapacidade e escolas infantís co obxectivo de abrir o diálogo social nestes ámbitos 128318

37246 (12/PNC-003236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o modelo de xestión dos residuos urbanos en Galicia 128323

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

36429 (12/PNC-003177)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que identifique as vivendas construídas en Galicia polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana nos últimos cinco anos 128332

36434 (12/PNC-003178)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, antes do remate de 2025, do proxecto da norma que estableza a asunción das unidades municipais de atención a drogodependentes (UMAD) por parte da Administración autonómica 128336

36435 (12/PNC-003179)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto das políticas en materia de violencia de xénero 128340

36441 (12/PNC-003180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego do remate das obras de acondicionamento, da dotación material e da posta en marcha do servizo oncohematolóxico do Hospital Comarcal da Costa da Morte 128347

36446 (12/PNC-003181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento do persoal docente do CEIP Mestre Martínez Alonso, de Mos 128351

36451 (12/PNC-003182)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda ao Goberno galego da asignación dunha partida específica nos próximos orzamentos destinada á dotación do concello de Oia dun centro de día para maiores 128355

36452 (12/PNC-003183)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Oia dun centro de día para maiores 128359

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

36480 (12/PNC-003184)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de mecanismos e instrumentos concretos co fin de rebaixar o tempo de agarda para as consultas, as probas diagnósticas e as cirurxías na sanidade pública galega
128363

36485 (12/PNC-003185)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as demandas e actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de mellorar as posibilidades de pesca da sardiña e do bocarte por parte da frota galega do cerco 128367

36489 (12/PNC-003186)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en defensa da industria transformadora de produtos do mar e respecto do novo acordo de asociación comercial entre a UE e Marrocos
128372

36599 (12/PNC-003187)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia no relativo aos últimos datos das listas de agarda e aos problemas de dotación médica na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
128377

36606 (12/PNC-003188)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia relativas ao transporte escolar adaptado para o alumnado con discapacidade 128382

36627 (12/PNC-003189)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que negocie co Concello de Oleiros unha solución urxente para os problemas de seguridade viaria da estrada autonómica AC-173 no treito do Couto 128386

36639 (12/PNC-003190)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar os tempos de espera na Área Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, cirurxía de prioridade 1 e radioloxía 128390

36645 (12/PNC-003191)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda ao Goberno galego dun aumento do persoal facultativo da especialidade de pediatría nos centros de saúde dos concellos de Cambre, Carral e Oleiros 128395

36672 (12/PNC-003192)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente en consultas e cirurxía 128399

36713 (12/PNC-003194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre os criterios que debe ter en conta o Goberno galego na adaptación a Galicia da Lei orgánica de ordenación e integración da Formación Profesional e do Real decreto 659/2023 128403

36722 (12/PNC-003195)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol 128408

36726 (12/PNC-003196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da dotación ao IES García Barros, da Estada, de persoal coidador para o alumnado con necesidades especiais 128415

36730 (12/PNC-003197)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 3 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto dos problemas no servizo que presta a barcaza do encoro de Portodemouros entre Loño e Beigondo, pertencentes aos concellos de Vila de Cruces e Santiso respectivamente 128419

36739 (12/PNC-003198)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de espera na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos 128425

36743 (12/PNC-003199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha ante a paralización das obras de reforma e creación en Lugo dun centro de dependentes con discapacidade 128429

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

36749 (12/PNC-003200)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas e en cirurxía de prioridade 1 na Área Sanitaria da Coruña e Cee 128433

36756 (12/PNC-003201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da xestión en materia de sinistralidade laboral 128437

36763 (12/PNC-003202)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co obxectivo de que non se produzan discriminacións entre as frotas pesqueiras que operan en caladoiros nacionais compartidos 128442

36765 (12/PNC-003203)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que revise e actualice os temarios das oposicións docentes 128446

36766 (12/PNC-003204)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que revise e actualice os temarios das oposicións docentes 128450

36769 (12/PNC-003205)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas na Area Sanitaria de Ferrol 128454

36773 (12/PNC-003206)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cubra de forma inmediata e permanente as tres prazas de persoal médico do Centro de Saúde de Barreiros 128458

36778 (12/PNC-003207)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en probas diagnósticas e en cirurxías, especialmente as de prioridade 1, na Area Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza 128462

36785 (12/PNC-003208)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que tome todas as medidas precisas para garantir a finalización das obras do saneamento e do tanque de tormentas do concello de Vilagarcía de Arousa 128466

36791 (12/PNC-003209)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de actualizar e mellorar as instalacións do Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol 128471

36808 (12/PNC-003210)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que declare como ben de interese cultural a Alameda de Vigo, coñecida como praza de Compostela 128475

36814 (12/PNC-003211)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de recursos económicos para os concellos co fin de que poidan aplicar eficazmente o protocolo de prevención, detección e seguimento da violencia durante a prestación do SAF nos domicilios 128480

36819 (12/PNC-003212)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dunha mellora integral do sistema de saneamento e depuración dos concellos da Bola e Verea, así como de medidas para a recuperación da calidade das augas do río Ourille 128484

36834 (12/PNC-003213)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do desenvolvemento en Vigo durante 2026 dun programa de actividades para divulgar a figura e o legado de Begoña Caamaño 128489

36857 (12/PNC-003214)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora en Galicia da rede de alta velocidade ferroviaria e da súa conexión con Madrid 128494

36859 (12/PNC-003215)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que impulse a construción da variante ferroviaria de Cerdedo para permitir a conexión directa da alta velocidade con Vigo 128498

36943 (12/PNC-003216)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da inspección e do control de vivendas comunitarias e residencias privadas de maiores, especialmente na provincia de Ourense, para evitar casos como o de San Gabriel, en Xinzo de Limia, e o do Xardín, en Amoeiro 128502

36953 (12/PNC-003217)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre as diferentes liñas de actuación vencelladas á Axenda Galega do Litoral que a Xunta de Galicia debe desenvolver 128507

36955 (12/PNC-003218)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de sanidade vexetal 128514

36976 (12/PNC-003219)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para pór en valor as investigacións relativas á memoria histórica desenvolvidas en Galicia 128519

36982 (12/PNC-003220)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que concirne á investigación e divulgación da historia da represión franquista sufrida polas mulleres en Galicia 128523

36990 (12/PNC-003221)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore un plan dirixido á mellora dos centros sanitarios de Galicia 128529

37001 (12/PNC-003222)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que colabore nas obras de emerxencia, protección, conservación e restauración forestal nos montes danados polos incendios 128533

37003 (12/PNC-003223)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de incrementar a cogobernanza na xestión dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia, nomeadamente os dirixidos á xestión forestal 128537

37005 (12/PNC-003224)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre diversas actuacións que debe poñer en marcha o Goberno galego para a planificación das medidas de prevención dos incendios forestais 128542

37007 (12/PNC-003225)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia no que atinxe á colaboración das comunidades de montes veciñais en man común respecto da política de prevención dos incendios forestais 128546

37009 (12/PNC-003226)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto do control das persoas condenadas en firme por delitos relacionados cos incendios forestais 128550

37011 (12/PNC-003227)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España respecto do sistema de formación para a actualización profesional do colectivo dos traballadores autónomos 128554

37013 (12/PNC-003228)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as 128559

37015 (12/PNC-003229)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central verbo das cotizacións sociais e da carga burocrática do colectivo de autónomos/as 128563

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

37075 (12/PNC-003230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda 128568

37085 (12/PNC-003231)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre os compromisos que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co funcionamento e a información á cidadanía de Ferrol respecto do transporte urbano e interurbano 128575

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de outubro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 37227 (12/PNP-002732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que reciba a representación do persoal que traballa nos centros de menores, centros de discapacidade e escolas infantís co obxectivo de abrir o diálogo social nestes ámbitos

- 37247 (12/PNP-002734)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o modelo de xestión dos residuos urbanos en Galicia

Admisión a trámite e publicación

- 36430 (12/PNP-002685)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que identifique as vivendas construídas en Galicia polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana nos últimos cinco anos

- 36438 (12/PNP-002686)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto das políticas en materia de violencia de xénero

- 36440 (12/PNP-002687)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, antes do remate de 2025, do proxecto da norma que estableza a asunción das unidades municipais de atención a drogodependentes (UMAD) por parte da Administración autonómica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 36442 (12/PNP-002688)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego do remate das obras de acondicionamento, da dotación material e da posta en marcha do servizo oncohematolóxico do Hospital Comarcal da Costa da Morte

- 36455 (12/PNP-002689)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Oia dun centro de día para maiores

- 36481 (12/PNP-002690)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de mecanismos e instrumentos concretos co fin de rebaixar o tempo de agarda para as consultas, as probas diagnósticas e as cirurxías na sanidade pública galega

- 36486 (12/PNP-002691)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as demandas e actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de mellorar as posibilidades de pesca da sardiña e do bocarte por parte da frota galega do cerco

- 36490 (12/PNP-002692)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en defensa da industria transformadora de produtos do mar e respecto do novo acordo de asociación comercial entre a UE e Marrocos

- 36598 (12/PNP-002693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia no relativo aos últimos datos das listas de agarda e aos problemas de dotación médica na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- 36605 (12/PNP-002694)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia relativas ao transporte escolar adaptado para o alumnado con discapacidade

- 36640 (12/PNP-002695)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar os tempos de espera na Área Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, cirurxía de prioridade 1 e radioloxía

- 36646 (12/PNP-002696)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a demanda ao Goberno galego dun aumento do persoal facultativo da especialidade de pediatría nos centros de saúde dos concellos de Cambre, Carral e Oleiros

- 36673 (12/PNP-002697)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente en consultas e cirurxía

- 36712 (12/PNP-002699)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre os criterios que debe ter en conta o Goberno galego na adaptación a Galicia da Lei orgánica de ordenación e integración da Formación Profesional e do Real decreto 659/2023

- 36721 (12/PNP-002700)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol

- 36731 (12/PNP-002701)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 3 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto dos problemas no servizo que presta a barcaza do encoro de Portodemouros entre Loño e Beigondo, pertencentes aos concellos de Vila de Cruces e Santiso respectivamente

- 36738 (12/PNP-002702)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de espera na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

- 36748 (12/PNP-002703)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas e en cirurxía de prioridade 1 na Área Sanitaria da Coruña e Cee

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 36757 (12/PNP-002704)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da xestión en materia de sinistralidade laboral

- 36764 (12/PNP-002705)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co obxectivo de que non se produzan discriminacións entre as frotas pesqueiras que operan en caladoiros nacionais compartidos

- 36767 (12/PNP-002706)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que revise e actualice os temarios das oposicións docentes

- 36768 (12/PNP-002707)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas na Area Sanitaria de Ferrol

- 36784 (12/PNP-002708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que tome todas as medidas precisas para garantir a finalización das obras do saneamento e do tanque de tormentas do concello de Vilagarcía de Arousa

- 36790 (12/PNP-002709)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de actualizar e mellorar as instalacións do Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol

- 36777 (12/PNP-002710)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en probas diagnósticas e en cirurxías, especialmente as de prioridade 1, na Area Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

- 36812 (12/PNP-002711)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de recursos económicos para os concellos co fin de que poidan aplicar eficazmente o protocolo de prevención, detección e seguimento da violencia durante a prestación do SAF nos domicilios

- 36858 (12/PNP-002712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora en Galicia da rede de alta velocidade ferroviaria e da súa conexión con Madrid

- 36860 (12/PNP-002713)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que impulse a construción da variante ferroviaria de Cerdedo para permitir a conexión directa da alta velocidade con Vigo

- 36944 (12/PNP-002714)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da inspección e do control de vivendas comunitarias e residencias privadas de maiores, especialmente na provincia de Ourense, para evitar casos como o de San Gabriel, en Xinzo de Limia, e o do Xardín, en Amoeiro

- 36954 (12/PNP-002715)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre as diferentes liñas de actuación vencelladas á Axenda Galega do Litoral que a Xunta de Galicia debe desenvolver

- 36959 (12/PNP-002716)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de sanidade vexetal

- 36977 (12/PNP-002717)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para pór en valor as investigacións relativas á memoria histórica desenvolvidas en Galicia

- 36983 (12/PNP-002718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que concirne á investigación e divulgación da historia da represión franquista sufrida polas mulleres en Galicia

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 36991 (12/PNP-002719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore un plan dirixido á mellora dos centros sanitarios de Galicia

- 37002 (12/PNP-002720)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que colabore nas obras de emerxencia, protección, conservación e restauración forestal nos montes danados polos incendios

- 37004 (12/PNP-002721)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de incrementar a cogobernanza na xestión dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia, nomeadamente os dirixidos á xestión forestal

- 37006 (12/PNP-002722)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre diversas actuacións que debe poñer en marcha o Goberno galego para a planificación das medidas de prevención dos incendios forestais

- 37008 (12/PNP-002723)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia no que atinxe á colaboración das comunidades de montes veciñais en man común respecto da política de prevención dos incendios forestais

- 37010 (12/PNP-002724)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto do control das persoas condenadas en firme por delitos relacionados cos incendios forestais

- 37012 (12/PNP-002725)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España respecto do sistema de formación para a actualización profesional do colectivo dos traballadores autónomos

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 37014 (12/PNP-002726)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as

- 37016 (12/PNP-002727)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central verbo das cotizacións sociais e da carga burocrática do colectivo de autónomos/as

- 37076 (12/PNP-002728)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda

- 37084 (12/PNP-002729)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre os compromisos que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co funcionamento e a información á cidadanía de Ferrol respecto do transporte urbano e interurbano

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 37226 (12/PNC-003234)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que reciba a representación do persoal que traballa nos centros de menores, centros de discapacidade e escolas infantís co obxectivo de abrir o diálogo social nestes ámbitos
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37246 (12/PNC-003236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o modelo de xestión dos residuos urbanos en Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 36429 (12/PNC-003177)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que identifique as vivendas construídas en Galicia polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana nos últimos cinco anos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36434 (12/PNC-003178)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, antes do remate de 2025, do proxecto da norma que estableza a asunción das unidades municipais de atención a drogodependentes (UMAD) por parte da Administración autonómica
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36435 (12/PNC-003179)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto das políticas en materia de violencia de xénero
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36441 (12/PNC-003180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego do remate das obras de acondicionamento, da dotación material e da posta en marcha do servizo oncohematolóxico do Hospital Comarcal da Costa da Morte
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36446 (12/PNC-003181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun incremento do persoal docente do CEIP Mestre Martínez Alonso, de Mos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36451 (12/PNC-003182)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda ao Goberno galego da asignación dunha partida específica nos próximos orzamentos destinada á dotación do concello de Oia dun centro de día para maiores
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 36452 (12/PNC-003183)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Oia dun centro de día para maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36480 (12/PNC-003184)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de mecanismos e instrumentos concretos co fin de rebaixar o tempo de agarda para as consultas, as probas diagnósticas e as cirurxías na sanidade pública galega
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36485 (12/PNC-003185)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as demandas e actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de mellorar as posibilidades de pesca da sardiña e do bocarte por parte da frota galega do cerco
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36489 (12/PNC-003186)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 7 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe impulsar en defensa da industria transformadora de produtos do mar e respecto do novo acordo de asociación comercial entre a UE e Marrocos
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36599 (12/PNC-003187)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia no relativo aos últimos datos das listas de agarda e aos problemas de dotación médica na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36606 (12/PNC-003188)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia relativas ao transporte escolar adaptado para o alumnado con discapacidade
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36627 (12/PNC-003189)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que negocie co Concello de Oleiros unha solución urxente para os problemas de seguridade viaria da estrada autonómica AC-173 no treito do Couto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36639 (12/PNC-003190)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar os tempos de espera na Área Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, cirurxía de prioridade 1 e radioloxía
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36645 (12/PNC-003191)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a demanda ao Goberno galego dun aumento do persoal facultativo da especialidade de pediatría nos centros de saúde dos concellos de Cambre, Carral e Oleiros
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36672 (12/PNC-003192)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente en consultas e cirurxía
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36713 (12/PNC-003194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre os criterios que debe ter en conta o Goberno galego na adaptación a Galicia da Lei orgánica de ordenación e integración da Formación Profesional e do Real decreto 659/2023
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36722 (12/PNC-003195)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 4 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36726 (12/PNC-003196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Fernández Davila, María Cristina
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da dotación ao IES García Barros, da Estada, de persoal coidador para o alumnado con necesidades especiais
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 36730 (12/PNC-003197)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 3 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto dos problemas no servizo que presta a barcaza do encoro de Portodemouros entre Loño e Beigondo, pertencentes aos concellos de Vila de Cruces e Santiso respectivamente
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36739 (12/PNC-003198)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de espera na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36743 (12/PNC-003199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha ante a paralización das obras de reforma e creación en Lugo dun centro de dependentes con discapacidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36749 (12/PNC-003200)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas e en cirurxía de prioridade 1 na Área Sanitaria da Coruña e Cee
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36756 (12/PNC-003201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto da xestión en materia de sinistralidade laboral
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 36763 (12/PNC-003202)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co obxectivo de que non se produzan discriminacións entre as frotas pesqueiras que operan en caladoiros nacionais compartidos
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36765 (12/PNC-003203)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que revise e actualice os temarios das oposicións docentes
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36766 (12/PNC-003204)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que revise e actualice os temarios das oposicións docentes
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36769 (12/PNC-003205)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en consultas na Area Sanitaria de Ferrol
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36773 (12/PNC-003206)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cubra de forma inmediata e permanente as tres prazas de persoal médico do Centro de Saúde de Barreiros
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36778 (12/PNC-003207)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan para rebaixar as listaxes de agarda en probas diagnósticas e en cirurxías, especialmente as de prioridade 1, na Area Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36785 (12/PNC-003208)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que tome todas as medidas precisas para garantir a finalización das obras do saneamento e do tanque de tormentas do concello de Vilagarcía de Arousa
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36791 (12/PNC-003209)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxectivo de actualizar e mellorar as instalacións do Hospital Arquitecto Marcide, de Ferrol
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 36808 (12/PNC-003210)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que declare como ben de interese cultural a Alameda de Vigo, coñecida como praza de Compostela
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36814 (12/PNC-003211)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de recursos económicos para os concellos co fin de que poidan aplicar eficazmente o protocolo de prevención, detección e seguimento da violencia durante a prestación do SAF nos domicilios
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36819 (12/PNC-003212)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dunha mellora integral do sistema de saneamento e depuración dos concellos da Bola e Verea, así como de medidas para a recuperación da calidade das augas do río Ourille
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36834 (12/PNC-003213)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do desenvolvemento en Vigo durante 2026 dun programa de actividades para divulgar a figura e o legado de Begoña Caamaño
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36857 (12/PNC-003214)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa mellora en Galicia da rede de alta velocidade ferroviaria e da súa conexión con Madrid
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36859 (12/PNC-003215)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que impulse a construción da variante ferroviaria de Cerdedo para permitir a conexión directa da alta velocidade con Vigo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36943 (12/PNC-003216)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da inspección e do control de vivendas comunitarias e residencias privadas de maiores, especialmente na provincia de Ourense, para evitar casos como o de San Gabriel, en Xinzo de Limia, e o do Xardín, en Amoeiro
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36953 (12/PNC-003217)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre as diferentes liñas de actuación vencelladas á Axenda Galega do Litoral que a Xunta de Galicia debe desenvolver
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36955 (12/PNC-003218)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre diversas medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de sanidade vexetal
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 36976 (12/PNC-003219)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para pór en valor as investigacións relativas á memoria histórica desenvolvidas en Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36982 (12/PNC-003220)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no que concirne á investigación e divulgación da historia da represión franquista sufrida polas mulleres en Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36990 (12/PNC-003221)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore un plan dirixido á mellora dos centros sanitarios de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37001 (12/PNC-003222)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co fin de que colabore nas obras de emerxencia, protección, conservación e restauración forestal nos montes danados polos incendios
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 37003 (12/PNC-003223)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de incrementar a cogobernanza na xestión dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia, nomeadamente os dirixidos á xestión forestal
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37005 (12/PNC-003224)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre diversas actuacións que debe poñer en marcha o Goberno galego para a planificación das medidas de prevención dos incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37007 (12/PNC-003225)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Campero Dorado, Cristina e 8 máis
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia no que atinxe á colaboración das comunidades de montes veciñais en man común respecto da política de prevención dos incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37009 (12/PNC-003226)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto do control das persoas condenadas en firme por delitos relacionados cos incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37011 (12/PNC-003227)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España respecto do sistema de formación para a actualización profesional do colectivo dos traballadores autónomos
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 37013 (12/PNC-003228)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 37015 (12/PNC-003229)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 6 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central verbo das cotizacións sociais e da carga burocrática do colectivo de autónomos/as
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 37075 (12/PNC-003230)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37085 (12/PNC-003231)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre os compromisos que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co funcionamento e a información á cidadanía de Ferrol respecto do transporte urbano e interurbano
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:46
Nº Rexistro: 37227
Data envio: 20/10/2025 10:09:46.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/10/2 09:59 Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 20/10/2025 ás 09:59 Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 20/10/2025 ás 09:59 Por Ana Pontón Mondelo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre as condicións laborais do persoal que traballa nos centros de discapacidade, de menores e nas escolas infantís de Galiza e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola importancia de que o Parlamento se pronuncie coa máxima celeridade sobre este asunto que atinxe servizos públicos esenciais e dereitos sociais de poboación vulnerable.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:46
Nº Rexistro: 37227
Data envio: 20/10/2025 10:09:46.186

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 6 de novembro o persoal dos centros de persoas con discapacidade, centros de menores e das escolas infantís está chamado a unha xornada de folga pola mellora das súas condicións laborais e salariais.

Trátase de servizos públicos esenciais que están na súa maior externalizados quer en empresas privadas, quer en entidades sociais. Porén, malia atender poboación extremadamente vulnerable, desenvolven o seu traballo en condicións de precariedade e con salario que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional.

Así mesmo, as rateos de persoal son pírricas, non responden ás necesidades reais de atención sendo, tamén, que nin sequera sempre están garantidas.

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisible que sectores como os de protección e reforma de menores estean en mans de entidades privadas regulados, alén do máis, por un decreto de hai vinte anos. É inxustificábel que o persoal das escolas infantís de Galiza –sufragadas todas elas con cartos públicos-- conten con táboas salariais diferentes e que nunha mesma localidade poida haber traballadoras desenvolvemento o mesmo labor mais cobrando salarios completamente distintos.

De igual maneira, é indigno que as traballadoras e traballadores dos centros de discapacidade estean a percibir salarios que non chegan ao SMI con rateos por baixo do mínimo esixíbel para garantir unha atención de calidade.

Ao igual que acontece no sector das residencias ou do servizo de axuda no fogar, as máis de 5.000 traballadoras e traballadores destes máis de 500 centros dependentes da Consellaría de Política Social, levan anos reclamando mellores condicións laborais e mudanzas normativas que garantan os dereitos fundamentais das persoas usuarias. Porén, só recibiron o desprezo e o silencio do goberno do Partido

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:46
Nº Rexistro: 37227
Data envio: 20/10/2025 10:09:46.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Popular na Xunta a comezar polo da responsábel da Consellaría que nin sequera se dignou a recibilos.

Por todo o exposto anterioremente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a recibir de maneira inmediata a representación sindical das traballadoras e traballadores dos centros de menores, centros para persoas con discapacidade e escolas infantís e a abrir un proceso de diálogo coa parte social e a patronal co obxectivo de negociar convenios galegos nestes ámbitos que melloren as condicións laborais e salariais do seu persoal".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:46
Nº Rexistro: 37227
Data envio: 20/10/2025 10:09:46.186

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/10/2025 9:59:14
Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2025 9:59:23
Daniel Castro García na data 20/10/2025 9:59:30
Luis Bará Torres na data 20/10/2025 9:59:37
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2025 9:59:43
Paulo Ríos Santomé na data 20/10/2025 9:59:53
Rosana Pérez Fernández na data 20/10/2025 10:00:02
Ariadna Fernández González na data 20/10/2025 10:00:12
Iria Carreira Pazos na data 20/10/2025 10:00:26
José Manuel Golpe Acuña na data 20/10/2025 10:00:34
Secundino Fernández Fernández na data 20/10/2025 10:00:42
Carmela González Iglesias na data 20/10/2025 10:00:54
Sonia Vidal Lamas na data 20/10/2025 10:01:02
Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/10/2025 10:01:10
Saleta Chao Rivas na data 20/10/2025 10:01:18
Óscar Insua Lema na data 20/10/2025 10:01:25
María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2025 10:01:35
Ramón Fernández Alfonzo na data 20/10/2025 10:01:44
Alexandra Fernández Gómez na data 20/10/2025 10:01:52
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/10/2025 10:02:02
Mercedes Queixas Zas na data 20/10/2025 10:02:10
Cristina Fernández Davila na data 20/10/2025 10:02:16
Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2025 10:02:22
Iago Suárez Fernández na data 20/10/2025 10:02:29
Iria Taibo Corsanego na data 20/10/2025 10:02:35

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:46
Nº Rexistro: 37227
Data envio: 20/10/2025 10:09:46.186

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:09:47

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/10/2025 ás 11:31
Por Daniel Castro García
Asinado o día 20/10/2025 ás 11:30
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 20/10/2025 ás 11:30
Por Ana Pontón Mondelo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a anulación dos taxazos de SOGAMA e a necesidade dun novo modelo de xestión dos residuos municipais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de aprobar un acordo ao respecto antes de que se aproben os orzamentos da xunta para o 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Logo de comprobar o atraso da maior parte dos Estados no cumprimento do obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos municipais para o 2020, a UE lanzou en

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2018 unha nova Directiva de Residuos que establecía importantes modificacións normativas e obxectivos máis ambiciosos para 2025 e 2030.

https://eur-lex.europa.eu/ES/legal-content/summary/eu-waste-management-law.html

No caso do Estado español incumpríronse claramente os obxectivos do 50% en 2020 e pode haber un expediente sancionador por este motivo. No caso de Galiza, sitúase á cola do Estado en materia de reciclaxe, con unha porcentaxe en 2022 do 21%, moi lonxe do obrigatorio 50%. (Hai comunidades que si cumpriron ou están cerca de cumprir ese obxectivo).

Os malos resultados de Galiza explícanse porque a Xunta incumpriu as directrices do Plan estatal de residuos (PEMAR) e do Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022, que fixaba un obxectivo de recollida separada e tratamento de 245.000 toneladas de materia orgánica (agora denominada biorresiduos) e prevía a construción de 12 plantas de compostaxe e outras microplantas.

En lugar de levar a cabo estas medidas, a Xunta optou por unha deriva suicida de ampliación das instalacións de SOGAMA e de licitación de grandes contratos, co obxectivo declarado de tratar de maneira centralizada todos os residuos municipais xerados en Galiza, máis de 1 millón de toneladas/ano. Estes contratos, plurianuais e por valor de máis de 750 millóns de euros (a maioría co grupo ourensán VALTALIA-COPASA) é unha das causas principais do tensionamento das contas de SOGAMA e da necesidade de incrementar os ingresos

2. A Directiva Europea de Residuos establece entre outras cuestións a necesidade de penalizar a incineración e o depósito en vertedoiro, para desincentivar estas solucións finalistas e pouco sustentábeis e favorecer outras que encaixan no

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

criterio da economía circular como a prevención (non xeración de residuos), a recollida separada (especialmente dos biorresiduos), a reutilización e a reciclaxe.

En consonancia con estes criterios da Directiva Europea, *a Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular* creou un novo imposto denominado IDIRES (imposto ao depósito e incineración de residuos) que grava a incineración e o depósito en vertedoiro. Este imposto foi transferido á Xunta a finais de 2022, págao SOGAMA en función das toneladas que destina a incineración e vertedoiro e ingrésase nas contas da Facenda pública galega. Segundo datos de SOGAMA supuxo 9 millóns de euros en 2023 e prevén 12 millóns en 2024.

A Directiva Europea e a lexislación estatal prevén outras importantes novidades:

-A recollida separada dos biorresiduos desde comezos de 2024 (preferentemente para a compostaxe aínda que tamén prevé a produción de biogás)

-A recollida separada de mobles, enseres, residuos téxtiles antes do 1 de xaneiro de 2025 (neste caso establece a previsión de contratos reservados).

-A posibilidade de crear sistemas de devolución e retorno de certos envases fronte ao monopolio de ECOEMBES)

-A repercusión no recibo do lixo dos custos do servizos (aquí entra tamén o pago por xeración...)

-A realización obrigatoria de plans de xestión e opcional de plans de prevención.

-Outros temas importantes como a aprobación de ordenanzas e servizos de inspección.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A maiores, fixa uns obxectivos máis ambiciosos de reciclaxe, que teñen que cumprir os Estados e as comunidades, que teñen as competencias de planificación e ordenación.

3. A decisión do goberno galego de aprobar un novo taxazo de SOGAMA en 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, supuxo un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasou dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Esta taxa de 108 euros pode verse reducida en 13 euros por tonelada no caso de cumprimento dunha serie de condicións (redución do 1% na produción de residuos; incrementar o 3% ou máis a recollida selectiva de envases, latas, briks ou da fracción orgánica).

4. Aínda que o goberno galego elaborou un relato para xustificar este taxazo atribuíndo as causas a factores externos (fundamentalmente a decisións do goberno central), a realidade é que o desfase nas contas de SOGAMA ten que ver co fracaso do sistema de xestión de residuos maioritario en Galiza e con unha estratexia expansiva de ampliación de SOGAMA con grandes contratos que incrementaron de maneira exponencial os gastos da sociedade.

Podemos dicir, polo tanto, que a Xunta impuxo que os concellos pagasen a factura da súa mala xestión e de decisións erradas en materia de residuos. E malia que Galiza incumpre os obxectivos fixados pola normativa europea, estatal e galega en relación coa recollida separada, reutilización e reciclaxe de residuos, o goberno galego comete o erro de eliminar os poucos incentivos que había en favor deses obxectivos.

Por outra parte estamos nun momento de grandes cambios normativos e no modelo de xestión de residuos, polo que este tema debería ser obxecto dun grande debate e de acordos políticos e institucionais. Fronte a esta necesidade de acordos, o

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

goberno do PP aposta polos feitos consumados e as decisións unilaterais que blindan decisións do pasado sen ningún tipo de análise e autocrítica. O proceso seguido para a aprobación do Plan de Xestión dos Residuos Municipais de Galiza é un bo exemplo da falta de diálogo e da unilateralidade.

Por todo o exposto anterioremente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Anular os taxazos impostos por SOGAMA en 2024-2025 e abrir un proceso de diálogo coas entidades locais en relación co modelo de xestión dos residuos municipais e os seus custos. Con este obxectivo, constituirase unha comisión de traballo entre Sogama, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP.

2. Destinar a recadación do imposto derivado da Lei 7/22 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular a programas de prevención, redución e reciclaxe dos residuos municipais, en colaboración cos concellos.

3. Establecer un sistema de bonificacións graduais na taxa que pagan os concellos a SOGAMA, aplicando incentivos relacionados co cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Promover a redución da xeración de residuos establecendo obxectivos anuais e plurianuais.

b) Incrementar a reciclaxe das diferentes fraccións dos residuos municipais.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Implantar a recollida separada de materia orgánica e instaurar sempre que sexa posíbel un programa de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

d)Trasladar a rebaixa das taxas aos recibos da veciñanza, supeditada ao cumprimento dunha serie de criterios ambientais e sociais.

4. Iniciar un programa de colaboración coas entidades locais en materia de residuos, coas seguintes liñas de actuación:

-Colaboración e asesoramento para a elaboración e aprobación de ordenanzas municipais de residuos, así como de plans de prevención e xestión de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a posta en marcha de servizos de inspección de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a implantación de sistemas de recollida separada de biorresiduos e doutras fraccións (téxtiles, enseres, mobiliario) de recollida separada obrigatoria a partir de 2025.

-Colaboración no establecemento de taxas ou prestacións patrimoniais, que permitan implantar o pagamento por xeración e que reflictan o custo real da recollida, transporte e tratamento dos residuos.

5. Promover campañas de sensibilización e concienciación social para favorecer o consumo responsábel, así como a importancia da separación en orixe para a posterior reutilización e reciclaxe.

6. Impulsar e mellorar a compostaxe, apoiando as iniciativas promovidas por concellos (mediante o fomento da compostaxe domiciliaria e comunitaria) e tamén a entidades públicas e privadas que polas súas características xeren gran volume de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

biorresiduos (comedores públicos, comedores sociais, restauración, superficies comerciais, etc).

7. Priorizar a compostaxe dos biorresiduos municipais fronte a outras opcións menos sustentábeis como a biometanización.

8. Ampliar a rede de plantas de compostaxe de biorresiduos existentes en Galiza, co obxectivo de garantir o tratamento da parte destes materiais que non se poida xestionar con tratamentos de proximidade (compostaxe domiciliaria e comunitaria). Neste contexto, fomentaranse tamén experiencias de agrocompostaxe.

9. Establecer mecanismos de colaboración cos diferentes sistemas de xestión de residuos que existen no territorio galego, aproveitando os aspectos positivos de cada un e corrixindo os erros.

10. Elaborar unha proposta sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, co obxectivo de acadar un acordo de país en materia de residuos que deberá ser refrendado polos grupos parlamentares no prazo máximo de seis meses".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/10/2025 11:30:41
Luis Bará Torres na data 20/10/2025 11:30:52
Daniel Castro García na data 20/10/2025 11:31:02
Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2025 11:31:10
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2025 11:31:23
Paulo Ríos Santomé na data 20/10/2025 11:31:40
Rosana Pérez Fernández na data 20/10/2025 11:31:52
Ariadna Fernández González na data 20/10/2025 11:32:00
Iria Carreira Pazos na data 20/10/2025 11:32:10
José Manuel Golpe Acuña na data 20/10/2025 11:32:19
Secundino Fernández Fernández na data 20/10/2025 11:32:29
Carmela González Iglesias na data 20/10/2025 11:32:37
Sonia Vidal Lamas na data 20/10/2025 11:32:48
Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/10/2025 11:32:59
Saleta Chao Rivas na data 20/10/2025 11:33:08
Óscar Insua Lema na data 20/10/2025 11:33:17
María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2025 11:33:26
Ramón Fernández Alfonzo na data 20/10/2025 11:33:35
Alexandra Fernández Gómez na data 20/10/2025 11:33:48
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/10/2025 11:33:57
Mercedes Queixas Zas na data 20/10/2025 11:34:05
Cristina Fernández Davila na data 20/10/2025 11:34:12
Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2025 11:34:18
Iago Suárez Fernández na data 20/10/2025 11:34:24
Iria Taibo Corsanego na data 20/10/2025 11:34:31

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:49
Nº Rexistro: 37247
Data envio: 20/10/2025 11:43:49.566

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 11:43:50

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:10:27
Nº Rexistro: 36430
Data envio: 10/10/2025 10:10:27.989

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López** e **Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Nunha recente entrevista a ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez, asegurou que xa se entregaron sobre 100.000 vivendas das máis de 180.000 prometidas polo presidente do Goberno, Pedro Sánchez, durante a campaña electoral.

Esta afirmación contrasta coa realidade que perciben os cidadáns, sobre o terreo, e as propias comunidades autónomas que non contan co apoio preciso da administración do Estado para facer fronte ao reto de dispoñer de máis vivendas a prezos accesibles.

De feito, en Galicia descoñecemos onde están emprazadas esas vivendas entregadas polo Ministerio, cal é o número destes inmobles posto a disposición da cidadanía e cando se fixeron efectivas a entrega de chaves aos seus propietarios ou adxudicatarios.

Parece evidente que a acción de propaganda do Goberno de España supera amplamente a realidade obviando que afrontar un problema como o da vivenda esixe sumar esforzos de todas as administracións, cada quen desde o seu marco competencial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:10
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:10:27
Nº Rexistro: 36430
Data envio: 10/10/2025 10:10:27.989

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, nun exercicio de transparencia e rendición de contas, identifique cales son as vivendas que o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana construíu en Galicia, nos últimos cinco anos, o seu emprazamento e a data na que tivo lugar a súa entrega efectiva".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:10:27
Nº Rexistro: 36430
Data envio: 10/10/2025 10:10:27.989

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 10:10:14

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:10:27
Nº Rexistro: 36430
Data envio: 10/10/2025 10:10:27.989

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:10:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:50:17
Nº Rexistro: 36438
Data envio: 10/10/2025 10:50:17.597

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Magdalena Pérez Millares,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A dignidade das mulleres é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese. A sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e, de maneira ineludible, debe ser garantida por todos os poderes públicos. En contraste, hoxe nos atopamos cun Executivo estatal que lonxe de velar pola dignidade das mulleres, fai todo o contrario; e iso a pesar de autodefinirse como "o máis feminista da historia".

Os escándalos relacionados co Goberno de España que saíron á luz nos últimos anos xeraron unha profunda alarma e indignación por parte dos cidadáns, en especial polas mulleres. As novas investigacións relacionados con redes de prostitución ou con conversacións nas que se cousificaba e deshumanizaba a mulleres tratándoas como mero obxecto de consumo sexual, representan graves episodios, dignos de reproche e rexeitamento.

Ao mesmo tempo que se coñecían todos estes escándalos, as malas noticias seguían aflorando: as agresións sexuais e violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen crecendo as vítimas de trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGén e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas, como resultado da aplicación da nefasta Lei coñecida como a do "Só si é si".

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:50
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:50:17
Nº Rexistro: 36438
Data envio: 10/10/2025 10:50:17.597

As mulleres e a sociedade no seu conxunto necesitan gobernos á altura das circunstancias, que tome medidas para erradicar a trata de persoas e os delitos contra a liberdade sexual, que persiga aos delincuentes, que apoie ás vítimas e que trate con dignidade e respecto a todas as mulleres.
Nesta liña, son alarmantes os datos que evidencian que o Sistema de Protección ás Mulleres vítimas de Violencia de Xénero, o coñecido como sistema VioGén que recentemente se actualizou no VioGén 2, segue tendo importantes fallos e lagoas que se evidencian no feito de que 12 das 48 mulleres asasinadas por mans das súas parellas ou exparejas no ano 2024 estivesen xa dentro do sistema VioGén sen que servise para nada. Dentro dun sistema que non lles protexeu, que non lles amparou, que lles fallou.

A realidade de trata de persoas no conxunto de España é arrepiante. Segundo os datos do propio Ministerio do Interior, en 2024 aumentou o número de vítimas un 22%. E en canto ás persoas en situación de risco, alcanzouse o récord histórico das 7.697 persoas, aumentando nun ano un 9%, pero o que é máis grave, duplicándose a cifra en tan só 4 anos.

Sorprende diante destas alarmantes cifras, o Goberno siga sen tomar medidas e continúe alongando os prazos dun Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra trata e a explotación de seres humanos, demostrando o seu nulo interese no avance do mesmo e incumprindo de maneira inxustificada co mandato do Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado en 2017 e recentemente renovado.

En canto á realidade sobre os delitos contra a liberdade sexual, os datos son especialmente alarmantes. Segundo a información achegada polo Ministerio do Interior a través dos seus balances trimestrais de criminalidade e do informe sobre delitos contra a liberdade sexual que publica anualmente, as agresións sexuais non paran de crecer. Desde que Sánchez está no Goberno, as violacións duplicáronse. En 2024 superáronse as 5.000 agresións con penetración, o que supón que se comenten máis de 14 violacións ao día en España, é dicir, unha violación cada menos de dúas horas.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

E mentres as violacións e as agresións non deixan de crecer, a sociedade segue coñecendo novas sentenzas con rebaixas de condenas a violadores e pederastas ao aplicarse a nefasta Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do "Só si é si".

As consecuencias desta norma son tan graves que o Goberno optou por ocultar aos españois o número de agresores sexuais que se beneficiaron dela.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

A dor que se volveu a inflixir ás vítimas, que viron como se reducían as condenas aos seus agresores ou, mesmo, saían á rúa, é de tal magnitude, que é inaceptable ver como a día de hoxe ninguén asumiu responsabilidades políticas abandonando totalmente ás vítimas das agresións sexuais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1.- Acelerar a aprobación dunha lei integral contra a trata e a explotación de seres humanos, tal e como queda recollido na renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que sexa implacable contra as mafias e organizacións criminais que a exercen e que dote ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado de maiores ferramentas e máis formación, co obxectivo de erradicar esta lacra.

2.- Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de trata e explotación de seres humanos.

3.- Recoñecer as nefastas consecuencias da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual e a facer públicos os datos referentes aos condenados que se viron beneficiados con reducións de condenas e excarceracións desde a entrada en vigor da lei.

4.- Adoptar medidas concretas para paliar a revictimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

5.- Impulsar medidas para fortalecer o sistema VioGen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

6.- Aumentar os efectivos policiais como medida na loita para erradicar os delitos de violencia de xénero.

7.- Asumir as responsabilidades e pedir perdón ás vítimas diante do gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola Fiscalía Xeral.

8.- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.

9.- Informar sobre cantas vítimas quedáronse sen protección, cantos procesos xudiciais víronse afectados e cantos maltratadores beneficiáronse polo fallo do sistema COMETA desde o 20 de marzo de 2024.

10.- Garantir a protección ás vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a soportar este transo con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:50:17
Nº Rexistro: 36438
Data envio: 10/10/2025 10:50:17.597

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 10:50:01

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:50:17
Nº Rexistro: 36438
Data envio: 10/10/2025 10:50:17.597

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:50:18

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:53:31
Nº Rexistro: 36440
Data envio: 10/10/2025 10:53:31.047

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 10/10/2
10:42
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

Van xa moitos anos falando das Unidades de Atención a Persoas Drogodependentes (UMAD), cuxos titulares son os concellos e, en concreto, de que estas unidades sexan asumidas pola Xunta de Galicia que é a autoridade competente.

Só lembrar que a Lei xeral de sanidade di: "Son os departamentos de Saúde das comunidades autónomas as que exclusivamente teñen as competencias de atención sanitaria das diferentes enfermidades"

E non é discutible que o Sistema Nacional de Saúde debe asumir a asistencia ás persoas drogodependentes en termos de igualdade e equidade como sucede co resto dos pacientes.

Como tampouco é discutible que a Oficina de Nacións Unidas para o control da droga considera imprescindible a integración dos servizos de tratamento e rehabilitación das persoas drogodependentes nos sistemas sanitarios xenerais, descartando a creación de redes paralelas específicas.

Pero os concellos que son titulares das Unidades de Atención a Drogodependencia, ven que o proceso de transferencias das devanditas unidades á Xunta de Galicia apenas ou nada avanza.

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:42
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:42
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

En outubro de 2024, presentamos unha iniciativa porque a Xunta non cumprira o cronograma remitido unilateralmente pola propia Xunta para abordar o traspaso das UMAD.

Pero tras varias reunións mantidas, tras a remisión de toda a documentación solicitada pola Xunta aos concellos, de novo a Comunidade Autónoma segue incumprindo os prazos fixados por ela mesma.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia que remita á Fegamp e aos concellos afectados o borrador do Decreto, ou a norma que se considere máis adecuada, no que se prevea a transferencia das Unidades de Atención a Drogodependentes á Xunta de Galicia, antes de finalizar o ano 2025.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:53:31
Nº Rexistro: 36440
Data envio: 10/10/2025 10:53:31.047

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 10:42:11
Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 10:42:19
José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 10:42:27

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:53:31
Nº Rexistro: 36440
Data envio: 10/10/2025 10:53:31.047

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:53:31

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:26
Nº Rexistro: 36442
Data envio: 10/10/2025 12:06:26.969

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 10/10/2
12:03
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Óscar Insua Lema** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o impulso definitivo do hospital de oncoloxía no Hospital público comarcal da Costa da Morte.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:03
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos escoitando aos membros do goberno da Xunta de Galiza, sobre todo en campañas electorais, que no Hospital comarcal da Costa da Morte imos ter un hospital de día oncolóxico. O Consello de Goberno anunciou en xaneiro que a Xunta habilitaba este ano hospitais de día onco-hematolóxicos en Barbanza e en Cee, destinando 1,4 M€ ás obras das novas instalacións, prevéndose un maior esforzo no Hospital Público da Barbanza, onde é preciso construír un novo espazo para albergar o servizo, e estimando que o hospital de día "Virxe da Xunqueira" asistirá a 365 doentes, que evitarán o desprazamentos a Santiago de Compostela e A Coruña, e posibilitando o acceso a tratamentos especializados para enfermidades oncolóxicas e hematolóxicas como quimioterapia e transfusións, sen necesidade de desprazamento nin de hospitalización prolongada.

O 22 de maio deste ano, este mesmo deputado preguntou na Comisión 5ª de sanidade sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da habilitación no Hospital Comarcal da Costa da Morte do hospital de día oncohematolóxico, así como as características que definían o proxecto e o seu estado de tramitación. As preguntas foron respostadas polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, o Sr. Alfredo Silva, o cal afirmaba nesa comisión que as obras de acondicionamento do espazo e dotación de equipamento para o hospital oncolóxico tiña un prazo de execución de tres meses, e que as obras comezarían nas vindeiras semanas aproveitando o período estival e vacacional para interferir o menos posible na actividade do Centro sanitario.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:03
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:26
Nº Rexistro: 36442
Data envio: 10/10/2025 12:06:26.969

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasou o verán, e as obras de reacondicionamento seguen sen rematar, e a promesa de que o hospital de día estaría en funcionamento no mes de outubro non se cumpriu. Así mesmo, non se coñece proceso algún para dotar do persoal necesario para atender este novo servizo, o que indica que as previsións iniciais non se van a cumprir, polo que é preciso impulsar todas as medidas para conseguir que o centro oncolóxico de día comece a funcionar este mesmo ano e o máis axiña posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate no Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rematar as obras de acondicionamento do servizo onco-hematolóxico e dotalo de equipamento, axilizando todos os trámites necesarios para poñelo en funcionamento no vindeiro mes de novembro."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:26
Nº Rexistro: 36442
Data envio: 10/10/2025 12:06:26.969

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 10/10/2025 12:03:24
María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2025 12:03:31
Iria Carreira Pazos na data 10/10/2025 12:03:37
Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2025 12:03:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:26
Nº Rexistro: 36442
Data envio: 10/10/2025 12:06:26.969

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:06:27

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:48:39
Nº Rexistro: 36455
Data envio: 10/10/2025 12:48:39.204

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 10/10/2
12:40
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

O Concello de Oia conta con aproximadamente 3.075 habitantes. Con un descenso da poboación dende o 2023, aínda que non moi pronunciada. Pero se hai un dato claro é que case un terzo da súa poboación supera os 65 anos.

Isto tradúcese en máis necesidades sociais, dependentes e illamento para persoas maiores.

Xa en novembro do ano 2024, os socialistas pedimos que se incluíse nos orzamentos do ano 2025, unha partida para a posta en marcha dun centro de dia. E a día de hoxe nada se sabe.

Queremos reiterar esta demanda, e que esta demanda se inclúa no compromiso da Xunta de Galicia de financiar novos centros sociais municipais destinados á atención de maiores, inclusive centros de día, no marco do Plan de equipamentos sociais.

E non temos evidencia clara de que Oia figure entre os concellos previstos para ter un centro de día, a pesares de cumprir criterios claros de vulnerabilidade: baixa densidade poboacional, elevada proporción de persoas maiores, distancias grandes aos centros de servizos, despoboamento do rural.

Asinado o día 10/10/2025 ás 12:39
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás 12:39
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

A falta dun centro de día no concello obriga aos maiores a desprazamentos longos para recibir atención diúrna, iso agrava o illamento, sobrecarga de coidadores familiares, e pode atrasar ou prexudicar intervencións preventivas ou de mantemento da autonomía.

Ademais, a falta deste servizo constitúe unha manifestación máis dunha política da Xunta con déficits claros nos servizos sociais básicos, particularmente nas áreas rurais, onde o PP gobernante adoita descoidar as persoas que non teñen voz ou non están en urbes.

O Grupo Socialista demanda compromisos reais, con partidas orzamentarias claras e prazos vinculantes, para que Oia conte con centro de día.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

1. Estudar a radicación óptima en Oia para un centro de día para maiores —preferiblemente en núcleo ben comunicado— e comprometer un calendario para a súa planificación, infraestruturas e funcionamento, e inicio de actividade.

2. Asignar no próximo orzamento autonómico unha partida orzamentaria específica para dotar a Oia dun centro de día.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:48:39
Nº Rexistro: 36455
Data envio: 10/10/2025 12:48:39.204

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 12:39:51
Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 12:39:58
Patricia Iglesias Rey na data 10/10/2025 12:40:05
José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 12:40:12

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:48:39
Nº Rexistro: 36455
Data envio: 10/10/2025 12:48:39.204

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:48:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:54:28
Nº Rexistro: 36481
Data envio: 10/10/2025 13:54:28.921

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 10/10/2
13:51
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

A principios de outubro, coñecemos o informe correspondente aos datos da listaxe de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a 30 xuño 2025.

Que nos sitúan en 360.450 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, incluído a Povisa. E en 358.039 sen Povisa. (Indicamos Povisa porque é como figura nos citados listados e non coa nova denominación).

Corresponderíanse con 127.891 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 193.336 pendentes dunha consulta e 49.223 pendentes dunha cirurxía.(ou 46.812 sen Povisa).

É triste, pero segue aumentando o número de persoas en listaxe de agarda, e isto a pesares do efecto da diminución do número de esperas en consultas, dado que as persoas pendentes dunha cirurxía aumentaron e as probas diagnósticas tamén.

O conselleiro dixo na presentación dos datos do ano 2024: “Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Asinado o día 10/10/2025 ás 13:51
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás 13:51
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o problema e que no caso das cirurxías con prioridade 1, tamén aumentaron tanto os días de agarda como o número de persoas en agarda.

E, efectivamente, é un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E con isto referímonos á accesibilidade e non á calidade que a consideramos garantida cando se accede, pero o problema e acceder.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha mecanismos e instrumentos concretos que leven a rebaixar o tempo de espera nas consultas, nas probas diagnósticas e nas cirurxías e marcándose un obxectivo medible.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:54:28
Nº Rexistro: 36481
Data envio: 10/10/2025 13:54:28.921

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 13:51:36
Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 13:51:45
José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 13:51:53

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:54:28
Nº Rexistro: 36481
Data envio: 10/10/2025 13:54:28.921

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 13:54:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:41:43
Nº Rexistro: 36486
Data envio: 10/10/2025 16:41:43.909

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia conta coa principal frota de cerco do Estado, un sector estratéxico que xera emprego directo e indirecto en decenas de portos galegos e que depende das cotas de especies fundamentais como a sardiña e o bocarte (anchoa).

Porén, os actuais repartos de posibilidades de pesca establecidos pola Unión Europea e acordados entre España e Portugal resultan profundamente inxustos para Galicia. Segundo datos coñecidos, Portugal recibe o 66,5 % da cota da sardiña ibérica e o 90 % do bocarte nas augas comprendidas entre Fisterra e a fronteira sur portuguesa, mentres que Galicia, con máis barcos e maior dependencia socioeconómica destas pesqueiras, queda nunha posición claramente discriminada.

A situación agrávase porque, ademais, dentro do propio reparto español, a sardiña distribúese cun 58,45 % para o noroeste (onde opera a frota galega) e un 41,54 % para o Golfo de Cádiz, malia ser Galicia o territorio onde máis peso ten a actividade do cerco.

Estes desequilibrios ameazan a viabilidade de moitas confrarías e empresas galegas, mentres outros territorios se benefician dun sistema de cupos que non responde nin ao esforzo pesqueiro nin ao impacto social real do sector.

Resulta, polo tanto, necesario que Galicia defenda ante o Goberno de España e a Unión Europea un reparto máis equitativo e adaptado á realidade produtiva e

Asinado o día 10/10/2025 ás 16:41
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

social galega, así como que se abra unha revisión dos criterios históricos de distribución das cotas de sardiña e bocarte, incorporando datos actualizados de actividade, rendemento e dependencia económica das frotas.
Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Solicitar formalmente ao Goberno de España que defenda ante a Comisión Europea unha revisión do actual sistema de reparto das cotas de sardiña e bocarte entre España e Portugal, co obxectivo de garantir un trato máis xusto para Galicia, proporcional á súa frota e ao seu peso económico e social no sector do cerco.

2.- Reclamar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que impulse unha mesa técnica con representación da frota galega de cerco, das confrarías e das comunidades autónomas afectadas, para propoñer criterios obxectivos de redistribución baseados en datos reais de actividade e dependencia.

3.- Defender ante a Unión Europea a necesidade de revisar os criterios históricos de asignación das cotas ibéricas, adaptándoos á evolución das poboacións mariñas, á sustentabilidade e ao impacto socioeconómico nas comunidades costeiras.

4.- Manter o apoio técnico e institucional da Xunta de Galicia á frota galega de cerco, tanto no asesoramento científico como na representación ante o Estado e a UE, para que Galicia teña voz e voto nas decisións que afectan ao seu futuro".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:41:43
Nº Rexistro: 36486
Data envio: 10/10/2025 16:41:43.909

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 16:41:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:41:43
Nº Rexistro: 36486
Data envio: 10/10/2025 16:41:43.909

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 16:41:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:50:11
Nº Rexistro: 36490
Data envio: 10/10/2025 16:50:11.290

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia é líder europeo na industria transformadora e conserveira de produtos do mar, con centros produtivos que xeran miles de empregos directos e indirectos, especialmente nas comarcas costeiras. Vigo e a súa área industrial concentran unha parte esencial da actividade do sector, con empresas que exportan a máis de cen países e que representan un piar da economía azul galega.

O recente acordo alcanzado entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos para manter as preferencias arancelarias nos produtos pesqueiros importados, incluídos os procedentes do Sáhara Occidental, constitúe unha noticia moi positiva para o conxunto do sector.

Segundo datos da patronal Anfaco-Cecopesca, este pacto evitará un impacto estimado de máis de 30 millóns de euros anuais en taxas arancelarias e garante a continuidade dos fluxos comerciais por valor de máis de 600 millóns de euros anuais.

Asinado o día 10/10/2025 ás 16:49
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Trátase dun acordo que achega seguridade xurídica, estabilidade e confianza ás empresas galegas, asegurando que a UE manteña un marco de comercio xusto e previsible co seu principal socio pesqueiro no Atlántico sur. Ademais, o novo protocolo de asociación respecta plenamente as condicións establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), identificando a orixe dos produtos e someténdoos ao control aduaneiro marroquí.

Neste contexto, é necesario que Galicia exprese o seu apoio a todas aquelas medidas europeas que garantan un marco estable de relacións comerciais e permitan consolidar a competitividade da nosa industria conserveira e transformadora, exemplo de calidade, innovación e sostibilidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Apoiar institucionalmente o novo acordo de asociación comercial entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, no que se manteñen as preferencias arancelarias para os produtos pesqueiros, por consideralo estratéxico para a industria galega.

2.- Solicitar ao Goberno de España que defenda no seo da UE a necesidade de manter a estabilidade e seguridade xurídica nas relacións comerciais con

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Marrocos, garantindo sempre o cumprimento das condicións establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

3.- Reforzar o acompañamento institucional ao sector conserveiro galego, apoiando as súas accións de internacionalización, competitividade e sostibilidade no marco de feiras e eventos internacionais como Conxemar ou Anuga.

4.- Promover campañas de divulgación e recoñecemento do valor estratéxico da industria conserveira galega, que é un dos principais motores económicos e laborais do país, especialmente nas zonas costeiras".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:50:11
Nº Rexistro: 36490
Data envio: 10/10/2025 16:50:11.290

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 16:49:55

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:50:11
Nº Rexistro: 36490
Data envio: 10/10/2025 16:50:11.290

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 16:50:11

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:00:15
Nº Rexistro: 36598
Data envio: 13/10/2025 12:00:15.956

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/10/2
11:57
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa aos últimos datos das listas de espera do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cos segundos peores datos de Galiza, e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 13/10/2025 ás 11:57
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As altas listas de agarda por unha consulta hospitalaria na Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras son unha constante e, da mesma maneira que no resto de Galiza, aínda non recuperaron os índices pre pandemia, máis alá da reiterada manipulación e falta de transparencia respecto da realidade das listas de agarda estruturais denunciada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galega, polas profesionais e pola Plataforma en defensa da sanidade pública galega. Neste sentido, no noso país é negada sistematicamente a transparencia e impídese unha análise rigorosa do conxunto das listas de agarda porque se oculta a información real ao eliminar a todas aquelas persoas que son contactadas para ofrecerlle unha derivación á privada. Cando a persoa consultada rexeita esta proposta é eliminada a efectos de estatística como se realmente esa persoa xa fora atendida. Ademais, cómpre ter en conta unha práctica normalizada en moitas especialidades e centros consistente en indicar á persoa que vai agardar que “será citado ou citada telefonicamente” deixando a cita “en buzón”. Polo tanto, podemos afirmar que estes datos de listas de agarda son realmente maiores do que recoñece o goberno galego.

Asinado o día 13/10/2025 ás 11:57
Por Noa Presas Bergantiños

Canto á realidade ourensá, na primeira quincena de outubro de 2025 coñecíanse os datos da Consellaría de Sanidade respecto ás listas de agarda ata o mes de xuño de 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:00:15
Nº Rexistro: 36598
Data envio: 13/10/2025 12:00:15.956

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia a aparente mellora, hai que ter en conta que as listas de agarda son as segundas peores de Galiza e que neste ano 2025 a Xunta de Galiza continuou a súa deriva privatizadora amparando un concerto coa sanidade privada de Vigo que ademais agrava a obrigatoriedade de desprazamentos para as e os doentes. Así mesmo, hai especialidades aínda colapsadas como Oftalmoloxía e rehabilitación por riba dos 100 e 90 días e, por outra banda, preocupa o dato de Cirurxía xeral e dixestiva por riba da media galega de 50 días, rozando os 60.

Ademais, é preciso salientar que, como xa ten denunciado reiteradamente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, recentemente coñeciamos un demoledor informe do Consello de Contas que fiscaliza a asistencia sanitaria con medios alleos da macroárea sanitaria de Ourense, Verín e O Barco. Entre as conclusións do citado informe sinálase que no 2022, que é o ano estudado, en Ourense aumentou con máis intensidade a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos: se en Galiza aumentou un 5%, na macroárea, un 6,8%. É máis, a área de Ourense é a área de Galiza na que máis aumentou e máis peso ten a derivación á privada (cun peso do 20%). Para máis inri, no ano 2025 o goberno galego impulsou un macro contrato á privada de Vigo, a través de Vithas, que implica máis desprazamentos para a cidadanía que ten como referencia a atención hospitalaria ourensá.

Os datos coñecidos recentemente amosan que estas fórmulas non están a servir para paliar adecuadamente a lista de agarda e que a Xunta non impulsa medidas para atraer profesionais, empeorando cada vez máis a capacidade e a calidade asistencial.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a constituír de forma urxente unha mesa de traballo na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras na que se aborden os

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:00:15
Nº Rexistro: 36598
Data envio: 13/10/2025 12:00:15.956

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

problemas estruturais dos hospitais e das especialidades con maiores problemas de funcionamento, singularmente oftalmoloxía e rehabilitación, avaliando medidas para a atracción de persoal e abordando as melloras necesarias para incentivar a contratación, como o aumento da duración e estabilidade dos contratos e medidas de formación e/ou investigación para facer atractivas as prazas."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:00:15
Nº Rexistro: 36598
Data envio: 13/10/2025 12:00:15.956

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2025 11:57:11
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/10/2025 11:57:23
María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2025 11:57:35
Iria Carreira Pazos na data 13/10/2025 11:57:44
Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2025 11:57:50

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:00:15
Nº Rexistro: 36598
Data envio: 13/10/2025 12:00:15.956

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:00:16

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:38:38
Nº Rexistro: 36605
Data envio: 13/10/2025 12:38:38.184

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 13/10/2
12:33
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:32
Por Patricia Iglesias Rey

A educación inclusiva é un dereito fundamental recoñecido tanto pola Constitución Española como pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como pola Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta normativa obriga ás administracións públicas a garantir a igualdade de oportunidades e a plena participación do alumnado con discapacidade no sistema educativo.

Porén, en Galicia seguen producíndose situacións que vulneran estes dereitos. Un caso recente afecta a un alumno do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, en Noia, con recoñecida discapacidade do 100 % e grao de dependencia 3, usuario do servizo de transporte escolar adaptado. Segundo denuncia a súa familia, o menor vese obrigado a abandonar o centro 30 minutos antes da hora oficial de saída, debido á organización do servizo de transporte, que prioriza cuestións de conveniencia da empresa concesionaria sobre o dereito do alumno a asistir á totalidade do horario lectivo.

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:32
Por Aitor Bouza Manso

Esta situación vulnera o dereito do neno a recibir unha educación en igualdade de condicións, ademais de afectar negativamente ao seu proceso de aprendizaxe, socialización e integración escolar. A familia ten presentado reiteradas reclamacións ante a Consellería de Educación sen obter resposta nin solución efectiva.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSdeG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Resulta inaceptable que en pleno 2025 o alumnado con discapacidade siga sufrindo recortes de feito no seu dereito á educación por deficiencias na planificación do transporte escolar adaptado, que debería garantir a asistencia completa ás clases e responder ás necesidades individuais do estudantado, e non ás conveniencias organizativas das empresas adxudicatarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o dereito do alumnado con discapacidade usuario do transporte adaptado a asistir á totalidade do horario lectivo, adoptando as medidas organizativas necesarias para que ningún alumno ou alumna teña que abandonar o centro antes da hora oficial de saída.
2. Revisar o funcionamento e os contratos das empresas concesionarias do transporte adaptado, co fin de asegurar que a súa organización priorice sempre os dereitos educativos do alumnado e non criterios de conveniencia empresarial.
3. Dar resposta ás familias afectadas e establecer un protocolo específico de atención e resolución de incidencias relacionadas co transporte escolar adaptado, garantindo unha comunicación áxil e efectiva coa Administración educativa.

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:38:38
Nº Rexistro: 36605
Data envio: 13/10/2025 12:38:38.184

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/10/2025 12:32:48
Patricia Iglesias Rey na data 13/10/2025 12:32:56
Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 12:33:02
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 12:33:09

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:38:38
Nº Rexistro: 36605
Data envio: 13/10/2025 12:38:38.184

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:38:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36640
Data envio: 13/10/2025 16:25:31.932

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 13/10/2
16:22
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialistas, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Peno.**

A principios do outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño de 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de consultas e nos tempos dalgunhas probas diagnósticas na Area Sanitaria de Vigo.

Pero preocúpanos moito o aumento tan importante nos días de espera para as cirurxías. Que ademais se sitúa por enriba da media galega. E outro dato tamén moi preocupante e o do aumento dos tempos de espera para cirurxías de prioridade 1, que non só aumentan e pasan de 17,4 días de espera a 19, senón que tamén superan a media galega. E o mesmo sucede co aumento dos días de espera en radioloxía ou en medicina nuclear.

Por iso que con estes datos na man, non é estraño que a xente se preocupe polas listas de espera na Area Sanitaria de Vigo.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E,

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:21
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:21
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos se produza coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, se converteron nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen a descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, en cirurxía de prioridade 1 e radioloxía.

Parlamento de Galicia, 13 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36640
Data envio: 13/10/2025 16:25:31.932

Grupo
Parlamentario
Socialista

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
128160
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36640
Data envio: 13/10/2025 16:25:31.932

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 16:21:34
Carlos López Font na data 13/10/2025 16:21:41
Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 16:22:07
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 16:22:15

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36640
Data envio: 13/10/2025 16:25:31.932

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:25:32

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36646
Data envio: 13/10/2025 16:27:28.049

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/10/2
16:26
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as necesidades do servizo de pediatría en Cambre, Carral e Oleiros.

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:25
Por Ana Pontón Mondelo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o persoal de pediatría co que contan os centros de saúde de Oleiros (A Covada, Mera, Perillo, Santa Cruz) é:

- 1 profesional que atende en quenda deslizante de mañá e tarde no centro de Saúde de Santa Cruz, desprazándose dúas mañás á semana ao centro de saúde de Mera;

- 2 profesionais na quenda de mañá, 1 profesional na quenda da tarde en Perillo.

Os centros de saúde de Oleiros atenden 36.000 usuarios e usuarias, dos cales máis de 4.000 son nenos e nenas.

Os centros de saúde de Cambre (Cambre e O Temple) contan con 4 pediatras:

- 3 en Cambre: 1 atende en horario de mañá e outro atende 4 días á semana 1 hora e media en horario de mañá); 1 atende 4 días á semana en horario de tarde e 1 en horario de mañá);

- 1 no Temple, en horario de mañá.

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:25
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36646
Data envio: 13/10/2025 16:27:28.049

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O servizo de atención primaria de Cambre e Carral (estes dous servizos teñen o servizo compartido) ten unha poboación asignada de máis de 31.000 habitantes, dos cales máis de 3.500 son nenos e nenas.

A maior parte dos profesionais de pediatría teñen, neste momento e desde hai tempo, as cotas pechadas. Os Puntos de Atención Continuada destes centros de saúde, que atenden máis de 60.000 persoas, contan con atención de pediatría, cuxas gardas dos sábados se comparten, de xeito que as persoas usuarias descoñecen, como norma xeral, en que horario atenden en cada centro, coas dificultades que isto implica para este tipo de urxencias.

Entendemos que, tendo en conta as necesidades da poboación, é cada vez máis urxente aumentar a dotación de profesionais da pediatría en ambos os dous concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a aumentar a dotación de persoal de pediatría nos centros de saúde dos concellos de Cambre, Carral e Oleiros".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36646
Data envio: 13/10/2025 16:27:28.049

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/10/2025 16:25:33
Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2025 16:25:57
María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2025 16:26:04

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36646
Data envio: 13/10/2025 16:27:28.049

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:27:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:24
Nº Rexistro: 36673
Data envio: 13/10/2025 17:39:24.699

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 13/10/2
17:36
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

A principios de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, recoñecemos certas melloras nos días de espera en cirurxía, pero increméntase o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E este incremento é considerable, case un 19 %.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Conséguese rebaixar o tempo medio de espera para una consulta, pero aumentan considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Neste caso supera o 14 % de incremento. Ademais o tempo medio de espera na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco para unha consulta, supera a media galega.

Sen esquecernos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera y por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco.

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:36
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:36
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Grupo
Parlamentario
Socialista

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos produzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, en especial nas consultas e nas cirúrxicas

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
128169
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:24
Nº Rexistro: 36673
Data envio: 13/10/2025 17:39:24.699

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/10/2025 17:36:20
Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 17:36:28
Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 17:36:37
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 17:36:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:24
Nº Rexistro: 36673
Data envio: 13/10/2025 17:39:24.699

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 17:39:25

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:46:36
Nº Rexistro: 36712
Data envio: 14/10/2025 09:46:36.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 14/10/2
09:44
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a creación da figura de Profesor Asociado no Decreto de FP que adapta a Galiza a Lei Orgánica de FP e o RD 659/2023.

Asinado o día 14/10/2025 ás
09:44
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto galego de FP que adapta a Galiza a Lei Orgánica de FP e o RD 659/2023, contempla unha serie de medidas que supoñen un ataque directo ao profesorado nun momento en que a Xunta de Galiza está a impulsar as ensinanzas de Formación Profesional.

A FP estaba considerada unha ensinanza de prestixio grazas ao labor do profesorado, uns grandes profesionais que conseguían dotar ao alumnado dos coñecementos e destrezas necesarias para competir nunha situación privilexiada no mercado laboral. As alumnas e alumnos remataban os seus CF cunha titulación que acreditaba ser Técnicas/os moi ben cualificados para a súa profesión e/ou especialidade.

Asinado o día 14/10/2025 ás
09:43
Por Cristina Fernández Davila

Malia isto, a Xunta de Galiza está empeñada en secundarizar a FP (coa introdución do inglés en todos os ciclos e reducindo a carga horaria dos módulos profesionais) que quedará en breve practicamente toda privatizada tanto na oferta, en mans de centros privados, como a mercé das empresas que gañan terreo na selección e na avaliación da formación práctica do alumnado, así como co acceso directo, como

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:46:36
Nº Rexistro: 36712
Data envio: 14/10/2025 09:46:36.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal docente sen formación pedagóxica de ningún tipo, de profesionais do sector privado.

A consecuencia directa desta última medida incluída no Proxecto de Decreto da FP, como xa foi manifestado pola representación sindical maioritaria, vai ser unha falta de transparencia nas contratacións e o detrimento na calidade educativa do alumnado matriculado nos CF ou Cursos de Especialización.

A figura do profesorado asociado incluído no artigo 49 do borrador do Decreto e vendida polo Presidente da Xunta en xuño, permite que se poida contratar discrecionalmente a profesionais do sector privado sen titulación afín e sen ningún tipo de formación pedagóxica que acceden ao posto sen proceso selectivo de ningún tipo, tan só será unha decisión do director/a do centro educativo contraria aos principios básicos de igualdade e transparencia.

A Administración Educativa incorpora deste xeito, persoal externo nomeado directamente, que non terán problemas de compatibilidade laboral, sen as titulacións que correspondan, sen a formación pedagóxica requirida e que non vai ter que realizar funcións administrativas nin burocráticas. En definitiva: deixando nunha desigualdade evidente ao profesorado do sistema público de ensino que legal e procedementalmente accedeu á súa praza como docente. Desvalorizan a propia formación que imparten as institucións académicas e a administración educativa galega.

Por outra banda, tamén é significativo que no texto do borrador do Decreto se refiran a estes profesionais externos como de “recoñecido prestixio”, en tanto que o profesorado cualificado dos centros parece non ter esta consideración. Os primeiros asumen os cursos de especialización e a actualización do currículo, en tanto que o profesorado cualificado dos centros quedarán relegados a impartir docencia na FP Básica, Ciclos Medios e Superiores, a realizar a acreditación de competencias, a

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:46:36
Nº Rexistro: 36712
Data envio: 14/10/2025 09:46:36.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coordinar os certificados profesionais, etc. e por suposto a realizar toda a burocracia coa que a Consellería inunda estas ensinanzas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Suprimir o artigo 49 do Decreto de FP galega, que crea a figura do/a profesor/a-asociado/a deixando ao resto do profesorado de ensinanzas de FP nunha clara desvantaxe e discriminación con respecto ao acceso ás prazas de docentes.

2.- Cubrir as prazas de profesorado especialista só cando sexa estritamente necesario mediante procedementos públicos de apertura de listaxes con baremos e requisitos determinados e previa negociación dos baremos coa representación sindical."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:46:36
Nº Rexistro: 36712
Data envio: 14/10/2025 09:46:36.154

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2025 9:43:43
Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 9:44:00
Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2025 9:44:09

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:46:36
Nº Rexistro: 36712
Data envio: 14/10/2025 09:46:36.154

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 9:46:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

Por Luis Bará Torres

Asinado o día 14/10/2
12:03
Por Paulo Ríos Santo

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé**, **Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol.

Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:03
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas ferroviarias, por este motivo o BNG ven reclamando ao Goberno do Estado acometer os investimentos necesarios para reducir a fenda nesta materia respeito doutros territorios do estado. Temos claro que as políticas de transporte do futuro pasan por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, que permite unha mobilidade sustentábel, eficaz e eficiente ao tempo que facilita unha transición enerxética que garante a cohesión social.

A comarca de Ferrol ficou nas últimas décadas sen apenas investimentos en materia ferroviaria. Compre, pois, a súa modernización urxente para contar por fin con conexións, frecuencias e tempos competitivas, tanto no transporte de proximidade como na media e longa distancia.

Para logralo, unha obra fundamental é a do chamado bypass de Betanzos, mais non concibida como un investimento puntual e único, senón como un dos pasos necesarios para avanzar na modernización do trazado entre Ferrol e A Coruña, que debera ir acompañada doutras melloras como a electrificación, a dupla vía e a compatibilidade entre viaxeiros e mercadorías. Na actualidade tense redactado o estudo

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:03
Por Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informativo mais está pendente, aínda, a resolución das alegacións presentadas e acometer a redacción do proxecto construtivo para considerarmos que efectivamente se dan pasos a adiante.

A infraestrutura ferroviaria debe servir para mellorar as conexións de proximidade, asegurando a cohesión territorial, económica e social, mais tamén para acurtar tempos de viaxe entre Ferrol-Betanzos-A Coruña.

Isto é, a redución dos tempos de viaxe non pode supor a eliminación de paradas, senón que debe estar dirixida a vertebrar o territorio, o que ben pode lograrse a través da modernización da liña, o incremento dos servizos e das frecuencias e a recuperación de paradas suprimidas para un ámbito territorial no que viven medio millón de persoas. Con este obxectivo a mellor alternativa é a corrección do trazado e a rectificación de curvas, así como duplicar a vía, o que permitiría a prestación de servizos simultáneos. E todo sen perder de vista que a modernización da liña debe garantir a compatibilidade do transporte de viaxeiros co de mercadorías para dar saída ao porto exterior de Ferrol que precisamente está rematando o seu acceso ferroviario.

Durante este último ano constituíuse en Ferrol o chamado Foro cidadán polo ferrocarril, no que concorren numerosas entidades sociais da comarca e persoas a título particular e que ven desenvolvendo unha actividade de análise, diagnose, socialización e mesmo elaboración de propostas sobre o que deberían ser as actuacións prioritarias para dotar á comarca de Ferrol das infraestruturas e servizos necesarios.

O Concello de Ferrol aprobou por unanimidade unha declaración institucional sobre o ferrocarril que inclúe as demandas deste Foro cidadán e que o BNG comparte.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a demandar do goberno do Estado:

1. Instar ao Goberno do Estado a de maneira inmediata restituír as frecuencias e horarios entre Ferrol e A Coruña que existían ata o 9 de Xuño incluíndo a relación directa con Madrid e o incremento das frecuencias entre Ferrol e A Coruña para cumprir as necesidades de mobilidade da cidadanía. Isto implica o aumentar o numero de unidades para poder realizar un servizo ferroviario eficaz e eficiente (Que non haxa vehículos de RENFE "ociosos" que poidan prestar o seu servizo).

2. Instar ao Goberno do Estado a iniciar este ano 2025 o estudio informativo para a modernización da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol - Betanzos Infesta-A Coruña para que sexa unha liña do século XXI, que permita a integración da comarca de Ferrol co resto da rede ferroviaria galega e co exterior, onde se contemple a rectificación de curvas, renovación de túneles, duplicación de vía, electrificación, puntos de cruzamento para mercadorías de 750m como esixe a Unión Europea e a súa inclusión no Corredor Atlántico tanto de viaxeiros como de mercadorías. Dito investimento ten que supoñer redución considerable dos tempos de viaxe para que sexan competitivos con outros modos de transporte e o vehículo privado.

3. Instar ao Goberno do Estado a resolver este ano 2025 as alegacións ao proxecto de construción do bypass de Betanzos Infesta e iniciar este ano a redacción do proxecto.

4. Instar ao Goberno do Estado á mellora e modernización da infraestrutura e servizos de proximidade entre Ferrol e Ortigueira. O tren de vía estreita non pode

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continuar cun proceso de degradación progresiva dado que é vital para a vertebración de todo o norte de Galiza entre Ferrol e Ribadeo.

5. Instar ao Goberno do Estado á creación dun servizo de proximidade ferroviario entre Ferrol e A Coruña. Trátase de vertebrar da forma mais eficiente un espazo urbano onde residen mais de 600.000 persoas, que permita unha mobilidade sostible, creando unha auténtica alternativa de transporte

6. Instar ao Goberno do Estado á intermodalidade dos diferentes modos de transporte. Crear unha rede de transporte comarcal onde estean incluídos todos os modos de transporte colectivos existentes (trens de proximidade, trens rexionais, autobuses urbanos e interurbanos, taxis) con horarios e tarifas integradas. Esta rede de transporte supoñería a transformación das actuais estacións de tren e autobús de Ferrol, nunha única estación intermodal máis moderna e funcional. Por iso é necesario a sinatura este ano 2025 do Convenio de Construción da Estación Intermodal entre ADIF, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol e revisar o número de apeadeiros en toda a liña para que poidan cumprir a función de accesibilidade adecuada, mellorando o acceso, e que toda a poboación beneficiese dos mesmos.

7. Instar ao Goberno do Estado á integración do Porto Exterior e Interior na rede ferroviaria moderna. Inclusión do Porto Exterior e Interior na Rede Básica Transeuropea de Transporte (RTE-T) de transporte ferroviario de mercadorías xunto cos tramos Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo-Monforte de Lemos para un maior desenvolvemento industrial e económico da comarca.

8. Instar á Xunta de Galiza a solicitar o traspaso dos medios e servizos de viaxeiros por ferrocarril para a xestión ferroviaria dun verdadeiro Servizo de proximidade á comunidade autónoma de Galiza como existe noutras comunidades autónomas dado que non hai impedimentos legais para iso, o que suporía unha xestión

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis próxima tanto para a administración como para a cidadanía. A transferencia das competencias debe incluír previa e necesariamente o compromiso do Goberno Central de rematar todas as obras pendentes, o traspaso de material e a financiación necesaria.

9. Instar ao Goberno do Estado a impulsar as actuacións necesarias para garantir a chegada efectiva da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Ferrol e Lugo, asegurando a súa plena integración no Eixo Atlántico de Alta Velocidade".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 12:03:07
José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2025 12:03:24
Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2025 12:03:35
Iria Taibo Corsanego na data 14/10/2025 12:03:42
Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2025 12:03:52
Luis Bará Torres na data 14/10/2025 12:03:58

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:08
Nº Rexistro: 36721
Data envio: 14/10/2025 12:47:08.909

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:47:12

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:50:18
Nº Rexistro: 36731
Data envio: 14/10/2025 12:50:18.251

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 14/10/2
12:46
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Iria Carreira Pazos** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a barcaza de Portodemouros.

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:46
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse no presente 2025, 63 anos dende que se outorgou por Orde Ministerial á Hidroeléctrica Moncabril S.A. a concesión para o aproveitamento integral da conca do Río Ulla a través de oito saltos, entre os que se atopa o de Portodemouros, o único que se levou a cabo ao amparo de dita orde. Non entanto, na actualidade, e tras sucesivas modificacións, a concesión está formada por 4 saltos, cuxa titularidade do dereito lle corresponde a Gas Natural Fenosa S.L., que os aproveita para a xeración eléctrica.

O proxecto de Portodemouros, que englobaba o encoro e a central eléctrica situada a pé de presa, tivo dende a súa construción como único obxecto o aproveitamento enerxético, sen ter en conta a opinión de quen alí vivía, feito que dou lugar a protestas e mobilizacións que mesmo remataron con xuízos e veciños no cárcere nos últimos anos da ditadura.

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:46
Por Ariadna Fernández González

Malia esa oposición veciñal, no 1968 foi aprobado comezou a súa explotación, que se estende ate o día de hoxe, deixando divididas dúas comarcas que eran limítrofes por unha masa de auga que pode chegar aos 297 hectómetros cúbicos de volume total, inundando terras de labradío nunha zona de gran aptitude agrogandeira e levando por

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:50:18
Nº Rexistro: 36731
Data envio: 14/10/2025 12:50:18.251

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

diante aldeas enteiras sen que os beneficios redundaran en ningún momento na xente que habitaba o territorio no pasado nin no presente.

Coa inundación chegou polo tanto a incomunicación de ambas marxes, quedando separadas as parroquias de Loño, pertencente ao concello dezao de Vila de Cruces e Beigondo, encadrada no coruñés de Santiso, desaparecendo as vías de paso existentes que, anos despois se substituirían cunha barcaza que se rexe pola orde ministerial de maio do 1975 e que tiña por fin comunicar ambas marxes do encoro, e que mantería a sociedade concesionaria deste. Dita barcaza comezou a dar servizo no 1977 e a partires do 1983 este converteuse en permanente pola resolución do 28/09/1983, transportando vehículos, animais, carros, etc durante as 24 horas do día os 365 días do ano dunha beira á outra, resultado que non foi gratuíto e que se debeu a unha grande loita social ao respecto.

O servizo, que se trata dunha compensación polo uso dun ben público, só pode interromperse tras dita resolución por causas de forza maior derivadas se circunstancias imprevisibles ou inevitables, feito que se incumpre de xeito recorrente e que ocasiona problemas para todos aqueles usuarios e usuarias da embarcación, coma se leva denunciando dende o BNG durante anos, tempo no que se presentaron, entre outras medidas, iniciativas parlamentares ao respecto que foron aceptadas por unanimidade para logo incumprilas. Tanto é así que, ano tras ano, os veciños e veciñas que pasan dunha beira á outra para acudir a empresas próximas, para levar a cabo actividades da súa vida social, asistir a institutos, ou para facer as súas labores agrícolas en leiras dun e doutro lado do Ulla, sofren cortes do servizo que os obrigan a percorrer aproximadamente 30 quilómetros por a inoperancia da barcaza, o que supón un gasto extra de combustible e de tempo que non teñen por que sufrir.

Recentemente, os veciños e veciñas acaban de ver o servizo público da barcaza suspendido novamente para logo volver a ser restablecido sen levar a cabo o mantemento da mesma, que era o feito que motivaba a parada. Non foi posible levar a cabo tal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:50:18
Nº Rexistro: 36731
Data envio: 14/10/2025 12:50:18.251

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

obxectivo debido ao baixo nivel das augas, que non permitiron sacar a barcaza do encoro de maneira que as labores de mantemento non foron realizadas e suporán un novo paro do servizo cando sexa posible. Non é de menor importancia o feito de que a propia empresa concesionaria é quen regula o nivel das augas, polo uqe ese descoñecemento non é mais que unha actitude pouco planificada por parte desta.

Esta situación prodúcese frecuentemente, de xeito que se pecha o servizo durante 15 días ou un mes ano tras ano para ditas actividades, sen que a barcaza sexa substituída e sen aportar ningún tipo de solucións ao respecto desta suspensión das obrigas da empresa concesionaria, o que xera grande malestar na poboación usuaria, que lonxe de verse beneficiada polo encoro o que recibe son os efectos negativos da permisividade da Xunta de Galiza coa empresa que está a explotar un ben público e que na que repercuten os beneficios económicos. Non é de recibo escusarse en causas de forza maior cando se trata do mantemento da embarcación, que hai que realizar mais que pode facerse de xeito planificado e aportando o servizo aos usuarios namentres non se leve a cabo, sen causar prexuízos á poboación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cumprir coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observar a barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy, consonte ao acordo unánime aprobado o 16/02/21 a proposta do BNG no que rezaba: "O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:50:18
Nº Rexistro: 36731
Data envio: 14/10/2025 12:50:18.251

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla, medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces.

2. Reunirse cos veciños e veciñas dos concellos afectados pola suspensión recorrente do servizo da barcaza de Portodemouros e os membros da plataforma veciñal de afectados polo encoro, para poñer solucións ao problema recorrente da suspensión do servizo da barcaza, aportando solucións alternativas para reducir a afectación veciñal".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:50:18
Nº Rexistro: 36731
Data envio: 14/10/2025 12:50:18.251

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/10/2025 12:46:00
Iria Carreira Pazos na data 14/10/2025 12:46:11
Luis Bará Torres na data 14/10/2025 12:46:18
Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2025 12:46:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:50:18
Nº Rexistro: 36731
Data envio: 14/10/2025 12:50:18.251

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:50:18

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:21:20
Nº Rexistro: 36738
Data envio: 14/10/2025 13:21:20.690

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 14/10/2
13:01
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, non se recoñece nin una certa mellora nos días de espera en cirurxía, nos de consultas en probas diagnósticas como radioloxía, estudios ou medicina nuclear.

Pero tamén se incrementa o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E o que nos parece máis grave. O tempo de espera de prioridade 1, se aumenta e é superior a media de Galicia.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Aumenta considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Ademais o tempo medio de espera na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, para una consulta, supera con moito a media galega.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera e por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte.

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:00
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:00
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Grupo Parlamentario Socialista

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar da do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos se produzan coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido máis longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na area sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte.

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:21:20
Nº Rexistro: 36738
Data envio: 14/10/2025 13:21:20.690

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/10/2025 13:00:47
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 13:00:55
Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 13:01:00
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 13:01:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:21:20
Nº Rexistro: 36738
Data envio: 14/10/2025 13:21:20.690

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:21:21

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 14/10/2
13:19
Por Elena Espinosa M

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de probas diagnósticas e na media de cirurxías, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Coruña-Cee, seguen sendo as listas de espera.

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías de prioridade 1 aumentasen desde decembro do pasado ano a xuño de 2025. Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha consulta.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E,

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:19
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:19
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriales".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos produzanse coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para cirurxía de prioridade 1 e as listas de espera de consultas da área sanitaria de Coruña-Cee.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:32:11
Nº Rexistro: 36748
Data envio: 14/10/2025 13:32:11.232

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 13:19:18
Patricia Iglesias Rey na data 14/10/2025 13:19:26
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 13:19:33
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 13:19:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:32:11
Nº Rexistro: 36748
Data envio: 14/10/2025 13:32:11.232

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:32:11

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:35
Nº Rexistro: 36757
Data envio: 14/10/2025 13:49:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 14/10/2
13:46
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre sinistralidade laboral.

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:46
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer os datos oficiais de sinistralidade laboral que ofrece o Ministerio de traballo até o mes de agosto do ano 2025, e novamente o número de mortes no traballo na Galiza é estarrecedor.

43 persoas morreron mentres traballaban neste período no noso país, 4 persoas máis que o ano anterior, un ano que rematou como sempre nos últimos anos con Galiza entre as comunidades autónomas con máis mortes no traballo do estado español.

Estes feitos amosan que esta inaceptábel situación non é unha cuestión excepcional senón estrutural, do mesmo xeito que a pasividade e a autocompracencia da Xunta que vimos denunciando reiteradamente.

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:46
Por Ramón Fernández Alfonzo

Ademais a comparativa co estado español é moi preocupante xa que nesta ocasión prodúcese un aumento dos accidente de traballo no noso país, de todos eles, leves, graves e mortais, mentres se reducen no conxunto do estado español.

As causas dos accidentes tamén se repiten dun xeito absolutamente intolerábel, as caídas, esmagamentos, atrapamentos, deflagracións.... igual que se repiten as

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:35
Nº Rexistro: 36757
Data envio: 14/10/2025 13:49:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valoracións e as manifestacións das centrais sindicais, falla a prevención nos seus aspectos máis básicos, na coordinación de actividades, na presenza dos recursos preventivos, ou en certos casos ausencia total de medidas preventivas.

Estamos diante dun escenario que só é posíbel pola tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais. Unha tolerancia que constatamos continuamente nos discursos parlamentarios do Partido Popular a este respeito, e que é preciso mudar urxentemente, porque nunca haberá cultura preventiva mentres o goberno se negue a condenar explicitamente as mortes no traballo.

Unha tolerancia que tamén se concreta en dous aspectos da máxima importancia. A negativa a reclamar a competencia relativa á Inspección de Traballo e Seguridade Social malia o acordo maioritario neste sentido que o propio Partido Popular impulsou no Senado onde ten maioría. Un acordo que sen a correspondente reclamación desde o goberno galego revélase como un mero acto de propaganda, así como a falta de orzamento do ISSGA para desenvolver campañas de sensibilización, control e inspección con verdadeiro alcance social e impacto real no tecido produtivo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha condena pública sempre que se produza unha morte no traballo, a través do presidente da Xunta ou no seu defecto do Conselleiro con competencias en materia de emprego.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:35
Nº Rexistro: 36757
Data envio: 14/10/2025 13:49:35.479

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Reclamar a transferencia das competencias relativas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. Duplicar o orzamento do Instituto de Seguridade e Saúde de Galiza.

4. Promover, a través da Comisión operativa autonómica da Inspección de traballo e Seguridade social, o cumprimento de todas as disposicións normativas referentes á participación e consulta da representación legal dos traballadores e traballadoras na Prevención de riscos laborais, e nomeadamente na investigación dos accidentes incluíndo os accidentes sen baixa, impulsando as correspondentes campañas de información e control nas empresas que deberán incorporarse ao Programa territorial de obxectivos".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:35
Nº Rexistro: 36757
Data envio: 14/10/2025 13:49:35.479

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 13:46:28
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2025 13:46:38
José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2025 13:46:49
Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2025 13:47:03

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:35
Nº Rexistro: 36757
Data envio: 14/10/2025 13:49:35.479

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:49:36

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36764
Data envio: 14/10/2025 14:04:40.287

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia sempre defenderá os intereses do sector pesqueiro galego achegando propostas, construtivas e en positivo, que favorezan un marco normativo actualizado e coherente coa realidade da actividade pesqueira da nosa comunidade.

Nese contexto, o Goberno galego formulou alegacións ao Real Decreto estatal 502/2022 no que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais, todo iso co obxecto de acomodar a actividade destes espazos compartidos á que desenvolve a frota galega.

Así por exemplo, nestas augas exteriores contiguas a Galicia buques pesqueiros foráneos con base noutras comunidades non cumpren os mesmos períodos de descanso semanal que son obrigatorios para a frota galega.

Outras peticións incorporadas nas alegacións galegas teñen que ver coa incorporación do palangre demersal na clasificación de aparellos de anzois, o que permitiría un tratamento diferenciado respecto ás artes de fondo. E unha regulación específica para o arte coñecido como rasco.

O obxectivo é que o conxunto da frota que opera en augas do mar territorial e da Zona Económico Exclusiva adxacentes á costa galega operen baixo o mesmo marco normativo e corrixir discriminacións.

Parece lóxico que aqueles profesionais do mar que operan en caladoiros compartidos o fagan baixo as mesmas regras operativas de traballo que rexen para os maioritarios, a frota galega.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:02
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36764
Data envio: 14/10/2025 14:04:40.287

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e traslade as seguintes demandas:

1º- Atender as alegacións formuladas por Galicia ao Real Decreto estatal 502/2022 no que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais, para acomodar a actividade nestes espazos compartidos á que desenvolve a frota galega.

2º- Garantir que o conxunto da frota que pesca fronte á costa galega, en augas do mar territorial e na Zona Económico Exclusiva, opere baixo o mesmo marco normativo, en particular, no relativo aos períodos de descanso semanal e corrixir así discriminacións".

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36764
Data envio: 14/10/2025 14:04:40.287

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2025 14:02:43

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36764
Data envio: 14/10/2025 14:04:40.287

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 14:04:40

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36767
Data envio: 14/10/2025 14:07:04.167

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodriguez Carrera**, **Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

Exposición de Motivos:

Neste inicio de curso, a Xunta está a reforzar as medidas de apoio ao profesorado mediante melloras laborais e iniciativas orientadas a consolidar a súa autoridade na aula e a prestixiar a profesión docente. Trátase dun compromiso firme coa comunidade educativa, que busca garantir que os docentes se sintan valorados, respectados e protexidos como peza central e insubstituíble do proceso de ensino-aprendizaxe.

En contraste, o Goberno central mantén aínda numerosas tarefas pendentes nesta materia. Un dos desafíos máis urxentes é a actualización do sistema de acceso á profesión docente, imprescindible para captar aos profesionais máis motivados, con vocación e capacidade de aportar un valor engadido ao sistema educativo. Resulta evidente que, para acadar este obxectivo, é preciso actuar de maneira integral.

En primeiro lugar, cómpre adecuar a oferta das facultades de Educación á demanda real do sistema educativo, tanto no presente como nos próximos anos. Sen unha planificación rigorosa e equilibrada, corremos o risco de formar profesionais en exceso nalgunhas áreas e de deixar descubertas outras nas que a necesidade de docentes é maior. Só cunha previsión axeitada poderemos garantir unha resposta eficaz ás necesidades do sistema educativo e, en consecuencia, unha mellor calidade da educación que reciben os estudantes. E, ademais, reducimos a frustración que pode supoñer formarse e obter unha titulación que non garanta o acceso ao mercado laboral por un desaxuste entre a oferta e a demanda.

En segundo lugar, é fundamental mellorar a formación inicial e o conxunto de competencias que deben adquirir aqueles que aspiren a exercer a docencia. Non se trata unicamente de acumular coñecementos teóricos, senón de fortalecer a

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:03
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capacidade profesional, a preparación pedagóxica e a habilidade para adaptarse a un contexto educativo en permanente transformación. A escola do século XXI esixe docentes con recursos sólidos para afrontar novos desafíos: a diversidade nas aulas, a integración das tecnoloxías dixitais ou a atención ao benestar emocional do alumnado.

Un aspecto clave deste proceso de modernización é a revisión e actualización dos temarios das oposicións docentes. Non é posible seleccionar o mellor profesorado con programas que, en moitos casos, poden permanecer desconectados da realidade diaria dos centros educativos. Esta situación constitúe unha desvantaxe tanto para os aspirantes, que se ven obrigados a preparar contidos pouco relevantes, como para o propio sistema, que deixa de incorporar docentes preparados nos ámbitos que realmente marcan o presente e o futuro da educación. O exemplo: nos temarios de Informática non aparecen referencias a internet, nin moito menos a cuestións tan actuais como as redes sociais, a intelixencia artificial ou a robótica, que xa forman parte da vida cotiá do alumnado e dos centros.

Desde o Grupo Popular, defendemos que a selección do profesorado debe basearse en criterios que reflictan de maneira realista os retos pedagóxicos, sociais e tecnolóxicos que están presentes nas aulas de hoxe. A modernización dos procesos de acceso non é unha cuestión menor, senón unha condición indispensable para garantir a calidade, a equidade e a innovación do sistema educativo. Por iso, consideramos que esta é unha tarefa que o Ministerio de Educación, como administración competente, debe abordar con urxencia, dotando á profesión docente do recoñecemento, o prestixio e os recursos que merece.

Por todo os exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia que solicite ao Goberno central a revisión e actualización dos temarios das oposicións docentes para que se adapten ás necesidades reais do sistema educativo e permitan seleccionar aos mellores profesionais para garantir unha educación pública de calidade”.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36767
Data envio: 14/10/2025 14:07:04.167

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2025 14:03:16

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36767
Data envio: 14/10/2025 14:07:04.167

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 14:07:04

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 14/10/2
15:43
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 14/10/2025 ás
15:43
Por Elena Espinosa Mangana

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ferrol, recoñecemos certas melloras nos días de espera en consultas e algunhas probas diagnósticas.

Pero se incrementan os días de espera para unha cirurxía, ademais de incrementarse tamén o número de persoas en lista de espera.

Sen esquecernos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera e por iso non é de estrañar que se converta en un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Ferrol.

Asinado o día 14/10/2025 ás
14:07
Por Aitor Bouza Manso

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes".

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos produzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para consultas da área sanitaria de Ferrol.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36768
Data envio: 14/10/2025 15:45:33.381

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 14:07:52
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 15:43:44
Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 15:43:51
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 15:43:58

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36768
Data envio: 14/10/2025 15:45:33.381

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 15:45:35

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:28
Nº Rexistro: 36784
Data envio: 14/10/2025 17:01:28.665

Asinado o día 14/10/2
16:59
Por Luis Bará Torres

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para garantir garantir a finalización das obras de saneamento e "tanque de tormentas" na zona próxima a Fexdega, no concello de Vilagarcía; e o pago inmediato de todo o que se lle endebeda ás empresas subcontratadas pola adxudicataria para realizar os traballos, incluída a responsabilidade subsidiaria da Xunta.

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:59
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva denunciando a demora do proxecto da obra de construción dos tanques de tormenta situados na beira do Río do Con. En outubro de 2022 a Xunta levou a cabo a adxudicación das obras comprometéndose a que estas levaríanse a cabo nun prazo de 24 meses, non sendo ata marzo de 2023 cando estas se puxeron en marcha.

Case ano e medio despois, en agosto de 2024, dende Augas de Galiza presumiron publicamente de que a obra avanzaba a bo ritmo e segundo os prazos previstos. Sen embargo, a día de hoxe, máis dun ano despois dese anuncio por parte da Xunta, os prazos non só non se cumpriron senón que levan un atraso considerábel ao que se lle augura un futuro incerto.

Somos coñecedoras da situación actual que atravesa o proxecto. Actualmente, e debido aos impagos acumulados por parte da empresa adxudicataria ás pequenas empresas subcontratadas, estas foron abandonando o proxecto facendo que este quede

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:58
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:28
Nº Rexistro: 36784
Data envio: 14/10/2025 17:01:28.665

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

practicamente parado. Estamos falando de cantidades importantes que nalgúns casos superan o ano de impagos.

Esta situación para o BNG é de extrema gravidade. Non podemos permitir que se cometa tal irresponsabilidade nun proxecto dunha administración pública, máis cando somos plenamente conscientes de que este tipo de situación pode supor que a débeda acumulada provoque o peche de varias destas empresas. Empresas que estiveron traballando na infraestrutura, investindo o seu tempo e recursos, cos gastos económicos que iso carrexa e sen recibir compensación económica algunha polo seu traballo.

Polo tanto esixímoslle ao Partido Popular da Xunta de Galiza que actúe, que asuma a súa responsabilidade, se faga responsábel subsidiaria das débedas acumuladas, procedendo ao pagamento dos atrasos ás empresas e garantindo que estas cobren polo traballo realizado. Cónstanos que está ao tanto da situación e das reclamacións das persoas afectadas sen facer nada por solucionalo,

Non podemos consentir este tipo de actuacións. Nunha administración pública non poden ter cabida este tipo de empresas, agardamos que se tome nota do acontecido de cara a futuras licitacións, máis tendo en conta o que está acontecendo con esta mesma empresa noutros concellos nos que tamén está operando.

Temos moita preocupación de que, dada a situación que se está vivindo na obra, con ela parada, estea en risco a súa finalización provocando que esta quede inconclusa coa repercusión que iso tería para as nosas veciñas e veciños,

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:28
Nº Rexistro: 36784
Data envio: 14/10/2025 17:01:28.665

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas para garantir a finalización das obras de saneamento e "tanque de tormentas" na zona próxima a Fexdega, no concello de Vilagarcía; e o pago inmediato de todo o que se lle endebeda ás empresas subcontratadas pola adxudicataria para realizar os traballos, incluída a responsabilidade subsidiaria da Xunta."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:28
Nº Rexistro: 36784
Data envio: 14/10/2025 17:01:28.665

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2025 16:58:55
Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2025 16:59:06
Luis Bará Torres na data 14/10/2025 16:59:13

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:28
Nº Rexistro: 36784
Data envio: 14/10/2025 17:01:28.665

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 17:01:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 14/10/2
17:49
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 14/10/2025 ás
17:49
Por Elena Espinosa Mangana

O Hospital Arquitecto Marcide, centro de referencia da área sanitaria de Ferrol, volve ser noticia por motivos preocupantes. En apenas dous meses produciuse unha segunda caída de falsos teitos nas instalacións do hospital, concretamente na zona de consultas externas. Este novo incidente, segundo recollen os medios, súmase a outros acontecementos similares que poñen de manifesto o deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias da comarca.

A situación xera unha evidente preocupación entre o persoal sanitario e entre os usuarios e usuarias do hospital, que ven como as deficiencias estruturais e o estado de conservación das instalacións poñen en risco a súa seguridade. Estes feitos non son illados, senón que forman parte dun problema máis amplo: a falta de investimentos e mantemento nos hospitais públicos galegos, e moi especialmente no de Ferrol, que leva anos agardando as reformas comprometidas pola Xunta de Galicia.

Asinado o día 14/10/2025 ás
17:49
Por Aitor Bouza Manso

Cómpre lembrar que o Hospital Marcide acumula un atraso de máis de dous anos nas obras de ampliación e mellora anunciadas pola Consellería de Sanidade, o que evidencia unha clara desatención por parte do Goberno galego cara a unha infraestrutura esencial para máis de 150.000 habitantes da área de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

O sistema sanitario público galego precisa centros seguros, modernos e ben mantidos. Resulta inaceptable que nun hospital público poidan producirse desprendementos en zonas de atención ao público sen que a Xunta actúe con dilixencia para corrixir as causas e garantir que non se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar de maneira inmediata unha inspección técnica integral das instalacións do Hospital Arquitecto Marcide para detectar posibles riscos estruturais e establecer un plan urxente de reparación e mantemento.
2. Remitir ao Parlamento galego de maneira inmediata o informe que conclúa as causas concretas que provocaron a caída dos falsos teitos e das medidas adoptadas para garantir a seguridade de pacientes e persoal sanitario.
3. Executar sen máis demoras o proxecto de ampliación e mellora do Hospital Arquitecto Marcide, incorporando nos Orzamentos de 2026 a partida económica suficiente para a súa finalización efectiva.
4. Dotar ao hospital dos recursos materiais e humanos precisos para asegurar unha atención sanitaria de calidade e unhas condicións laborais e de seguridade dignas para o seu persoal.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:14:26
Nº Rexistro: 36790
Data envio: 14/10/2025 18:14:26.122

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 17:49:37
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 17:49:44
Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 17:49:49
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 17:49:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:14:26
Nº Rexistro: 36790
Data envio: 14/10/2025 18:14:26.122

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 18:14:38

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:52:41
Nº Rexistro: 36777
Data envio: 14/10/2025 16:52:41.927

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 14/10/2 16:51
Por Elena Espinosa M

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 14/10/2025 ás 16:49
Por Patricia Iglesias Rey

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera na media de consultas, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Area sanitaria de Santiago-Barbanza, seguen sendo as listas de espera.

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías, que aumentaron tanto de media de espera como de persoas afectadas e tamén as de prioridade 1. Este aumento se produce desde decembro do pasado ano a xuño de 2025.

Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha proba diagnóstica.

Asinado o día 14/10/2025 ás 16:49
Por Aitor Bouza Manso

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E,

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para cirurxías e moi especialmente as de prioridade 1 e as listas de espera de probas diagnósticas da área sanitaria de Santiago-Barbanza.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:52:41
Nº Rexistro: 36777
Data envio: 14/10/2025 16:52:41.927

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 16:49:31
Patricia Iglesias Rey na data 14/10/2025 16:49:38
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 16:51:45
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 16:51:51

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:52:41
Nº Rexistro: 36777
Data envio: 14/10/2025 16:52:41.927

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 16:52:42

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:06
Nº Rexistro: 36812
Data envio: 15/10/2025 10:53:06.362

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia no SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 13 de outubro de 2025 abordou unha proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia nos domicilios nos que se presta o Servizo de Axuda no Fogar. Así o comunicou o presidente da Xunta posteriormente aos medios de comunicación avanzando algúns elementos dese protocolo que, en todo caso, non é público.

De feito, contrastado coa Fegamp, os concellos galegos descoñecen no momento de redixir esta iniciativa (14 de outubro) a existencia dese protocolo e as medidas previstas no mesmo alén do anunciado polo propio presidente da Xunta.

Segundo a Xunta, o protocolo "ofrece recomendacións e directices" diante de "diferentes formas de violencia laboral externa". Entre esas "recomendacións e directrices" inclúense "manter operativo o teléfono móbil, prever acompañamento temporal cando as circunstancias o requiran" ou "dotar as traballadoras de coñecementos e habilidades específicas en materia de prevención da violencia, comunicación, resolución de conflitos".

Nin un só compromiso orzamentario para poder aplicar as medidas previstas no protocolo nin tampouco reforma normativa ningunha que garanta o seu cumprimento.

Asinado o día 15/10/2025 ás 10:51
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 15/10/2025 ás 10:51
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:06
Nº Rexistro: 36812
Data envio: 15/10/2025 10:53:06.362

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de recursos económicos específicos, ademais de incrementar o financiamento ordinario do SAF, os concellos para permitir a aplicación real e efectiva do protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia nos domicilios."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:06
Nº Rexistro: 36812
Data envio: 15/10/2025 10:53:06.362

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 10:51:21

Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 10:51:30

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:06
Nº Rexistro: 36812
Data envio: 15/10/2025 10:53:06.362

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 10:53:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:11:23
Nº Rexistro: 36858
Data envio: 15/10/2025 13:11:23.569

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

A alta velocidade ferroviaria representa unha gran oportunidade para Galicia ao facilitar a conexión co resto de España e de Europa, favorecer a mobilidade cidadá, o crecemento económico a través do turismo e máis oportunidades de investimento e para as empresas.

Con todo, o seu aproveitamento atópase con atrancos derivados dos problemas no funcionamento do servizo (retrasos, avarías, falta de prazas,...) e da carencia dun plan para o seu completo desenvolvemento que faga posible a chegada do AVE a cidades como Lugo e Ferrol que aínda carecen de conexión.

Outro dos factores que condicionan a alta velocidade en Galicia, é a necesidade de cambiar o ancho de vía que permita homologar a liña galega cos principais corredores de alta velocidade e gañar competividade, unha demanda avalada pola Unión Europea. Na actualidade, hai máis de 100km de vía única na liña de alta velocidade en Galicia que limitan a capacidade ao circular só un tren ademais do bloqueo por calquera incidencia.

A este respecto, a propia Comisión Nacional de Mercados e da Competencia (CNMC) nun recente informe viña a recoñecer que a convivencia de anchos diferentes limita a competitividade e supón unha barreira de entrada para outros operadores que non sexan Renfe.

Este panorama fai que a liña Madrid-Galicia teña ata un 75% menos de capacidade ferroviaria que a media dos corredores de alta velocidade e precisa que desde Galicia persistamos na demanda ao Goberno central para que leve a cabo as melloras necesarias para dotar a conexión de alta velocidade Galicia-Madrid de máis capacidade e competitividade.

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:09
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que leve a cabo as melloras necesarias para dotar a conexión de alta velocidade Galicia-Madrid de máis capacidade e competitividade, a través da dobre vía nos treitos nos que aínda non a hai, así como proxectar e executar as obras e investimentos precisos para facer posible a chegada do AVE as cidades de Lugo e Ferrol, que aínda carecen de conexión".

Santiago de Compostela, 15 outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:11:23
Nº Rexistro: 36858
Data envio: 15/10/2025 13:11:23.569

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 13:09:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:11:23
Nº Rexistro: 36858
Data envio: 15/10/2025 13:11:23.569

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:11:24

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:32
Nº Rexistro: 36860
Data envio: 15/10/2025 13:12:32.416

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei pleno.**

A alta velocidade ferroviaria representa unha gran oportunidade para Galicia ao facilitar a conexión co resto de España e de Europa, favorecer a mobilidade cidadá, o crecemento económico a través do turismo e máis oportunidades de investimento e para as empresas.

Con todo, o seu aproveitamento atópase con atrancos derivados de múltiples factores: incidencias no funcionamento dos trens (avarías e retrasos), prazas insuficientes, convivencia de tramos de vía única e, tamén, coa falta de compromiso con proxectos como poden ser as variantes ferroviarias de interese estratéxico.

Así por exemplo, desde Galicia sempre mantivemos unha posición favorable para a construción da variante de Cerdedo, con todas as garantías ambientais, para permitir así unha conexión directa do tren de alta velocidade cara a Vigo que reduza os tempos.

Tanto o Parlamento de Galicia como o Goberno galego solicitou ao Executivo central que traslade información concreta e realista sobre as súas previsións de execución cun calendario de tramitación e posta en servizo desta infraestruturas xa que, segundo os prazos dos trámites necesarios, a inauguración deste tramo non sería posible ata 2040.

A demora dos trámites por parte do Ministerio obrigou a que agora haxa que actualizar o estudo informativo á normativa actual, cando xa se aprobara inicialmente en 2010. Esta mesma circunstancia pode aplicarse a outras moitas infraestruturas estatais pendentes que sofren prazos de tramitación e desenvolvemento moi superiores aos precisos e que dilatan expectativas de mobilidade dos galegos.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, entendemos necesario esixir ao Goberno central compromiso real coa execución da variante de Cerdedo para que este proxecto non se sume á lista de demoras e incumprimentos por parte do Estado con Galicia en materia de mobilidade .

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte proposición non de lei:

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:10
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:32
Nº Rexistro: 36860
Data envio: 15/10/2025 13:12:32.416

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1.-A dirixirse ao Goberno de España para que impulse a construción da variante ferroviaria de Cerdedo e permitir así unha conexión directa do tren de alta velocidade cara a Vigo que reduza os tempos. A tal efecto, a administración autonómica solicitará ao Executivo central información concreta e realista sobre as súas previsións de execución cun calendario de tramitación e de posta en servizo desta infraestrutura.

Santiago de Compostela, 15 outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:32
Nº Rexistro: 36860
Data envio: 15/10/2025 13:12:32.416

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 13:10:19

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:32
Nº Rexistro: 36860
Data envio: 15/10/2025 13:12:32.416

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:12:33

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36944
Data envio: 15/10/2025 14:00:42.026

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 15/10/2
13:58
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas**, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

Nas últimas dúas semanas vivimos na provincia de Ourense dúas noticias alarmantes, unha vivenda comunitaria de maiores, San Gabriel en Xinzo de Limia e unha residencia de maiores O Xardín en Amoeiro**,** foron clausuradas pola Xunta de Galicia tras detectarse graves irregularidades na atención ás persoas residentes**.**

Asinado o día 15/10/2025 ás
13:58
Por Elena Espinosa Mangana

Falamos de mulleres e homes de idade avanzada, que confiaron en atopar neses centros un lugar tranquilo, digno e seguro para vivir. Non entanto, a realidade coa que se atoparon foi outra: sobreocupación, deficiencias sanitarias e alimentarias**,** e nalgúns casos, un grao de dependencia superior ao autorizado para este tipo de instalacións.

O centro de Xinzo, autorizado para acoller a dez persoas, segundo informa un medio de comunicación, tiña 15 residentes no momento da inspección. As condicións detectadas polos funcionarios da Xunta foron o suficientemente graves como para ordenar o peche inmediato e o traslado urxente dos maiores a outras prazas da rede pública. En Amoeiro, outra vivenda comunitaria foi tamén clausurada o que levou mesmo á Fiscalía a abrir dilixencias para investigar as condicións nas que vivían as persoas usuarias.

Asinado o día 15/10/2025 ás
13:57
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Estes casos son un sinal de alerta sobre un sistema que non está a garantir o que debe: seguridade, atención de calidade e dereitos básicos para as persoas maiores**.**

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As vivendas comunitarias, especialmente nas zonas rurais, xurdiron como unha alternativa moi valiosa para quen non pode vivir só pero tampouco precisa unha residencia de alta dependencia. Porén, sen un control real e continuado, este modelo pode converterse nun espazo de vulnerabilidade e risco**.**

É necesario preguntarse:

- Como é posible que se chegase a esta situación sen que se detectase antes?

- Cantos centros máis poderían estar operando por enriba da súa capacidade ou con persoal insuficiente?

- Está a Xunta de Galicia a cumprir co seu deber de supervisión e control dun servizo que afecta a un dos colectivos máis fráxiles da nosa sociedade?

Cando unha Administración autoriza e supervisa un centro, debe garantir que as condicións reais coincidan coas esixidas pola lei, e que ningunha persoa quede desprotexida.

Por iso, o que aconteceu en Xinzo de Limia e en Amoeiro debe ser un punto de inflexión. A Xunta de Galicia ten que dar explicacións, pero sobre todo tomar medidas: reforzar as inspeccións, dotar de máis medios ao persoal que as realiza, poñer en marcha protocolos de alerta e denuncia accesibles para familiares e usuarios, e asegurar que ningún centro quede fóra do control público**.**

Por todo iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar de maneira inmediata os mecanismos de inspección, control e supervisión das vivendas comunitarias e residencias privadas de persoas maiores, garantindo a súa cobertura na provincia de Ourense e un seguimento periódico e transparente.

2. Realizar unha auditoría extraordinaria das vivendas comunitarias de Ourense, co fin de detectar posibles incumprimentos en materia de número de prazas, grao de dependencia, condicións sanitarias, alimentarias e laborais, e facer público o resultado.

3. Garantir que todas as persoas afectadas polos recentes peches foron reubicadas en condicións adecuadas e con acompañamento social e sanitario, informando ao Parlamento do proceso seguido e das medidas adoptadas para garantir a súa protección e benestar.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36944
Data envio: 15/10/2025 14:00:42.026

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2025 13:57:51
Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2025 13:58:00
Silvia Longueira Castro na data 15/10/2025 13:58:15
José Ramón Gómez Besteiro na data 15/10/2025 13:58:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36944
Data envio: 15/10/2025 14:00:42.026

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 14:00:42

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/10/2
16:02
Por Daniel Castro Ga

Asinado o día 15/10/2025 ás
16:02
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 15/10/2025 ás
16:02
Por Ana Pontón Mondelo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a Axenda Galega do Litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de setembro o presidente da Xunta convocou unha xuntanza denominada “Cumio do litoral” co pretendido obxectivo de promover un “Pacto do Litoral”. Máis alá da propaganda que acompaña este tipo de iniciativas, a realidade é que a principal proposta que saíu dese encontro foi a de ampliar a tempada de apertura dos “chiringuitos”.

Por outra parte, do balance que fixo a consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre os primeiros meses de exercicio das competencias sobre o dominio público marítimo-terrestre e a zona de servidume dedúcese que a actividade administrativa estivo centrada na concesión de autorizacións para eventos festivos, culturais, relixiosos e deportivos.

En paralelo a esta xestión burocrática, a Xunta está a despregar un verdadeiro plan B para o litoral, primando unha serie de liñas de actuación que van incrementar a presión extractivista, urbanística e turística no litoral galego, cos conseguintes problemas derivados: masificación, especulación urbanística e en relación cos bens do patrimonio cultural, ausencia de vivenda residencial e incremento dos prezos, ocupación intensiva do litoral, presión sobre ecosistemas de grande valor.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este plan de especulación a toda costa estase a desenvolver sen ter en conta aos concellos -excluídos da comisión de coordinación do litoral-, sen transparencia e sen participación do tecido socioeconómico e cultural que mantén vivo o territorio. E sen avaliar os riscos derivados do cambio climático e a súa incidencia nas zonas costeiras principalmente pola acción da erosión e da subida do nivel do mar.

Ademais, os anuncios de actuacións concretas estanse facendo sen desenvolver previamente os instrumentos de ordenación e planificación territorial, que deberían ser o marco xeral das diferentes liñas de actuación previstas.

Cómpre por outra parte ter en conta algúns antecedentes que non fan ser moi optimistas sobre as previsións e intencións do PP en relación co litoral:

- Incumprimento das previsións do Plan de Ordenación do Litoral (POL), único Plan Territorial Integrado aprobado pola Xunta (2011). Como exemplo máis escandaloso podemos citar o incumprimento da Disposición Adicional Terceira da normativa do POL, que prevía unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística nos terreos que ocupa ENCE en Lourizán e cuxa concesión caducaba en 2018. En contra do previsto no POL, a Xunta informou en 2015 a favor da ampliación da concesión de ENCE en DPMT por un período de 60 anos.

- Tentativa de indulto para as construcións ilegais en dominio público marítimo-terrestre despois de 15 anos, que se incluiu na lei de acompañamento dos orzamentos de 2022 e que foi anulada polo Tribunal Constitucional.

- Ocultación das conclusións e propostas do convenio asinado en 2021 coas tres universidades para elaborar un informe sobre o impacto do cambio climático na costa galega.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pretensión de legalización e consolidación de 4.000 edificacións en zonas de dominio público marítimo terrestre, facendo tábula rasa e sen ningunha análise pormenorizada de cada caso: as informacións da Xunta falan de 232 empresas (sen aclarar de que tipo son e se teñen que ocupar necesariamente o DPMT ou poden ter outro emprazamento), 24 gasolineiras, 24 depuradoras, 11 mercados municipais, 10 centros de saúde, 7 campings, 6 cemiterios, etc.

Para o BNG, a zona costeira debe ser obxecto dun enfoque socioecolóxico, unha verdadeira xestión integrada e un plan integral de actuacións que contemple a protección fronte ás agresións e os riscos do cambio climático; a conservación dos valores naturais e culturais; a ordenación e planificación de usos e actividades; a xestión sustentábel dos recursos; unha dinamización socioeconómica ordenada e equilibrada, que evite o extractivismo e a especulación; a participación real dos diferentes axentes institucionais e sociais na toma de decisións; e a dotación de servizos para a mellora da calidade de vida e o benestar da poboación.

Todo isto debe acompañarse dun autogoberno real de Galiza sobre todos os ámbitos relacionados co mar e a costa, impulsando a transferencia de todas as competencias pendentes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta desenvolver mediante un proceso participativo a Axenda Galega do Litoral, unha folla de rota para o territorio costeiro galego que inclúa cando menos as seguintes liñas de actuación:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Reclamación e asunción por Galiza de todas as competencias relacionadas co mar e a costa: Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña; Centros de Investigación Oceanográfica; Instituto Social da Mariña; Capitanías Marítimas que dependen da Dirección Xeral da Mariña Mercante; Servizos Meteorolóxicos.

2. Participación dos concellos costeiros nos órganos de ordenación e xestión do litoral. A xestión integrada do litoral pasa pola participación das entidades locais (86 concellos nos que viven 1,5 millóns de persoas) na toma de decisións.

3.Blindar a función ecolóxica e produtiva das rías, primando as actividades produtivas tradicionais (marisqueo, pesca sustentábel, acuicultura extensiva) fronte a actividades contaminantes e agresivas como a mina de San Fins, a mina do Pino-Touro, a macrocelulosa de ALTRI, o complexo industrial de ENCE en Lourizán, e a eólica mariña.

4. Apoiar e impulsar a transferencia aos concellos da xestión dos equipamentos e terreos que que están integrados na trama e nas actividades urbanas.

5. Aprobación dun plan integral para o saneamento e depuración das augas costeiras e das rías galegas, e asunción pola Xunta da xestión das EDAR. Neste plan prestarase unha atención específica ás zonas das rías declaradas sensíbeis.

6. Procura dunha alternativa para as dragaxes portuarias que evite o uso do mar como vertedoiro de residuos e primando o tratamente en terra dos materiais de risco.

7. Encomenda ao sistema universitario galego dun estudo sobre os efectos do cambio climático, dos cambios no sistema ecolóxico, da erosión e da subida no nivel

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do mar na costa galega (ecosistemas, usos residenciais, actividades construtivas) e desenvolvemento dun plan para o traslado das instalacións e equipamentos que non precisan estar en zona de DPMT ou en zona de servidume.

8. Creación dun organismo para a adquisición e xestión de terreos e bens costeiros con valores naturais, culturais e para a biodiversidade e para a sinatura de acordos de custodia con entidades sen ánimo de lucro.

9. Elaboración dun Plan Director do patrimonio cultural do litoral, coa redacción por parte do Consello da Cultura Galega das directrices de protección, restauración e usos. En lugar de primar os usos turísticos e a privatización de edificios históricos, deberase estudar caso por caso as actuacións a realizar de conservación, rehabilitación e novos usos. Nestes terán prioridade os públicos e sociais, analizando a súa utilidade para equipamentos e servizos públicos. Prestarase atención específica ao patrimonio inmaterial do litoral, nomeadamente ás embarcacións tradicionais e á carpintaría de ribeira.

10. Suspensión dos parques eólicos mariños ata que se coñeza o seu impacto sobre os caladoiros e ecosistemas do litoral galego".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2025 16:02:26
Luis Bará Torres na data 15/10/2025 16:02:34
Daniel Castro García na data 15/10/2025 16:02:40
Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 16:02:47
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 16:02:54
Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2025 16:03:03
Rosana Pérez Fernández na data 15/10/2025 16:03:11
Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 16:03:20
Iria Carreira Pazos na data 15/10/2025 16:03:31
José Manuel Golpe Acuña na data 15/10/2025 16:03:42
Secundino Fernández Fernández na data 15/10/2025 16:03:51
Carmela González Iglesias na data 15/10/2025 16:05:11
Sonia Vidal Lamas na data 15/10/2025 16:05:22
Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/10/2025 16:05:32
Saleta Chao Rivas na data 15/10/2025 16:05:45
Óscar Insua Lema na data 15/10/2025 16:06:09
María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2025 16:06:27
Ramón Fernández Alfonzo na data 15/10/2025 16:06:41
Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2025 16:06:50
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/10/2025 16:06:59
Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2025 16:07:20
Cristina Fernández Davila na data 15/10/2025 16:07:26
Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2025 16:07:32
Iago Suárez Fernández na data 15/10/2025 16:07:38
Iria Taibo Corsanego na data 15/10/2025 16:07:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36954
Data envio: 15/10/2025 16:09:53.500

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 16:09:54

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:36
Nº Rexistro: 36959
Data envio: 15/10/2025 16:45:36.497

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 15/10/202
Por Secundino Fernándt
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación da sanidade vexetal.

Asinado o día 15/10/2025 ás 16:43
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 43/2002 establece que é responsabilidade da administración pública previr, controlar e indemnizar fronte a pragas vexetais. Sen embargo, obsérvase desde hai anos unha tendencia da xunta a trasladar esa carga aos sistemas privados (seguros agrarios), deixando ás labregas galegas case sen respaldo público efectivo.

Na comparecencia do 10/10/2025, o director xeral afirmou que a Consellería destina máis de 21 millóns de euros ao período 2022-2026 para sanidade vexetal. Tamén aludiu ao incremento das subvencións aos seguros agrarios (9,5 millóns en 2025).

Con todo, non se acompañou esa exposición con dados de execución concreta, informes de resultados, casos científicos verificados nin transparencia en desagregacións comarcais.

O director xeral recoñeceu que as pragas actuais en Galiza inclúen a couza guatemalteca da pataca, nematodo do piñeiro, flavescencia dourada, psila africana de cítricos e rata toupa.

Asinado o día 15/10/2025 ás 16:43
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:36
Nº Rexistro: 36959
Data envio: 15/10/2025 16:45:36.497

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A pesar das medidas obrigatorias que poden existir (trámites de destrución, obrigacións, zonas demarcadas), persiste a preocupación de que a capacidade de inspección, de vixilancia e de intervención real non siga o ritmo das pragas.

A política de fomentar o aseguramento do agro (incremento das subvencións ás primas de seguros) é presentada pola Xunta como unha solución, pero non pode substituír o deber público de intervención e compensación nos casos en que o seguro non alcance.

Moitas labregas non teñen cobertura, ou as pólizas non cobren pragas novas ou excepcionais — quedando sen protección real.

O desequilibrio entre os recursos privados e a débil intervención pública reforza un modelo de abandono do rural.

Non existe un inventario accesible público de proxectos de investigación en sanidade vexetal, nin memoria anual detallada que mostre investimento, resultados e transferencia ao campo. Sen esa columna vertebral científica, as medidas administrativas perden sostén técnico e adaptabilidade ás novas pragas.

A cidadanía, as labregas e os colectivos agrarios teñen dereito a coñecer os orzamentos reais, as execucións, os casos resoltos e os indicadores de eficacia.

Sen iso, as medidas quedan na esfera do discurso, sen impacto verificable.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:36
Nº Rexistro: 36959
Data envio: 15/10/2025 16:45:36.497

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e publicar anualmente unha memoria de sanidade vexetal, con datos transparentes de orzamentos, execución, resultados e indicadores.

2. Incluír a desagregación territorial para visibilizar onde se están as accións e onde non.

3. Incrementar e garantir un orzamento estable e crecente para investigación fitosanitaria galega, con proxectos auditables e transferibles ao campo.

4. Establecer forzas técnicas territoriais suficientes (inspectores, laboratorios comarcais) para vixilancia e control efectivo.

5. Que as indemnizacións públicas en pragas vexetais sexan reforzadas nos casos que os seguros non cobren, sen que unha póliza privada se considere substitutiva da intervención pública.

6. Desenvolver protocolos especiais de intervención para parcelas abandonadas e focos persistentes.

7. Asinar e publicar convenios obrigatorios e operativos con comunidades limítrofes (Portugal, outras CCAA) para intercambio de datos, colaboración e control fitosanitario conxunto.

8. Presentar no prazo máximo de 3 meses un plan de acción revisado para flavescencia dourada en Galiza, con orzamento, cronograma e medios específicos".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:36
Nº Rexistro: 36959
Data envio: 15/10/2025 16:45:36.497

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 15/10/2025 16:43:04
Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 16:43:15
Secundino Fernández Fernández na data 15/10/2025 16:43:26
Luis Bará Torres na data 15/10/2025 16:43:34

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:36
Nº Rexistro: 36959
Data envio: 15/10/2025 16:45:36.497

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 16:45:37

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:23:09
Nº Rexistro: 36977
Data envio: 15/10/2025 17:23:09.168

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a divulgación dos materiais recollidos durante o desenvolvemento do proxecto interuniversitario Nomes e Voces.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2006, declarado Ano da Memoria, o goberno galego puxo en marcha un proxecto de investigación sobre as vítimas da represión franquista denominado “Nomes e Voces” (As vítimas, os nomes, as voces e os lugares).

Esta iniciativa vehiculouse mediante un convenio coas universidades galegas, que se desenvolveu nos anos 2006-2010 e que tivo como principais resultados a elaboración dunha base de datos con 14.978 nomes relativos á represión franquista, 22.340 dixitalizacións, 404 entrevistas (a maiores das máis de 100 doadas por persoas particulares e investigadoras).

Ademais, conformouse un fondo con materiais (documentos, obxectos, fotografías) doadas por asociacións e familias, co obxectivo de crear un arquivo público da memoria histórica sobre a Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades e os dereitos de Galiza.

Malia a converterse nun proxecto de investigación e divulgación referente no Estado, coa chegada do PP ao goberno da Xunta en 2009 deixou de contar co financiamento público necesario e acabou por desaparecer. Aínda así mantívose activa a web do proxecto e baixo custodia a documentación e materiais que foron recompilados.

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:21
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:21
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:23:09
Nº Rexistro: 36977
Data envio: 15/10/2025 17:23:09.168

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta exitosa experiencia foi determinante para que a Secretaria de Estado de Memoria Democrática escollese o equipo universitario que desenvolveu o proxecto Nomes e Voces para levar a cabo a "elaboración dun censo estatal de vítimas da Guerra de España e a ditadura para o período 1936-1939", así como unha proposta metodolóxica para ampliar este censo.

Este recoñecemento da experiencia Nomes e Voces debería supoñer a recuperación, reactivación e difusión do traballo realizado, e a posta a disposición da sociedade galega dos fondos recompilados ao longo da súa existencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Poñer en valor a documentación, materiais e entrevistas recompiladas polo proxecto Nomes e Voces, para garantir a súa difusión, acceso e coñecemento público.

2. Crear un espazo físico e dixital para o estudo e a divulgación de toda a documentación relacionada coa Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades.

3. Desenvolver un programa para a recollida de materiais sobre esta temática que poidan ser doados ou entregados en depósito por parte de asociacións, persoal investigador e asociacións. Este programa incluirá a dixitalización e entrega de copias de documentación ás entidades e persoas colaboradoras".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:23:09
Nº Rexistro: 36977
Data envio: 15/10/2025 17:23:09.168

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 17:21:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 17:21:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:23:09
Nº Rexistro: 36977
Data envio: 15/10/2025 17:23:09.168

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:23:09

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:31:16
Nº Rexistro: 36983
Data envio: 15/10/2025 17:31:16.768

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/10/2
17:29
Por Noa Presas Berg

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a memoria das mulleres e o "Patronato de Protección a la Mujer".

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:29
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A represión das mulleres foi un dos signos de identidade da Ditadura franquista. As mulleres sufriron os mesmos tipos de represión cós homes: asasinatos, condenas de cárcere, agresións físicas, represión laboral, multas, desterro e exilio. E, a maiores, o réxime desenvolveu formas específicas especialmente crueis para perseguir, reprimir, torturar e amedrentar as mulleres, castigos con fortes tintes machistas como violacións, agresións físicas e psicolóxicas, rapado do cabelo, tatuaxe da pel, inxesta de aceite de rícino, exhibicións públicas…

En realidade podemos dicir que todas as mulleres foron vítimas do franquismo, por configurar un sistema político, social e moral profundamente machista e misóxino, que eliminou numerosos dereitos e estableceu normas morais e roles de xénero que restrinxiron as liberdades das mulleres e que as recluíu no espazo privado, no papel de nais e esposas. Neste profundo retroceso político e social xogaron un papel especialmente relevante a igrexa católica e organizacións como a Sección Feminina.

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:28
Por Luis Bará Torres

2.Dentro desta deriva retrógrada, reaccionaria e misóxina, a Ditadura ideou institucións dedicadas especificamente a recluír e castigar as mulleres por razóns morais e de orde sexual. É o caso do Patronato de Protección de la Mujer e a Obra de Redención de Mujeres Caídas. O Patronato foi creado por Decreto do 6 de novembro de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:31:16
Nº Rexistro: 36983
Data envio: 15/10/2025 17:31:16.768

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1941 e mantívose en activo até o ano 1985. No ano 1983 produciuse o traspaso da súa xestión á comunidade autónoma galega.

En 1983, por real decreto, BOE del 14 de noviembre, se ordena el traspaso de Funciones y Servicios de Administración del Estado a la Comunidad de Galicia en materia del Patronato de Protección a la Mujer". Firman dicho traspaso de funciones : José Elías García y MARIANO RAJOY BREY (entonces secretario de la comisión mixta prevista en la disposición transitoria cuarta del Estatuto de Autonomía de Galicia).

O obxecto do Patronato era “redimir a muller caída e axudar á que está en perigo de caer”. Para desenvolver os seus fins creou unha estrutura estatal (Junta Nacional, presidida por Carmen Polo) e provincial (Juntas Provinciales, das que formaban parte as elites políticas e sociais), e un sistema de vixilancia e de reclusión para encerrar, castigar e adoutrinar as mulleres que non cumprían as ríxidas normas morais impostas polo nacionalcatolicismo.

O sistema de vixilancia e control establecido polo Patronato constituíu un auténtico cárcere da moral na que se recluía a mulleres entre os 16 e os 25 anos, sen ningún tipo de garantía xurídica, por razóns como ter relacións sexuais hetero ou homosexuais, practicar a prostitución, consumo de estupefacientes, frecuentar determinados lugares que non se consideraban apropiados, e, en xeral, por “desviarse” das condutas que o réxime establecera como exemplo de moral feminina.

Como lugares de reclusión estableceuse unha rede de “casas de acollida”, rexentadas por congregacións relixiosas como as Adoratrices, as Oblatas, Terciarias capuchinas, Cruzadas evanxélicas, Trinitarias…

As mulleres ingresadas nos Centros de Observación e Clasificación e nas “casas de acollida” eran privadas de liberdade, adoutrinadas, sometidas a todo tipo de abusos e castigos, e obrigadas a facer traballos para empresas sen recibir ningunha remuneración. Nalgúns casos estableceuse relación entre a reclusión nestes centros e a trama de roubo de bebés.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:31:16
Nº Rexistro: 36983
Data envio: 15/10/2025 17:31:16.768

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. No referente a Galiza, nos últimos anos publicáronse importantes estudos de investigación sobre o Patronato e desenvolvéronse xornadas e encontros de divulgación sobre esta materia. Mais a documentación das "Juntas Provinciales" segue, espalladas por diferentes arquivos de difícil localización, na maior parte sen clasificar e sen dixitalizar. E está pendente de investigar a documentación das propias congregacións relixiosas colaboradoras do sistema oficial de reclusión e adoutrinamento das mulleres "descarriadas".

Cando xa transcorreron case 40 anos da supresión do Patronato, mantense unha pesada lousa de silencio e impunidade sobre esta materia, e en xeral sobre a represión cruenta e continuada que sufriron as mulleres durante o franquismo. E está tamén por estudar, coñecer e recoñecer o papel das mulleres como protagonistas da resistencia -incluíndo a súa participación na guerrilla antifranquista-, como creadoras de redes de solidariedade, e como transmisoras da memoria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo a partir do vindeiro ano 2026 unha programación de carácter plurianual sobre a represión franquista contra as mulleres galegas que inclúa medidas de investigación, divulgación, reparación, homenaxe e acceso á xustiza. Nesta programación desenvolverase un programa específico de estudo, divulgación e homenaxe sobre as mulleres como protagonistas da resistencia contra a Ditadura franquista, como integrantes das redes de solidariedade e como artífices da transmisión da memoria.

2. Promover os contidos sobre "muller e memoria histórica democrática" no ámbito do ensino, fomentando a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:31:16
Nº Rexistro: 36983
Data envio: 15/10/2025 17:31:16.768

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persecución, represión e restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual.

3. Desenvolver medidas de localización, dixitalización e acceso ao público da documentación do "Patronato de Protección de la Mujer" existente en arquivos e institucións galegas, e impulsar a investigación e a divulgación de traballos sobre esta materia.

4. Promover un acto nacional de reparación das mulleres que foron recluídas e reprimidas polo Patronato."

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:31:16
Nº Rexistro: 36983
Data envio: 15/10/2025 17:31:16.768

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 17:28:06
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 17:29:28
Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2025 17:29:49

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:31:16
Nº Rexistro: 36983
Data envio: 15/10/2025 17:31:16.768

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:31:17

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:46
Nº Rexistro: 36991
Data envio: 15/10/2025 17:56:46.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/10/2
17:54
Por Ramón Fernánde

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación das infraestruturas sanitarias na Galiza.

Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 15/10/2025 ás
17:54
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta semana produciuse un derrubamento dun falso teito no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol no vestíbulo principal que conecta co acceso á xerencia e nas dependencias da ADOS. Segundo se recolle na prensa, este suceso debeuse á rotura dunha tubaxe da auga e afortunadamente, non causou danos persoais.

Mais este derrubamento súmase ao acontecido a principios do mes de agosto, cando o teito se derrubou nunha das habitacións da parte máis antiga do centro, causando feridas a un paciente que se atopaba ingresado neste cuarto. Isto provocou actuacións de urxencias de urxencias sobre diferentes plantas de hospitalización do edificio antigo do CHUF para renovando materiais claramente envellecidos.

Cómpre sinalar que este centro hospitalario conta aínda a día de hoxe, en pleno ano 2025, con cuartos de hospitalización que non contan cun baño.

Esta situación de deterioro dos centros sanitarios públicos vemos como se repite de xeito alarmante por todo o País, coma no Hospital Materno de Ourense ou o Gil Casares e o Hospital Provincial no CHUS, mais que non se limita aos hospitais afectando tamén a centros de Atención Primaria. E fronte a isto resulta rechamante a

Asinado o día 15/10/2025 ás
17:53
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:46
Nº Rexistro: 36991
Data envio: 15/10/2025 17:56:46.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

falta de actuacións preventivas sobre estas infraestruturas sanitarias, que no caso dos centros hospitais, son de plena competencia da Xunta de Galiza.

Todo isto súmase ás graves carencias que presenta a sanidade pública a nivel de persoal, cunha importante falta de planificación e previsión que está a ter consecuencias notorias sobre a calidade asistencial que recibe a poboación, mais tamén sobre as condicións laborais do persoal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un plan, debidamente orzamentado e calendarizado, que deberá ser presentado nun prazo de 6 meses neste Parlamento no que se analice a situación dos centros sanitarios galegos, recollendo cales son as eivas referentes ao seu estado de conservación e a adecuación á fraxilidade das pacientes, así coma as melloras que deben ser acometidas para a súa mellora funcional".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:46
Nº Rexistro: 36991
Data envio: 15/10/2025 17:56:46.936

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/10/2025 17:53:55
María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2025 17:54:04
Ramón Fernández Alfonzo na data 15/10/2025 17:54:11
José Manuel Golpe Acuña na data 15/10/2025 17:54:18
Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 17:54:27

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:46
Nº Rexistro: 36991
Data envio: 15/10/2025 17:56:46.936

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:56:47

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:55:41
Nº Rexistro: 37002
Data envio: 16/10/2025 10:55:41.017

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Miguel A. Viso Diéguez, Angel Rodríguez Conde, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A recente vaga de incendios forestais que afectou a Galicia, e tamén a outras comunidades autónomas, durante o pasado verán, evidencian a crecente gravidade deste fenómeno. A confluencia de múltiples factores, entre os que están condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e períodos de seca máis prolongados, favorecen a propagación dos lumes, xerando consecuencias devastadoras sobre o noso patrimonio natural, a biodiversidade, a actividade económica do medio rural e mesmo a seguridade das persoas.

Galicia, pola súa enorme riqueza e extensión forestal, é especialmente vulnerable. Esta circunstancia esixe extremar as medidas de prevención e loita contra os incendios pero tamén, tras cada lume, resulta imprescindible acometer con urxencia actuacións de emerxencia e restauración. Entre elas, por exemplo a execución de medidas dirixidas a evitar procesos de erosión e perda de solo, así como medidas de protección, conservación e restauración forestal que permitan recuperar a funcionalidade dos montes e dos seus ecosistemas e reforzar a súa resiliencia fronte a futuros episodios.

Do mesmo xeito, resulta necesario garantir recursos para facer fronte a calquera outra situación de emerxencia e para xestionar con celeridade e eficacia tanto as tarefas preventivas como eses traballos que deben acometerse para minorar os impactos negativos que os incendios forestais provocan nos nosos montes.

Asinado o día 16/10/2025 ás 10:55
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:55:41
Nº Rexistro: 37002
Data envio: 16/10/2025 10:55:41.017

Neste obxectivo, a colaboración de todas as administración con competencias sobre o terreo resulta tan positiva como esixible, e que estes apoios se traduzan no financiamento de medidas concretas que incluso poden ser obxecto de execución conxunta.
Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, en particular ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a fin de garantir a súa colaboración económica e, de ser o caso, técnica, para acometer as obras de emerxencia, protección, conservación e restauración forestal dos montes danados polos incendios".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:55:41
Nº Rexistro: 37002
Data envio: 16/10/2025 10:55:41.017

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 10:55:24

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:55:41
Nº Rexistro: 37002
Data envio: 16/10/2025 10:55:41.017

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 10:55:41

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:05:38
Nº Rexistro: 37004
Data envio: 16/10/2025 11:05:38.352

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Juan Casares Gándara, Encarna Amigo Díaz, Miguel A. Viso Diéguez, Angel Rodríguez Conde, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

En xullo do ano 2020, a Unión Europea acordou a posta en marcha dun instrumento excepcional e temporal coñecido como *Next Generation EU,* dotado de máis de 750.000 millóns de euros. Este fondo de recuperación nacía co obxecto de garantir unha resposta europea, unitaria e coordinada, para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais tras a crise orixinada pola pandemia.

O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) constitúe o núcleo principal do fondo de recuperación e, de feito, absorbe a maior parte dos recursos mobilizados, en concreto, 672.500 millóns de euros. A finalidade do MRR é apoiar o investimento e as reformas nos Estados Membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente.

Así cada Estado Membro debía deseñar un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia no que se incluísen as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos.

O Plan ten catro eixos transversais que se vertebran en 10 políticas panca, dentro das cales se recollen trinta compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas previstas, baixo catro prioridades:

- a transición ecolóxica
- a transformación dixital
- a cohesión social e territorial

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:05
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

- a igualdade de xénero

A mobilización dun volume tan importante de recursos europeos supuxo unha oportunidade extraordinaria para o conxunto do noso país pero, lamentablemente, o Goberno que preside Pedro Sánchez impuxo unha xestión centralizada destes recursos, sen cogobernanza real e sen poder de xestión e decisión por parte dos Executivos autonómicos.

Desde Galicia vimos reclamando, en cada ocasión na que tivemos a oportunidade de facelo, incluso con acordos deste Parlamento, unha cogobernanza real dos fondos MRR e tamén un deseño dos proxectos que son obxecto de financiamento máis acordes cos intereses, necesidades e retos que temos no noso territorio.

O Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia de España prevé baixo o denominado compoñente 4 medidas para a defensa de ecosistemas e a protección contra incendios, máis en concreto, a renovación e modernización da frota de medios aéreos de extinción, a mellora de medios e infraestruturas asociados á prevención e minoración de danos por sucesos extremos, incluídos os incendios forestais.

Ao abeiro destas medidas, España, como Goberno, decidiu que era de abondo dedicar 240 millóns de euros a fondos para unha xestión forestal sostible, incluída a loita contra os lumes. Esta é unha cantidade manifestamente insuficiente se temos en conta que tan só é a terceira parte do investimento que dedicou Portugal, pese a ter un territorio moito menor.

Con todo, non só constitúe un problema a escasa dotación de recursos neste ámbito, senón tamén a baixa execución deste**s** fondos, problemática da que son única e exclusivamente responsables os actuais dirixentes do Goberno de España.

Desde o Goberno galego sempre se insistiu na idea de que se o Goberno central non é capaz de xestionar estes recursos. Está a tempo de facer unha transferencia a favor da Xunta de Galicia para que poida destinalos e investilos en xestión forestal e en prevención. O propio presidente da Xunta de Galicia insistía nesta

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

idea cando apuntaba que, “se o Goberno non sabe en gastar os fondos MRR, en Galicia temos motivos e sitios de sobra para poder facelo”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que aplique, en colaboración coas comunidades autónomas, un maior nivel de cogobernanza na execución dos recursos previstos no Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) e, nomeadamente, aqueles dirixidos a unha xestión forestal sostible, incluída a loita contra os lumes, chegando incluso a transferir a Galicia os recursos correspondentes, de tal xeito que se favoreza un impacto máis positivo sobre o territorio e sexa posible acadar un maior nivel de execución destes fondos”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:05:38
Nº Rexistro: 37004
Data envio: 16/10/2025 11:05:38.352

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:05:21

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:05:38
Nº Rexistro: 37004
Data envio: 16/10/2025 11:05:38.352

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:05:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:33
Nº Rexistro: 37006
Data envio: 16/10/2025 11:07:33.137

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

Exposición de Motivos

Galicia é, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. O noso monte representa unha fonte de riqueza, emprego e equilibrio ambiental, pero tamén require dunha xestión responsable para reducir o risco de incendios e loitar contra o abandono.

O Goberno galego leva anos impulsando medidas pioneiras en materia de ordenación forestal, mobilización de terras e prevención de lumes, con resultados recoñecidos tanto a nivel estatal como europeo. Con todo, é necesario seguir avanzando, ampliando instrumentos e simplificando trámites para que comunidades de montes, gandeiros e propietarios forestais conten con máis facilidades para poñer en valor as súas parcelas.

De feito, outro factor a ter en conta é que a gran maioría dos montes e terreos forestais galegos son de propiedade privada, incluída a figura tipicamente galega dos montes veciñais e man común. Son todos estes propietarios os que, en primeira instancia, teñen os dereitos e as obrigas para garantir que os montes se perpetúen no tempo, mellorando as súas condicións. E neste sentido, a administración ten que ir da súa man para favorecer un monte máis ordenado, produtivo e seguro, sen esquecer apoiar a actividade das empresas e dos axentes do sector forestal.

Compre, ademais, potenciar ferramentas contrastadas, como o lume técnico planificado baixo criterios científicos, que xa demostraron a súa eficacia na prevención de grandes incendios, ao tempo que se garanta a protección ambiental e o desenvolvemento sostible do noso rural.

En definitiva, interesa promover accións conxuntas que perseguen facilitarlles aos propietarios de montes o manexo sustentable dos recursos forestais, á vez que dotarnos de novos instrumentos, ou potenciar os xa dispoñibles, para dar unha maior axilidade ao conxunto do sector forestal e optimizar as distintas actividades que se

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:03
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:33
Nº Rexistro: 37006
Data envio: 16/10/2025 11:07:33.137

desenvolven no monte sen menoscabo dos dereitos dos propietarios e dos intereses colectivos da sociedade.

Con estes obxectivos e coa vontade de seguir facendo do monte galego unha oportunidade de futuro é polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Reforzar a planificación e execución das queimas técnicas realizadas pola Administración, incorporando o seu uso sistemático como medida de prevención de grandes incendios, tamén en áreas da Rede Natura 2000, sempre baixo criterios científicos e ambientais.

2. Favorecer a coordinación entre comunidades de montes, Administración autonómica, concellos e centros de investigación, co obxectivo de aplicar boas prácticas de xestión integrada que compatibilicen usos forestais, agrarios e ambientais".

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:33
Nº Rexistro: 37006
Data envio: 16/10/2025 11:07:33.137

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:03:47

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:33
Nº Rexistro: 37006
Data envio: 16/10/2025 11:07:33.137

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:07:33

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:14
Nº Rexistro: 37008
Data envio: 16/10/2025 11:08:14.352

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

Exposición de Motivos

Os incendios forestais que cada ano afectan aos nosos montes, traen consigo graves consecuencias económicas, ambientais e sociais. A experiencia demostra que a prevención é o instrumento máis eficaz e rendible para reducir os lumes.

Baixo esa premisa, as máis de 3.000 comunidades de montes que xestionan arredor de 650.000 hectáreas do noso territorio, desempeñan un papel clave na xestión sustentable do territorio, e tamén poden facelo colaborando en materia de prevención de incendios.

De feito, moitas comunidades de montes, tal e como xa anunciou a Consellería do Medio Rural en 2015, deben reinvestir polo menos o 40% dos seus ingresos na mellora da superficie forestal.

Con todo, a realidade actual demostra que as superficies forestais enfróntase agora a un risco de incendios de maior complexidade pola confluencia de múltiples factores, entre os que están condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, forteS ventos e períodos de seca máis prolongados.

Loitar contra estes factores, que favorecen a rápida propagación do lume, esixe tamén intensificar eses traballos de prevención e requiren un maior apoio dos titulares dos montes veciñais que contribúan a evitar ou minorar os impactos negativos que os incendios forestais provocan nos nosos montes.

Así, e dado que se require un maior grado de investimentos para acadar un nivel de protección axeitado, resulta conveniente incrementar a porcentaxe dos beneficios que se reinvisten en prevención de incendios, establecendo mecanismos que garantan esta

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:06
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

prioridade e acompañando, como non podía ser doutro xeito, con liñas de apoio desde a administración ás comunidades de montes veciñais e en man común.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.Establecer unha porcentaxe maior de reinvestimento obrigatorio dos beneficios obtidos polas comunidades de montes en man común para favorecer e impulsar tarefas de prevención de incendios forestais.

2.Garantir que estes investimentos se destinen prioritariamente a:

- Faixas de xestión da biomasa.
- Rozas estratéxicas
- Mellora de infraestruturas de acceso e puntos de auga.
- Plantación de áreas cortalumes de frondosas.
- Accións de auto protección en zonas de interface urbano-forestal.

3.Impulsar un sistema de control e avaliación anual que verifique o cumprimento dos reinvestimentos e permita mellorar a eficacia das medidas preventivas.

4.Intensificar a colaboración da administración autonómica cos titulares destas comunidades de montes veciñais e man común, impulsando, como vén facéndose ata o de agora, disintas liñas de apoio que permitan desenvolver con maior eficacia estas tarefas preventivas dos incendios forestais".

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:14
Nº Rexistro: 37008
Data envio: 16/10/2025 11:08:14.352

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:06:24

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:14
Nº Rexistro: 37008
Data envio: 16/10/2025 11:08:14.352

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:08:15

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:52
Nº Rexistro: 37010
Data envio: 16/10/2025 11:08:52.832

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

Exposición de Motivos

Os incendios forestais convertéronse nunha das principais emerxencias ambientais, sociais e económicas que afronta o noso país cada verán. O lume destrúe hábitats naturais, pon en risco a vida de cidadáns e profesionais de extinción, ameaza pobos enteiros e ocasiona perdas millonarias no medio rural. A iso súmase un custo emocional irreparable para quen ve desaparecer os seus fogares e a súa contorna natural.

Aínda que algúns incendios teñen causas naturais ou accidentais, é especialmente alarmante a porcentaxe deles que son provocados de maneira intencionada. A acción de quen prende lume ao monte supón unha conduta criminal que non só atenta contra a natureza, senón que pon en xaque a seguridade de todos. A sociedade demanda unha resposta contundente fronte a estas condutas reiteradas. Pero o Goberno de España, lonxe de anticiparse, limítase a improvisar, deixando ao país sen instrumentos eficaces para a prevención e a vixilancia.

Na actualidade, España carece dun rexistro nacional de condenados por incendios forestais. Esta lagoa impide a coordinación eficaz entre administracións e deixa baleiros na prevención. Esta situación debe corrixirse mediante un mecanismo claro, transparente e centralizado.

Ademais, a reincidencia neste tipo de delitos, unida á dificultade de vixilancia durante os meses de maior risco —cando a combinación de altas temperaturas, seca e vento multiplica o perigo de grandes incendios—, fai necesario reforzar os sistemas de control. O uso de tecnoloxías como as pulseiras telemáticas de xeolocalización xa se aplica noutros ámbitos penais e demostrou ser eficaz na prevención e na protección de posibles vítimas. Estender esta ferramenta aos condenados por provocar incendios forestais representa un paso lóxico e proporcionado en defensa do interese xeral.

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:04
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:52
Nº Rexistro: 37010
Data envio: 16/10/2025 11:08:52.832

En definitiva, non podemos permitir unha política de brazos cruzados fronte á ameaza dos incendios forestais. A protección dos nosos bosques, da biodiversidade e das comunidades rurais require valentía lexislativa e medidas firmes.

A creación dun Rexistro Nacional de Pirómanos e a implantación de dispositivos telemáticos durante os períodos de maior risco reforzarán a capacidade preventiva, aumentarán a coordinación institucional e enviarán unha mensaxe clara á sociedade: quen atente contra os nosos montes enfrontarase a un control estrito e efectivo.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1.Impulsar a creación dun Rexistro Nacional de Pirómanos, que permita identificar e centralizar os datos de todas as persoas condenadas en firme por delitos relacionados con incendios forestais, co fin de mellorar a prevención, a vixilancia e a coordinación entre administracións.

2. Regular a obrigación de portar pulseiras telemáticas de xeolocalización para os condenados por incendios forestais que cumpran penas en réxime aberto, liberdade condicionada ou tras a súa excarceración, especialmente durante os meses de maior perigo de incendios, reforzando así as garantías de seguridade e protección do medio ambiente".

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:52
Nº Rexistro: 37010
Data envio: 16/10/2025 11:08:52.832

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:04:15

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:52
Nº Rexistro: 37010
Data envio: 16/10/2025 11:08:52.832

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:08:53

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:16:07
Nº Rexistro: 37012
Data envio: 16/10/2025 11:16:07.042

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

No ano 2019, mediante o Real Decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, incorporouse á cotización das persoas traballadoras autónomas unha achega do 0,1% destinada á formación profesional para o emprego, co obxectivo de garantir que este colectivo puidese acceder a programas de actualización e mellora das súas competencias profesionais, en condicións equiparables ás das persoas asalariadas.

Con todo, case seis anos despois da entrada en vigor desta medida, nin o Ministerio de Traballo e Economía Social nin o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións teñen deseñado os programas formativos específicos para o colectivo autónomo, nin estableceron o procedemento polo cal as persoas traballadoras por conta propia poidan exercer efectivamente este dereito.

A día de hoxe, non se coñece como se van empregar os fondos recadados a través das cotas da Seguridade Social, nin existe unha planificación clara sobre a súa xestión a través do Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) e da Fundación Estatal para la Formación en el Empleo (FUNDAE). Isto supón que máis de 3,3 millóns de traballadores e traballadoras autónomas están a contribuír economicamente a unha prestación da que non se benefician, convertendo esa cotización nun agravio comparativo e nunha inxustiza evidente.

O dereito á formación profesional é un instrumento esencial para o desenvolvemento do tecido produtivo, a modernización das pequenas empresas e

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:15
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:16:07
Nº Rexistro: 37012
Data envio: 16/10/2025 11:16:07.042

dos negocios individuais, así como para a mellora da competitividade e a adaptación aos novos retos tecnolóxicos e de mercado.
Negar na práctica este dereito supón limitar a capacidade de innovación, de reciclaxe profesional e de crecemento económico dun sector que representa unha parte fundamental da economía española e galega.

Por iso o Goberno de España, de maneira urxente, ten que dar cumprimento ao mandato legal e destinar os recursos económicos recadados á súa finalidade orixinal, poñendo en marcha un programa específico de formación profesional para as persoas traballadoras autónomas, xestionado polo SEPE e canalizado a través da FUNDAE, garantindo así que este colectivo poida acceder ás accións formativas en igualdade de condicións co resto dos traballadores.

A formación é investimento, progreso e futuro. As persoas autónomas pagan por ela, e teñen dereito a recibila.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para:

1.- Que destine os fondos recadados pola cota do 0,1% á súa finalidade orixinal, garantindo que se empreguen en accións formativas específicas e adaptadas ás necesidades do colectivo autónomo.

2.- Que, a través do Ministerio de Traballo e Economía Social e do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, poña en marcha de maneira inmediata as medidas necesarias para activar o sistema de formación profesional dirixido ás persoas traballadoras autónomas, dando cumprimento ao disposto no Real Decreto-lei 28/2018".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:16:07
Nº Rexistro: 37012
Data envio: 16/10/2025 11:16:07.042

PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:16:07
Nº Rexistro: 37012
Data envio: 16/10/2025 11:16:07.042

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:15:52

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:16:07
Nº Rexistro: 37012
Data envio: 16/10/2025 11:16:07.042

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:16:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:18:37
Nº Rexistro: 37014
Data envio: 16/10/2025 11:18:37.971

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A deriva do Goberno de Sánchez cos traballadores autónomos tamén pode observarse coa negativa a traspoñer a normativa comunitaria que lles favorece como é o caso da Directiva (UE) 2020/285. Esta norma comunitaria introduce un réxime especial de franquicia no IVE orientado a reducir custes administrativos e de cumprimento das pequenas empresas.

A Directiva comunitaria faculta aos Estados membros a posibilidade de eximir do IVE ás empresas cun volume de negocio anual por baixo dun limiar que non pode superar os 85.000 €, e ofrecerlles a opción entre o réxime xeral ou o de franquía. A norma podería estar de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2025, pero o Goberno de Pedro Sánchez retrasa a súa aplicación en España, todo iso, a pesar de expoñerse a sancións polo incumprimento na transposición e na posta en marcha dun instrumento pensado para aliviar a carga burocrática e financeira das pemes e persoas autónomas.

Tamén seguen pendentes a Directiva (UE) 2022/542, que reforma os tipos do IVE, e a Directiva (UE) 2023/2775, que actualiza os criterios de tamaño empresarial e debía estar trasposta antes do 24 de decembro de 2024.

No caso galego, unha parte maioritaria do tecido autónomo podería optar por un réxime que evita liquidacións periódicas do IVE e simplifica a facturación, co consecuente aforro de tempo e custes. As estatísticas do IVE da AEAT amosan que, a nivel estatal, arredor do 57% dos declarantes están por baixo dos 85.000 euros

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:18
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de volume de operacións, o que permite estimar para Galicia máis de 100.000 potenciais beneficiarios .

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:18:37
Nº Rexistro: 37014
Data envio: 16/10/2025 11:18:37.971

A non transposición destas directivas supón unha desvantaxe competitiva fronte a outros Estados membros que xa aplican a franquía, mantén trámites innecesarios para miles de pequenos negocios, e dificulta a formalización e o crecemento empresarial, especialmente en sectores con marxes axustados e alta estacionalidade moi presentes en Galicia.

Pola contra, o Partido Popular sempre mostrou unha especial sensibilidade cara ao colectivo dos autónomos e pemes consciente de que só se se facilita a actividade emprendedora e empresarial pódese crear emprego. Así se demostra na acción de goberno da Xunta de Galicia e nas diferentes accións que en apoio deste colectivo desenvolve a nosa Comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a transposición urxente da Directiva UE 2020/285 do Consello do 18 de febreiro e, deste xeito, poñer en funcionamento antes de que remate o ano o réxime de franquía do IVE para pequenas empresas e persoas autónomas".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:18:37
Nº Rexistro: 37014
Data envio: 16/10/2025 11:18:37.971

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:18:23

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:18:37
Nº Rexistro: 37014
Data envio: 16/10/2025 11:18:37.971

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:18:38

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:27:47
Nº Rexistro: 37016
Data envio: 16/10/2025 11:27:47.050

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Sanz Arias, Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Todo apunta a que o obxectivo do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez é seguir incrementando a recadación á conta do esforzo dos profesionais autónomos. Concretamente, vén de avanzar unha proposta que aumentaría as cotizacións sociais para este colectivo con subas estimadas de ata 206 euros mensuais, segundo o perfil de cada profesional.

Coa nova proposta da Seguridade Social, todas as cotas soben con respecto ás do ano anterior sen excepción. Por iso, a iniciativa dos partidos da esquerda no Goberno, como non podía ser doutro xeito, xerou inquedanza entre o colectivo de traballadores autónomos que demandan maior precisión, proporcionalidade e medidas complementarias que freen a asfixia económica destes profesionais na que parece terse instalado o Executivo estatal.

Tamén as principais asociacións de autónomos amosaron a súa preocupación e esixen maior diálogo, antes de que a proposta gobernamental se concrete definitivamente en textos lexislativos. Sinalan, con acerto, que este cambio pode ter un impacto significativo, especialmente para quen cotiza en tramos medios. E lembran que moitas pequenas empresas xa operan con estreitas marxes de beneficio e que unha cota excesiva pode converterse nun freo á actividade, a contratación e a innovación.

Cabe lembrar que o Executivo de Pedro Sánchez asestou en 2023 un novo sabrazo ás cotizacións dos autónomos. O plan do entón, consistiu en obrigar aos máis de 3

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:27
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

millóns de autónomos que hai no noso país para cotizar polos seus ingresos reais, o que supuxo arrebatarlles boa parte da súa autonomía.
A isto hai que engadir a suba de impostos aos carburantes, a subida do imposto de matriculación, do imposto de circulación, as novas tributacións sobre plásticos e residuos, e a harmonización fiscal á alza ou o aumento das peaxes pola utilización de vías de transporte terrestre, que supoñen tamén que paguen máis os autónomos.

Ningún país pode saír adiante desde o castigo a quen contribúe coas súas cotizacións. En lugar de avanzar e corrixir os erros que houbo na regularización de 2023, ou en mellorar a protección social dos autónomos para os próximos anos, o Goberno de Sánchez expón unha subida de cotizacións inasumible para moitos autónomos e que, desde logo, ten un non rotundo do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Desde o Partido Popular temos claro que o presente e o futuro de Galicia pasa por apoiar aos emprendedores e de maneira particular aos autónomos.

Non podemos deixar ao carón e sós ante a adversidade —como si está a facer o Goberno— a un colectivo que tanto achega ao noso país. Falar de autónomos é falar dun colectivo que xera riqueza e emprego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia e trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1º- Paralizar o pretendido intento de aumentar as cotizacións sociais para o colectivo de persoas traballadoras autónomas e garantir que calquera reforma do sistema deba realizarse por consenso, con grupos políticos e cos representantes dos colectivos de autónomos.

2º- Adoptar medidas complementarias de simplificación administrativa e redución de trámites, en coordinación coas comunidades autónomas, que

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

permitan ás persoas autónomas centrarse na súa actividade produtiva e non na burocracia".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:27:47
Nº Rexistro: 37016
Data envio: 16/10/2025 11:27:47.050

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:27:30

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:27:47
Nº Rexistro: 37016
Data envio: 16/10/2025 11:27:47.050

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:27:47

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar unha Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque público de vivendas propiedade da Xunta de Galiza é extremadamente escaso, con apenas 3.800 unidades que representan un 0,3% do total das vivendas, fronte ao 16% que representan estas en Francia, o 17% en Inglaterra, o 21% en Dinamarca, 24% en Irlanda do norte, o 24% en Escocia ou o 29% en Países Baixos.

Esta situación, tan afastada doutros países europeos, é consecuencia de non ter construído na segunda metade do s. XX grandes parques públicos de vivendas e, despois, de ter paralizado e arrasado por completo durante 17 anos a política de vivenda pública que tomara impulso na etapa anterior para tratar de corrixir este déficit histórico.

Neste momento de crise de acceso á vivenda é cando se evidencian dunha forma máis crúa a carencia desta infraestrutura pública como mecanismo eficaz para garantir un dereito básico como é a vivenda.

Ante isto, a Xunta de Galiza vén de anunciar un incremento da vivenda pública mais que presenta dúas grandes eivas: a primeira é que ambiciona un volume insuficiente de unidades e, a segunda, fai unha aposta case total pola nova construción fronte a outras solucións baseadas na rehabilitación e na mobilización de vivenda xa construída que permita solucións a curto prazo.

Asinado o día 16/10/2025 ás 13:00
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 16/10/2025 ás 13:00
Por Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dende o BNG consideramos que unha estratexia axeitada para a ampliación do parque público de vivenda debe contemplar, ademais da nova construción, estratexias e mecanismos que mediante a adquisición vivenda e/ou posterior rehabilitación permitan incorporar de forma áxil máis unidades.

Neste momento o único mecanismo para a adquisición pública de vivendas e inmobles para a súa incorporación ao parque público está limitada ao programa Rexurbe. Un programa moi limitado en cuanto ao ámbito de actuación -só uns poucos centros históricos en todo o país, non vinculado á demanda de vivenda- e que conta cunha execución e financiamento moi escaso, que fai con que non resulte un instrumento eficaz para paliar a alta demanda de vivenda pública que se constata no rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta.

Unha política de adquisición pública ambiciosa ten ademais outras grandes virtudes fronte a unha estratexia baseada exclusivamente en novos desenvolvementos urbanísticos. Por exemplo, evita a segregación espacial das persoas de rendas máis baixas en fragmentos urbanos periféricos, como se pretende cos novos PIA de solo residencial. Tamén permite actuar para mobilizar parque inmobiliario baleiro, fomenta a rehabilitación e evita o consumo innecesario de solo.

Os datos en materia de vivenda evidencian que a actual crise de vivenda non se debe a un problema de stock total construído, xa que o ratio de vivendas por habitante non deixou de aumentar nas dúas últimas décadas, pasando do 0,48 en 2001 ao 0,65 en 2021, ao tempo que a vivenda baleira pasou de 300.000 unidades a 500.000 tan só nos últimos dez anos. Por tanto temos cada vez máis vivenda construída pero resulta máis difícil acceder a ela, porque unha parte cada vez maior non se destina a un uso residencial principal e a que si o fai está atravesada polo incremento continuo e desmedido de prezos.

Por tanto, o BNG aposta pola posta en marcha dunha estratexia con novas medidas que aposte por incrementar o parque público de vivendas mediante a adquisición pública

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de vivendas, de forma que nos permita acadar dous grandes obxectivos: incrementar de forma áxil o parque público de vivendas ou tempo que contribuímos a unha mellor utilización do parque construído, reducindo o número de vivendas baleiras, contribuíndo ao mantemento e mellora do parque construído e reducindo o consumo de solo e recursos.

Por último, cabe destacar que se abren novas oportunidades de financiación nesta liña ao incluírse como novidade no novo borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 liñas de financiación dirixidas de forma específica para a adquisición de vivendas por parte das Administracións, que pode alcanzar o 70% dos custes do investimento e até un 85% se se trata dunha zona de mercado tensionado. Por tanto, vemos que a aposta pola intervención pública sobre o parque xa construído que vimos defendendo dende o BNG vai sumando apoios e ábrense novas oportunidades de financiamento que o goberno galego non debera deixar pasar.

Precisamente para aproveitar esta oportunidade e desenvolver unha estratexia coherente coa realidade territorial galega, dende o BNG propomos a creación inmediata dunha estratexia galega de adquisición pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas. Esta debe incluír unha serie de obxectivos por comarcas e a nivel galego coherente coa situación de demanda de vivenda pública, coas dificultades no acceso á vivenda e co estado do parque construído, que como mínimo aspire a incorporar 4.000 novas vivendas en 5 anos mediante a adquisición por parte da Xunta de Galiza.

Para lograr estes obxectivos a Xunta de Galiza despregará unha serie de medidas que permitan á Administración a adquisición de vivenda con prezos axustados. Entre elas, o despregue de instrumentos de tenteo e retracto en favor da Administración Pública en determinados ámbitos onde exista unha necesidade de incremento da oferta de vivenda pública, o exercicio efectivo dese dereito na transmisión de vivenda protexida, ou a creación dunha comisión técnica especializada dentro do IGVS que asegure o seu bo desenvolvemento.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta a pór en marcha a Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas no prazo máximo de 6 meses que inclúa, cando menos, as seguintes medidas:

- Análise territorializada da demanda de vivenda pública e estado do parque construído que permita definir obxectivos cuantificables a nivel galego e por concellos ou áreas supramunicipais.

- Definición dun cronograma para a consecución de obxectivos, que como mínimo permita alcanzar as 4.000 vivendas adquiridas en 5 anos.

- Execución efectiva polo IGVS dos dereitos de tenteo e retracto nas transmisións de vivenda protexida, tal e como prevé o art. 75 e ss da Lei de Vivenda de Galiza.

- Incorporar a previsión lexislativa para a delimitación polas administracións (Xunta e concellos) de áreas de incorporación de terreos, inmobles e vivendas con destino ao parque público de vivenda, así como os instrumentos xurídicos eficaces para a súa adquisición, incluíndo o exercicio de dereito de tenteo, de forma que permita ás Administracións Públicas dispor de solucións vantaxosas e axustada economicamente.

- Creación dunha comisión técnica especializada na adquisición pública e a definición de criterios de selección de inmobles obxectivos que teñan en conta o impacto das actuacións, tanto en termos de modelo urbano e sociais, como da calidade arquitectónica das vivendas e de sustentabilidade económica.

- Xestionar de forma transparente, continua e accesible o inventario dos patrimonios públicos de solo e de vivenda.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Aumentar as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en solo urbanizable e en solo urbano non consolidado, tanto o regulado no artigo 17.b).1, coma o 17.b).2. da Lei do Solo de Galicia en, como mínimo, o establecido na lexislación estatal. Eliminar os criterios de revisión á baixa destas porcentaxes.

- Asumir as competencias en materia de vivenda para realizar a primeira declaración de zonas de mercado tensionado a nivel galego e desenvolver a súa normativa, de forma que en todos aqueles ámbitos que cumpran as condicións se poidan incrementar as previsibles axudas para adquisición de vivenda do vindeiro Plan Estatal de Vivenda do 70% ao 85% .

- Realizar unha proposta de adecuación do novo Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 aos obxectivos e prioridades definidas nesta Estratexia Galega de Adquisición Pública de Vivenda".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2025 13:00:07

Luis Bará Torres na data 16/10/2025 13:00:15

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:02:16

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:23:35
Nº Rexistro: 37084
Data envio: 16/10/2025 13:23:35.220

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 16/10/2
13:01
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A posta en marcha da nova liña circular de autobús urbano en Ferrol estivo marcada pola improvisación e a falta de planificación por parte da Xunta de Galicia e da empresa concesionaria. Segundo recollen os medios de comunicación, nin os condutores nin as persoas usuarias contaban con información clara sobre o percorrido, as paradas ou os horarios do servizo, chegando a producirse situacións de desconcerto nas primeiras xornadas de funcionamento.

Asinado o día 16/10/2025 ás
13:01
Por Carlos López Font

Este feito é especialmente grave tendo en conta que o transporte público é un servizo esencial para a mobilidade da cidadanía e para a cohesión territorial. A falta de información e coordinación demostra unha vez máis o desleixo coa que a Xunta de Galicia xestiona os servizos de transporte, en particular no ámbito metropolitano e urbano de Ferrol, unha comarca xa castigada pola deficiente planificación do transporte interurbano e pola inexistencia dun verdadeiro sistema integrado de mobilidade.

Ademais, esta situación evidencia a ausencia de campañas de comunicación adecuadas, de coordinación cos concellos e de implicación dos profesionais do servizo, o que repercute negativamente na confianza da cidadanía e na eficiencia do transporte público.

Asinado o día 16/10/2025 ás
13:01
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende o Partido Socialista consideramos imprescindible que se poña orde nesta situación, garantindo unha planificación seria e rigorosa, con información pública, accesible e anticipada para todas as persoas usuarias, e con mecanismos de avaliación e mellora continua do servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar o funcionamento da nova liña circular de autobús urbano en Ferrol, identificando as incidencias rexistradas durante o seu inicio e as causas das deficiencias na información á cidadanía.
2. Poñer en marcha de inmediato unha campaña informativa clara e accesible para a veciñanza, con mapas, horarios e paradas visibles en formato físico e dixital.
3. Comprometerse a publicar, antes de calquera nova modificación no transporte urbano ou metropolitano, un plan detallado que recolla percorridos, horarios e medidas de comunicación á cidadanía.

Santiago de Compostela, a 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:23:35
Nº Rexistro: 37084
Data envio: 16/10/2025 13:23:35.220

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/10/2025 13:01:31

Carlos López Font na data 16/10/2025 13:01:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/10/2025 13:01:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:23:35
Nº Rexistro: 37084
Data envio: 16/10/2025 13:23:35.220

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:23:35

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:30
Nº Rexistro: 37226
Data envio: 20/10/2025 10:09:30.013

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/10/2
09:58
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Ariadna Fernández González**, **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as condicións laborais do persoal que traballa nos centros de discapacidade, de menores e nas escolas infantís de Galiza e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

Por Iago Suárez Fernández

Asinado o día 20/10/2025 ás
09:58
Por Ariadna Fernández González

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola importancia de que o Parlamento se pronuncie coa máxima celeridade sobre este asunto que atinxe servizos públicos esenciais e dereitos sociais de poboación vulnerable.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 6 de novembro o persoal dos centros de persoas con discapacidade, centros de menores e das escolas infantís está chamado a unha xornada de folga pola mellora das súas condicións laborais e salariais.

Trátase de servizos públicos esenciais que están na súa maior externalizados quer en empresas privadas, quer en entidades sociais. Porén, malia atender poboación

Asinado o día 20/10/2025 ás
09:58
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:30
Nº Rexistro: 37226
Data envio: 20/10/2025 10:09:30.013

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extremadamente vulnerable, desenvolven o seu traballo en condicións de precariedade e con salario que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional.

Así mesmo, as rateos de persoal son pírricas, non responden ás necesidades reais de atención sendo, tamén, que nin sequera sempre están garantidas.

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisible que sectores como os de protección e reforma de menores estean en mans de entidades privadas regulados, alén do máis, por un decreto de hai vinte anos. É inxustificábel que o persoal das escolas infantís de Galiza –sufragadas todas elas con cartos públicos-- conten con táboas salariais diferentes e que nunha mesma localidade poida haber traballadoras desenvolvemento o mesmo labor mais cobrando salarios completamente distintos.

De igual maneira, é indigno que as traballadoras e traballadores dos centros de discapacidade estean a percibir salarios que non chegan ao SMI con rateos por baixo do mínimo esixíbel para garantir unha atención de calidade.

Ao igual que acontece no sector das residencias ou do servizo de axuda no fogar, as máis de 5.000 traballadoras e traballadores destes máis de 500 centros dependentes da Consellaría de Política Social, levan anos reclamando mellores condicións laborais e mudanzas normativas que garantan os dereitos fundamentais das persoas usuarias. Porén, só recibiron o desprezo e o silencio do goberno do Partido Popular na Xunta a comezar polo da responsábel da Consellaría que nin sequera se dignou a recibilos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:30
Nº Rexistro: 37226
Data envio: 20/10/2025 10:09:30.013

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a recibir de maneira inmediata a representación sindical das traballadoras e traballadores dos centros de menores, centros para persoas con discapacidade e escolas infantís e a abrir un proceso de diálogo coa parte social e a patronal co obxectivo de negociar convenios galegos nestes ámbitos que melloren as condicións laborais e salariais do seu persoal".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:30
Nº Rexistro: 37226
Data envio: 20/10/2025 10:09:30.013

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2025 9:58:18
Ariadna Fernández González na data 20/10/2025 9:58:27
Iria Carreira Pazos na data 20/10/2025 9:58:39
María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2025 9:58:47
Iago Suárez Fernández na data 20/10/2025 9:59:05

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:30
Nº Rexistro: 37226
Data envio: 20/10/2025 10:09:30.013

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:09:30

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 20/10/2
11:29
Por Alexandra Fernár

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luís Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto** e **Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a anulación dos taxazos de SOGAMA e a necesidade dun novo modelo de xestión dos residuos municipais.

Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 20/10/2025 ás 11:29
Por Paulo Ríos Santomé

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de aprobar un acordo ao respecto antes de que se aproben os orzamentos da xunta para o 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Logo de comprobar o atraso da maior parte dos Estados no cumprimento do obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos municipais para o 2020, a UE lanzou en 2018 unha nova Directiva de Residuos que establecía importantes modificacións normativas e obxectivos máis ambiciosos para 2025 e 2030.

https://eur-lex.europa.eu/ES/legal-content/summary/eu-waste-management-law.html

No caso do Estado español incumpríronse claramente os obxectivos do 50% en 2020 e pode haber un expediente sancionador por este motivo. No caso de Galiza,

Asinado o día 20/10/2025 ás 11:29
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sitúase á cola do Estado en materia de reciclaxe, con unha porcentaxe en 2022 do 21%, moi lonxe do obrigatorio 50%. (Hai comunidades que si cumpriron ou están cerca de cumprir ese obxectivo).

Os malos resultados de Galiza explícanse porque a Xunta incumpriu as directrices do Plan estatal de residuos (PEMAR) e do Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022, que fixaba un obxectivo de recollida separada e tratamento de 245.000 toneladas de materia orgánica (agora denominada biorresiduos) e prevía a construción de 12 plantas de compostaxe e outras microplantas.

En lugar de levar a cabo estas medidas, a Xunta optou por unha deriva suicida de ampliación das instalacións de SOGAMA e de licitación de grandes contratos, co obxectivo declarado de tratar de maneira centralizada todos os residuos municipais xerados en Galiza, máis de 1 millón de toneladas/ano. Estes contratos, plurianuais e por valor de máis de 750 millóns de euros (a maioría co grupo ourensán VALTALIA-COPASA) é unha das causas principais do tensionamento das contas de SOGAMA e da necesidade de incrementar os ingresos

2. A Directiva Europea de Residuos establece entre outras cuestións a necesidade de penalizar a incineración e o depósito en vertedoiro, para desincentivar estas solucións finalistas e pouco sustentábeis e favorecer outras que encaixan no criterio da economía circular como a prevención (non xeración de residuos), a recollida separada (especialmente dos biorresiduos), a reutilización e a reciclaxe.

En consonancia con estes criterios da Directiva Europea, *a Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular* creou un novo imposto denominado IDIRES (imposto ao depósito e incineración de residuos) que grava a incineración e o depósito en vertedoiro. Este imposto foi transferido á Xunta a finais de 2022, págao SOGAMA en función das toneladas que destina a incineración e

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vertedoiro e ingrésase nas contas da Facenda pública galega. Segundo datos de SOGAMA supuxo 9 millóns de euros en 2023 e prevén 12 millóns en 2024.

A Directiva Europea e a lexislación estatal prevén outras importantes novidades:

-A recollida separada dos biorresiduos desde comezos de 2024 (preferentemente para a compostaxe aínda que tamén prevé a produción de biogás)

-A recollida separada de mobles, enseres, residuos téxtiles antes do 1 de xaneiro de 2025 (neste caso establece a previsión de contratos reservados).

-A posibilidade de crear sistemas de devolución e retorno de certos envases fronte ao monopolio de ECOEMBES)

-A repercusión no recibo do lixo dos custos do servizos (aquí entra tamén o pago por xeración...)

-A realización obrigatoria de plans de xestión e opcional de plans de prevención.

-Outros temas importantes como a aprobación de ordenanzas e servizos de inspección.

A maiores, fixa uns obxectivos máis ambiciosos de reciclaxe, que teñen que cumprir os Estados e as comunidades, que teñen as competencias de planificación e ordenación.

3. A decisión do goberno galego de aprobar un novo taxazo de SOGAMA en 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, supuxo un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasou dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Esta taxa de 108 euros pode verse reducida en 13 euros por tonelada no caso de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento dunha serie de condicións (redución do 1% na produción de residuos; incrementar o 3% ou máis a recollida selectiva de envases, latas, briks ou da fracción orgánica).

4. Aínda que o goberno galego elaborou un relato para xustificar este taxazo atribuíndo as causas a factores externos (fundamentalmente a decisións do goberno central), a realidade é que o desfase nas contas de SOGAMA ten que ver co fracaso do sistema de xestión de residuos maioritario en Galiza e con unha estratexia expansiva de ampliación de SOGAMA con grandes contratos que incrementaron de maneira exponencial os gastos da sociedade.

Podemos dicir, polo tanto, que a Xunta impuxo que os concellos pagasen a factura da súa mala xestión e de decisións erradas en materia de residuos. E malia que Galiza incumpre os obxectivos fixados pola normativa europea, estatal e galega en relación coa recollida separada, reutilización e reciclaxe de residuos, o goberno galego comete o erro de eliminar os poucos incentivos que había en favor deses obxectivos.

Por outra parte estamos nun momento de grandes cambios normativos e no modelo de xestión de residuos, polo que este tema debería ser obxecto dun grande debate e de acordos políticos e institucionais. Fronte a esta necesidade de acordos, o goberno do PP aposta polos feitos consumados e as decisións unilaterais que blindan decisións do pasado sen ningún tipo de análise e autocrítica. O proceso seguido para a aprobación do Plan de Xestión dos Residuos Municipais de Galiza é un bo exemplo da falta de diálogo e da unilateralidade.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

"O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Anular os taxazos impostos por SOGAMA en 2024-2025 e abrir un proceso de diálogo coas entidades locais en relación co modelo de xestión dos residuos municipais e os seus custos. Con este obxectivo, constituirase unha comisión de traballo entre Sogama, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP.

2. Destinar a recadación do imposto derivado da Lei 7/22 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular a programas de prevención, redución e reciclaxe dos residuos municipais, en colaboración cos concellos.

3. Establecer un sistema de bonificacións graduais na taxa que pagan os concellos a SOGAMA, aplicando incentivos relacionados co cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Promover a redución da xeración de residuos establecendo obxectivos anuais e plurianuais.

b) Incrementar a reciclaxe das diferentes fraccións dos residuos municipais.

c) Implantar a recollida separada de materia orgánica e instaurar sempre que sexa posíbel un programa de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

d)Trasladar a rebaixa das taxas aos recibos da veciñanza, supeditada ao cumprimento dunha serie de criterios ambientais e sociais.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Iniciar un programa de colaboración coas entidades locais en materia de residuos, coas seguintes liñas de actuación:

-Colaboración e asesoramento para a elaboración e aprobación de ordenanzas municipais de residuos, así como de plans de prevención e xestión de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a posta en marcha de servizos de inspección de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a implantación de sistemas de recollida separada de biorresiduos e doutras fraccións (téxtiles, enseres, mobiliario) de recollida separada obrigatoria a partir de 2025.

-Colaboración no establecemento de taxas ou prestacións patrimoniais, que permitan implantar o pagamento por xeración e que reflictan o custo real da recollida, transporte e tratamento dos residuos.

5. Promover campañas de sensibilización e concienciación social para favorecer o consumo responsábel, así como a importancia da separación en orixe para a posterior reutilización e reciclaxe.

6. Impulsar e mellorar a compostaxe, apoiando as iniciativas promovidas por concellos (mediante o fomento da compostaxe domiciliaria e comunitaria) e tamén a entidades públicas e privadas que polas súas características xeren gran volume de biorresiduos (comedores públicos, comedores sociais, restauración, superficies comerciais, etc).

7. Priorizar a compostaxe dos biorresiduos municipais fronte a outras opcións menos sustentábeis como a biometanización.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Ampliar a rede de plantas de compostaxe de biorresiduos existentes en Galiza, co obxectivo de garantir o tratamento da parte destes materiais que non se poida xestionar con tratamentos de proximidade (compostaxe domiciliaria e comunitaria). Neste contexto, fomentaranse tamén experiencias de agrocompostaxe.

9. Establecer mecanismos de colaboración cos diferentes sistemas de xestión de residuos que existen no territorio galego, aproveitando os aspectos positivos de cada un e corrixindo os erros.

10. Elaborar unha proposta sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, co obxectivo de acadar un acordo de país en materia de residuos que deberá ser refrendado polos grupos parlamentares no prazo máximo de seis meses".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/10/2025 11:29:02
Paulo Ríos Santomé na data 20/10/2025 11:29:13
Alexandra Fernández Gómez na data 20/10/2025 11:29:21
Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/10/2025 11:29:30
Sonia Vidal Lamas na data 20/10/2025 11:29:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:43:32
Nº Rexistro: 37246
Data envio: 20/10/2025 11:43:32.829

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 11:43:33

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:07:06
Nº Rexistro: 36429
Data envio: 10/10/2025 10:07:06.644

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López** e **Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

Nunha recente entrevista a ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez, asegurou que xa se entregaron sobre 100.000 vivendas das máis de 180.000 prometidas polo presidente do Goberno, Pedro Sánchez, durante a campaña electoral.

Esta afirmación contrasta coa realidade que perciben os cidadáns, sobre o terreo, e as propias comunidades autónomas que non contan co apoio preciso da administración do Estado para facer fronte ao reto de dispoñer de máis vivendas a prezos accesibles.

De feito, en Galicia descoñecemos onde están emprazadas esas vivendas entregadas polo Ministerio, cal é o número destes inmobles posto a disposición da cidadanía e cando se fixeron efectivas a entrega de chaves aos seus propietarios ou adxudicatarios.

Parece evidente que a acción de propaganda do Goberno de España supera amplamente a realidade obviando que afrontar un problema como o da vivenda esixe sumar esforzos de todas as administracións, cada quen desde o seu marco competencial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:06
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:07:06
Nº Rexistro: 36429
Data envio: 10/10/2025 10:07:06.644

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, nun exercicio de transparencia e rendición de contas, identifique cales son as vivendas que o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana construíu en Galicia, nos últimos cinco anos, o seu emprazamento e a data na que tivo lugar a súa entrega efectiva".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:07:06
Nº Rexistro: 36429
Data envio: 10/10/2025 10:07:06.644

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 10:06:52

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:07:06
Nº Rexistro: 36429
Data envio: 10/10/2025 10:07:06.644

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:07:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:34
Nº Rexistro: 36434
Data envio: 10/10/2025 10:48:34.499

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 10/10/2
10:42
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Van xa moitos anos falando das Unidades de Atención a Persoas Drogodependentes (UMAD), cuxos titulares son os concellos e, en concreto, de que estas unidades sexan asumidas pola Xunta de Galicia que é a autoridade competente.

Só lembrar que a Lei xeral de sanidade di: "Son os departamentos de Saúde das comunidades autónomas as que exclusivamente teñen as competencias de atención sanitaria das diferentes enfermidades"

E non é discutible que o Sistema Nacional de Saúde debe asumir a asistencia ás persoas drogodependentes en termos de igualdade e equidade como sucede co resto dos pacientes.

Como tampouco é discutible que a Oficina de Nacións Unidas para o control da droga considera imprescindible a integración dos servizos de tratamento e rehabilitación das persoas drogodependentes nos sistemas sanitarios xenerais, descartando a creación de redes paralelas específicas.

Pero os concellos que son titulares das Unidades de Atención a Drogodependencia, ven que o proceso de transferencias das devanditas unidades á Xunta de Galicia apenas ou nada avanza.

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:41
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:41
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

En outubro de 2024, presentamos unha iniciativa porque a Xunta non cumprira o cronograma remitido unilateralmente pola propia Xunta para abordar o traspaso das UMAD.

Pero tras varias reunións mantidas, tras a remisión de toda a documentación solicitada pola Xunta aos concellos, de novo a Comunidade Autónoma segue incumprindo os prazos fixados por ela mesma.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia que remita á Fegamp e aos concellos afectados o borrador do Decreto, ou a norma que se considere máis adecuada, no que se prevea a transferencia das Unidades de Atención a Drogodependentes á Xunta de Galicia, antes de finalizar o ano 2025.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:34
Nº Rexistro: 36434
Data envio: 10/10/2025 10:48:34.499

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 10:41:44
Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 10:41:52
José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 10:42:01

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:34
Nº Rexistro: 36434
Data envio: 10/10/2025 10:48:34.499

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:48:35

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:48
Nº Rexistro: 36435
Data envio: 10/10/2025 10:48:48.192

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Magdalena Pérez Millares,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A dignidade das mulleres é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese. A sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e, de maneira ineludible, debe ser garantida por todos os poderes públicos. En contraste, hoxe nos atopamos cun Executivo estatal que lonxe de velar pola dignidade das mulleres, fai todo o contrario; e iso a pesar de autodefinirse como "o máis feminista da historia".

Os escándalos relacionados co Goberno de España que saíron á luz nos últimos anos xeraron unha profunda alarma e indignación por parte dos cidadáns, en especial polas mulleres. As novas investigacións relacionados con redes de prostitución ou con conversacións nas que se cousificaba e deshumanizaba a mulleres tratándoas como mero obxecto de consumo sexual, representan graves episodios, dignos de reproche e rexeitamento.

Ao mesmo tempo que se coñecían todos estes escándalos, as malas noticias seguían aflorando: as agresións sexuais e violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen crecendo as vítimas de trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGén e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas, como resultado da aplicación da nefasta Lei coñecida como a do "Só si é si".

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:48
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:48
Nº Rexistro: 36435
Data envio: 10/10/2025 10:48:48.192

As mulleres e a sociedade no seu conxunto necesitan gobernos á altura das circunstancias, que tome medidas para erradicar a trata de persoas e os delitos contra a liberdade sexual, que persiga aos delincuentes, que apoie ás vítimas e que trate con dignidade e respecto a todas as mulleres.
Nesta liña, son alarmantes os datos que evidencian que o Sistema de Protección ás Mulleres vítimas de Violencia de Xénero, o coñecido como sistema VioGén que recentemente se actualizou no VioGén 2, segue tendo importantes fallos e lagoas que se evidencian no feito de que 12 das 48 mulleres asasinadas por mans das súas parellas ou exparejas no ano 2024 estivesen xa dentro do sistema VioGén sen que servise para nada. Dentro dun sistema que non lles protexeu, que non lles amparou, que lles fallou.

A realidade de trata de persoas no conxunto de España é arrepiante. Segundo os datos do propio Ministerio do Interior, en 2024 aumentou o número de vítimas un 22%. E en canto ás persoas en situación de risco, alcanzouse o récord histórico das 7.697 persoas, aumentando nun ano un 9%, pero o que é máis grave, duplicándose a cifra en tan só 4 anos.

Sorprende diante destas alarmantes cifras, o Goberno siga sen tomar medidas e continúe alongando os prazos dun Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra trata e a explotación de seres humanos, demostrando o seu nulo interese no avance do mesmo e incumprindo de maneira inxustificada co mandato do Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado en 2017 e recentemente renovado.

En canto á realidade sobre os delitos contra a liberdade sexual, os datos son especialmente alarmantes. Segundo a información achegada polo Ministerio do Interior a través dos seus balances trimestrais de criminalidade e do informe sobre delitos contra a liberdade sexual que publica anualmente, as agresións sexuais non paran de crecer. Desde que Sánchez está no Goberno, as violacións duplicáronse. En 2024 superáronse as 5.000 agresións con penetración, o que supón que se comenten máis de 14 violacións ao día en España, é dicir, unha violación cada menos de dúas horas.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

E mentres as violacións e as agresións non deixan de crecer, a sociedade segue coñecendo novas sentenzas con rebaixas de condenas a violadores e pederastas ao aplicarse a nefasta Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do "Só si é si".

As consecuencias desta norma son tan graves que o Goberno optou por ocultar aos españois o número de agresores sexuais que se beneficiaron dela.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

A dor que se volveu a inflixir ás vítimas, que viron como se reducían as condenas aos seus agresores ou, mesmo, saían á rúa, é de tal magnitude, que é inaceptable ver como a día de hoxe ninguén asumiu responsabilidades políticas abandonando totalmente ás vítimas das agresións sexuais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1.- Acelerar a aprobación dunha lei integral contra a trata e a explotación de seres humanos, tal e como queda recollido na renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que sexa implacable contra as mafias e organizacións criminais que a exercen e que dote ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado de maiores ferramentas e máis formación, co obxectivo de erradicar esta lacra.

2.- Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de trata e explotación de seres humanos.

3.- Recoñecer as nefastas consecuencias da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual e a facer públicos os datos referentes aos condenados que se viron beneficiados con reducións de condenas e excarceracións desde a entrada en vigor da lei.

4.- Adoptar medidas concretas para paliar a revictimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

5.- Impulsar medidas para fortalecer o sistema VioGen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

6.- Aumentar os efectivos policiais como medida na loita para erradicar os delitos de violencia de xénero.

7.- Asumir as responsabilidades e pedir perdón ás vítimas diante do gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola Fiscalía Xeral.

8.- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.

9.- Informar sobre cantas vítimas quedáronse sen protección, cantos procesos xudiciais víronse afectados e cantos maltratadores beneficiáronse polo fallo do sistema COMETA desde o 20 de marzo de 2024.

10.- Garantir a protección ás vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a soportar este transo con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:48
Nº Rexistro: 36435
Data envio: 10/10/2025 10:48:48.192

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 10:48:34

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:48:48
Nº Rexistro: 36435
Data envio: 10/10/2025 10:48:48.192

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:48:48

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:12
Nº Rexistro: 36441
Data envio: 10/10/2025 12:06:12.180

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 10/10/2
12:00
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Óscar Insua Lema** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o impulso definitivo do hospital de oncoloxía no Hospital público comarcal da Costa da Morte.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:00
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos escoitando aos membros do goberno da Xunta de Galiza, sobre todo en campañas electorais, que no Hospital comarcal da Costa da Morte imos ter un hospital de día oncolóxico. O Consello de Goberno anunciou en xaneiro que a Xunta habilitaba este ano hospitais de día onco-hematolóxicos en Barbanza e en Cee, destinando 1,4 M€ ás obras das novas instalacións, prevéndose un maior esforzo no Hospital Público da Barbanza, onde é preciso construír un novo espazo para albergar o servizo, e estimando que o hospital de día "Virxe da Xunqueira" asistirá a 365 doentes, que evitarán o desprazamentos a Santiago de Compostela e A Coruña, e posibilitando o acceso a tratamentos especializados para enfermidades oncolóxicas e hematolóxicas como quimioterapia e transfusións, sen necesidade de desprazamento nin de hospitalización prolongada.

O 22 de maio deste ano, este mesmo deputado preguntou na Comisión 5ª de sanidade sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da habilitación no Hospital Comarcal da Costa da Morte do hospital de día oncohematolóxico, así como as características que definían o proxecto e o seu estado de tramitación. As preguntas foron respostadas polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, o Sr. Alfredo Silva, o cal afirmaba nesa comisión que as obras de acondicionamento do espazo e dotación de equipamento para o hospital oncolóxico tiña un prazo de execución de tres meses, e que as obras comezarían nas vindeiras semanas aproveitando o período estival e vacacional para interferir o menos posible na actividade do Centro sanitario.

Asinado o día 10/10/2025 ás
11:59
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:12
Nº Rexistro: 36441
Data envio: 10/10/2025 12:06:12.180

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasou o verán, e as obras de reacondicionamento seguen sen rematar, e a promesa de que o hospital de día estaría en funcionamento no mes de outubro non se cumpriu. Así mesmo, non se coñece proceso algún para dotar do persoal necesario para atender este novo servizo, o que indica que as previsións iniciais non se van a cumprir, polo que é preciso impulsar todas as medidas para conseguir que o centro oncolóxico de día comece a funcionar este mesmo ano e o máis axiña posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rematar as obras de acondicionamento do servizo onco-hematolóxico e dotalo de equipamento, axilizando todos os trámites necesarios para poñelo en funcionamento no vindeiro mes de novembro."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:12
Nº Rexistro: 36441
Data envio: 10/10/2025 12:06:12.180

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 10/10/2025 11:59:30
María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2025 12:00:21
Iria Carreira Pazos na data 10/10/2025 12:00:34
Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2025 12:00:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:12
Nº Rexistro: 36441
Data envio: 10/10/2025 12:06:12.180

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:06:13

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:11:11
Nº Rexistro: 36446
Data envio: 10/10/2025 12:11:11.841

Asinado o día 10/10/2
12:10
Por Ana Pontón Monc

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:10
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:10
Por Alexandra Fernández Gómez

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as carencias e recortes no CEIP Mestre Martínez Alonso de Mos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Mestre Martínez Alonso de Mos está sufrindo a falla de persoal docente como consecuencia da política de recortes educativos que exerce o goberno do PP. A pesar das reiteradas peticións por parte do centro, a Xunta de Galiza segue negándose a asignar o persoal necesario. Esta situación ten un impacto directo na atención e na calidade educativa que reciben os nenos e nenas, na inclusión do alumnado con maiores necesidades de apoio e na sobrecarga de traballo do persoal docente.

Este é un centro de atención preferente, polo que conta cunha alta porcentaxe de alumnado con necesidades especiais. Porén a Consellería vén de suprimir neste curso un dos profesores de apoio en educación infantil. O recorte deste docente incumpre a normativa xa que se trata dunha aula que o ano anterior tiña asignado un profesor de apoio ao superar a súa ratio pola incorporación de novo alumnado, sen que se realizase o desdobre de aula e suprimindo agora a Consellería esa figura de apoio.

Ademais, 2 alumnos contaban até o de agora cun profesor de Pedagoxía Terapéutica asignado, que neste curso tamén foi suprimido. Isto a pesar de que estes 2 alumnos continúan no centro e que ademais se incorporaron 3 alumnos máis con necesidades educativas especiais, todos con diagnóstico e informe de dependencia.

Continuando nesa liña de recortes inxustificados, a Xefatura Territorial incumpriu coa súa promesa de ampliación dun docente a xornada completa, apenas asignando un

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:11:11
Nº Rexistro: 36446
Data envio: 10/10/2025 12:11:11.841

profesor a media xornada, co cal os alumnos de 3º de Primaria iniciaron o curso con medio titor.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a aumentar o persoal docente do CEIP Mestre Martínez Alonso en Mos, cando menos cos seguintes profesionais:

- Profesor de apoio en Educación Infantil.

- Profesor de Pedagoxía Terapéutica.

- Profesor a xornada completa na titoría de 3º de Primaria."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:11:11
Nº Rexistro: 36446
Data envio: 10/10/2025 12:11:11.841

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/10/2025 12:10:05
Cristina Fernández Davila na data 10/10/2025 12:10:11
Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2025 12:10:19

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:11:11
Nº Rexistro: 36446
Data envio: 10/10/2025 12:11:11.841

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:11:12

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:40:55
Nº Rexistro: 36451
Data envio: 10/10/2025 12:40:55.068

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 10/10/2
12:34
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª.**

O Concello de Oia conta con aproximadamente 3.075 habitantes. Con un descenso da poboación dende o 2023, aínda que non moi pronunciada. Pero se hai un dato claro é que case un terzo da súa poboación supera os 65 anos.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:34
Por Patricia Iglesias Rey

Isto tradúcese en máis necesidades sociais, dependentes e illamento para persoas maiores.

Xa en novembro do ano 2024, os socialistas pedimos que se incluíse nos orzamentos do ano 2025, unha partida para a posta en marcha dun centro de dia. E a día de hoxe nada se sabe.

Queremos reiterar esta demanda, e que esta demanda se inclúa no compromiso da Xunta de Galicia de financiar novos centros sociais municipais destinados á atención de maiores, inclusive centros de día, no marco do Plan de equipamentos sociais.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:33
Por Elena Espinosa Mangana

E non temos evidencia clara de que Oia figure entre os concellos previstos para ter un centro de día, a pesares de cumprir criterios claros de vulnerabilidade: baixa densidade poboacional, elevada proporción de persoas maiores, distancias grandes aos centros de servizos, despoboamento do rural.

A falta dun centro de día no concello obriga aos maiores a desprazamentos longos para recibir atención diúrna, iso agrava o illamento, sobrecarga de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

coidadores familiares, e pode atrasar ou prexudicar intervencións preventivas ou de mantemento da autonomía.

Ademais, a falta deste servizo constitúe unha manifestación máis dunha política da Xunta con déficits claros nos servizos sociais básicos, particularmente nas áreas rurais, onde o PP gobernante adoita descoidar as persoas que non teñen voz ou non están en urbes.

O Grupo Socialista demanda compromisos reais, con partidas orzamentarias claras e prazos vinculantes, para que Oia conte con centro de día.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asignar no próximo orzamento autonómico unha partida orzamentaria específica para dotar a Oia dun centro de día.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:40:55
Nº Rexistro: 36451
Data envio: 10/10/2025 12:40:55.068

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 12:33:57

Patricia Iglesias Rey na data 10/10/2025 12:34:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 12:34:15

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:40:55
Nº Rexistro: 36451
Data envio: 10/10/2025 12:40:55.068

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:40:55

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:44
Nº Rexistro: 36452
Data envio: 10/10/2025 12:47:44.948

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 10/10/2
12:34
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

O Concello de Oia conta con aproximadamente 3.075 habitantes. Con un descenso da poboación dende o 2023, aínda que non moi pronunciada. Pero se hai un dato claro é que case un terzo da súa poboación supera os 65 anos.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:34
Por Silvia Longueira Castro

Isto tradúcese en máis necesidades sociais, dependentes e illamento para persoas maiores.

Xa en novembro do ano 2024, os socialistas pedimos que se incluíse nos orzamentos do ano 2025, unha partida para a posta en marcha dun centro de dia. E a día de hoxe nada se sabe.

Queremos reiterar esta demanda, e que esta demanda se inclúa no compromiso da Xunta de Galicia de financiar novos centros sociais municipais destinados á atención de maiores, inclusive centros de día, no marco do Plan de equipamentos sociais.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:34
Por Elena Espinosa Mangana

E non temos evidencia clara de que Oia figure entre os concellos previstos para ter un centro de día, a pesares de cumprir criterios claros de vulnerabilidade: baixa densidade poboacional, elevada proporción de persoas maiores, distancias grandes aos centros de servizos, despoboamento do rural.

A falta dun centro de día no concello obriga aos maiores a desprazamentos longos para recibir atención diúrna, iso agrava o illamento, sobrecarga de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:44
Nº Rexistro: 36452
Data envio: 10/10/2025 12:47:44.948

coidadores familiares, e pode atrasar ou prexudicar intervencións preventivas ou de mantemento da autonomía.

Ademais, a falta deste servizo constitúe unha manifestación máis dunha política da Xunta con déficits claros nos servizos sociais básicos, particularmente nas áreas rurais, onde o PP gobernante adoita descoidar as persoas que non teñen voz ou non están en urbes.

O Grupo Socialista demanda compromisos reais, con partidas orzamentarias claras e prazos vinculantes, para que Oia conte con centro de día.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

1. Estudar a radicación óptima en Oia para un centro de día para maiores —preferiblemente en núcleo ben comunicado— e comprometer un calendario para a súa planificación, infraestruturas e funcionamento, e inicio de actividade.

2. Asignar no próximo orzamento autonómico unha partida orzamentaria específica para dotar a Oia dun centro de día.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:44
Nº Rexistro: 36452
Data envio: 10/10/2025 12:47:44.948

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 12:34:26
Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 12:34:37
José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 12:34:45

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:44
Nº Rexistro: 36452
Data envio: 10/10/2025 12:47:44.948

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:47:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:53:53
Nº Rexistro: 36480
Data envio: 10/10/2025 13:53:53.101

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 10/10/2
13:51
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

A principios de outubro, coñecemos o informe correspondente aos datos da listaxe de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a 30 xuño 2025.

Que nos sitúan en 360.450 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, incluído a Povisa. E en 358.039 sen Povisa. (Indicamos Povisa porque é como figura nos citados listados e non coa nova denominación).

Corresponderíanse con 127.891 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 193.336 pendentes dunha consulta e 49.223 pendentes dunha cirurxía.(ou 46.812 sen Povisa).

É triste, pero segue aumentando o número de persoas en listaxe de agarda, e isto a pesares do efecto da diminución do número de esperas en consultas, dado que as persoas pendentes dunha cirurxía aumentaron e as probas diagnósticas tamén.

O conselleiro dixo na presentación dos datos do ano 2024: “Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Asinado o día 10/10/2025 ás 13:51
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás 13:51
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o problema e que no caso das cirurxías con prioridade 1, tamén aumentaron tanto os días de agarda como o número de persoas en agarda.

E, efectivamente, é un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E con isto referímonos á accesibilidade e non á calidade que a consideramos garantida cando se accede, pero o problema e acceder.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha mecanismos e instrumentos concretos que leven a rebaixar o tempo de espera nas consultas, nas probas diagnósticas e nas cirurxías e marcándose un obxectivo medible.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:53:53
Nº Rexistro: 36480
Data envio: 10/10/2025 13:53:53.101

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 13:51:09
Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 13:51:17
José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 13:51:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:53:53
Nº Rexistro: 36480
Data envio: 10/10/2025 13:53:53.101

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 13:53:53

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:40:08
Nº Rexistro: 36485
Data envio: 10/10/2025 16:40:08.620

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Galicia conta coa principal frota de cerco do Estado, un sector estratéxico que xera emprego directo e indirecto en decenas de portos galegos e que depende das cotas de especies fundamentais como a sardiña e o bocarte (anchoa).

Porén, os actuais repartos de posibilidades de pesca establecidos pola Unión Europea e acordados entre España e Portugal resultan profundamente inxustos para Galicia. Segundo datos coñecidos, Portugal recibe o 66,5 % da cota da sardiña ibérica e o 90 % do bocarte nas augas comprendidas entre Fisterra e a fronteira sur portuguesa, mentres que Galicia, con máis barcos e maior dependencia socioeconómica destas pesqueiras, queda nunha posición claramente discriminada.

A situación agrávase porque, ademais, dentro do propio reparto español, a sardiña distribúese cun 58,45 % para o noroeste (onde opera a frota galega) e un 41,54 % para o Golfo de Cádiz, malia ser Galicia o territorio onde máis peso ten a actividade do cerco.

Estes desequilibrios ameazan a viabilidade de moitas confrarías e empresas galegas, mentres outros territorios se benefician dun sistema de cupos que non responde nin ao esforzo pesqueiro nin ao impacto social real do sector.

Asinado o día 10/10/2025 ás 16:39
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Resulta, polo tanto, necesario que Galicia defenda ante o Goberno de España e a Unión Europea un reparto máis equitativo e adaptado á realidade produtiva e social galega, así como que se abra unha revisión dos criterios históricos de distribución das cotas de sardiña e bocarte, incorporando datos actualizados de actividade, rendemento e dependencia económica das frotas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Solicitar formalmente ao Goberno de España que defenda ante a Comisión Europea unha revisión do actual sistema de reparto das cotas de sardiña e bocarte entre España e Portugal, co obxectivo de garantir un trato máis xusto para Galicia, proporcional á súa frota e ao seu peso económico e social no sector do cerco.

2.- Reclamar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que impulse unha mesa técnica con representación da frota galega de cerco, das confrarías e das comunidades autónomas afectadas, para propoñer criterios obxectivos de redistribución baseados en datos reais de actividade e dependencia.

3.- Defender ante a Unión Europea a necesidade de revisar os criterios históricos de asignación das cotas ibéricas, adaptándoos á evolución das poboacións mariñas, á sustentabilidade e ao impacto socioeconómico nas comunidades costeiras.

4.- Manter o apoio técnico e institucional da Xunta de Galicia á frota galega de cerco, tanto no asesoramento científico como na representación ante o Estado e a UE, para que Galicia teña voz e voto nas decisións que afectan ao seu futuro".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:40:08
Nº Rexistro: 36485
Data envio: 10/10/2025 16:40:08.620

PARLAMENTO DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:40:08
Nº Rexistro: 36485
Data envio: 10/10/2025 16:40:08.620

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 16:39:47

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:40:08
Nº Rexistro: 36485
Data envio: 10/10/2025 16:40:08.620

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 16:40:11

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:48:47
Nº Rexistro: 36489
Data envio: 10/10/2025 16:48:47.211

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

Galicia é líder europeo na industria transformadora e conserveira de produtos do mar, con centros produtivos que xeran miles de empregos directos e indirectos, especialmente nas comarcas costeiras. Vigo e a súa área industrial concentran unha parte esencial da actividade do sector, con empresas que exportan a máis de cen países e que representan un piar da economía azul galega.

O recente acordo alcanzado entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos para manter as preferencias arancelarias nos produtos pesqueiros importados, incluídos os procedentes do Sáhara Occidental, constitúe unha noticia moi positiva para o conxunto do sector.

Segundo datos da patronal Anfaco-Cecopesca, este pacto evitará un impacto estimado de máis de 30 millóns de euros anuais en taxas arancelarias e garante a continuidade dos fluxos comerciais por valor de máis de 600 millóns de euros anuais.

Asinado o día 10/10/2025 ás 16:48
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Trátase dun acordo que achega seguridade xurídica, estabilidade e confianza ás empresas galegas, asegurando que a UE manteña un marco de comercio xusto e previsible co seu principal socio pesqueiro no Atlántico sur. Ademais, o novo protocolo de asociación respecta plenamente as condicións establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), identificando a orixe dos produtos e someténdoos ao control aduaneiro marroquí.

Neste contexto, é necesario que Galicia exprese o seu apoio a todas aquelas medidas europeas que garantan un marco estable de relacións comerciais e permitan consolidar a competitividade da nosa industria conserveira e transformadora, exemplo de calidade, innovación e sostibilidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Apoiar institucionalmente o novo acordo de asociación comercial entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, no que se manteñen as preferencias arancelarias para os produtos pesqueiros, por consideralo estratéxico para a industria galega.

2.- Solicitar ao Goberno de España que defenda no seo da UE a necesidade de manter a estabilidade e seguridade xurídica nas relacións comerciais con

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Marrocos, garantindo sempre o cumprimento das condicións establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

3.- Reforzar o acompañamento institucional ao sector conserveiro galego, apoiando as súas accións de internacionalización, competitividade e sostibilidade no marco de feiras e eventos internacionais como Conxemar ou Anuga.

4.- Promover campañas de divulgación e recoñecemento do valor estratéxico da industria conserveira galega, que é un dos principais motores económicos e laborais do país, especialmente nas zonas costeiras".

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:48:47
Nº Rexistro: 36489
Data envio: 10/10/2025 16:48:47.211

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2025 16:48:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:48:47
Nº Rexistro: 36489
Data envio: 10/10/2025 16:48:47.211

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 16:48:48

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:03:55
Nº Rexistro: 36599
Data envio: 13/10/2025 12:03:55.858

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/10/2
11:58
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa aos últimos datos das listas de espera do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cos segundos peores datos de Galiza, e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 13/10/2025 ás 11:58
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As altas listas de agarda por unha consulta hospitalaria na Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras son unha constante e, da mesma maneira que no resto de Galiza, aínda non recuperaron os índices pre pandemia, máis alá da reiterada manipulación e falta de transparencia respecto da realidade das listas de agarda estruturais denunciada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galega, polas profesionais e pola Plataforma en defensa da sanidade pública galega. Neste sentido, no noso país é negada sistematicamente a transparencia e impídese unha análise rigorosa do conxunto das listas de agarda porque se oculta a información real ao eliminar a todas aquelas persoas que son contactadas para ofrecerlle unha derivación á privada. Cando a persoa consultada rexeita esta proposta é eliminada a efectos de estatística como se realmente esa persoa xa fora atendida. Ademais, cómpre ter en conta unha práctica normalizada en moitas especialidades e centros consistente en indicar á persoa que vai agardar que “será citado ou citada telefonicamente” deixando a cita “en buzón”. Polo tanto, podemos afirmar que estes datos de listas de agarda son realmente maiores do que recoñece o goberno galego.

Asinado o día 13/10/2025 ás 11:57
Por Noa Presas Bergantiños

Canto á realidade ourensá, na primeira quincena de outubro de 2025 coñecíanse os datos da Consellaría de Sanidade respecto ás listas de agarda ata o mes de xuño de 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:03:55
Nº Rexistro: 36599
Data envio: 13/10/2025 12:03:55.858

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia a aparente mellora, hai que ter en conta que as listas de agarda son as segundas peores de Galiza e que neste ano 2025 a Xunta de Galiza continuou a súa deriva privatizadora amparando un concerto coa sanidade privada de Vigo que ademais agrava a obrigatoriedade de desprazamentos para as e os doentes. Así mesmo, hai especialidades aínda colapsadas como Oftalmoloxía e rehabilitación por riba dos 100 e 90 días e, por outra banda, preocupa o dato de Cirurxía xeral e dixestiva por riba da media galega de 50 días, rozando os 60.

Ademais, é preciso salientar que, como xa ten denunciado reiteradamente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, recentemente coñeciamos un demoledor informe do Consello de Contas que fiscaliza a asistencia sanitaria con medios alleos da macroárea sanitaria de Ourense, Verín e O Barco. Entre as conclusións do citado informe sinálase que no 2022, que é o ano estudado, en Ourense aumentou con máis intensidade a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos: se en Galiza aumentou un 5%, na macroárea, un 6,8%. É máis, a área de Ourense é a área de Galiza na que máis aumentou e máis peso ten a derivación á privada (cun peso do 20%). Para máis inri, no ano 2025 o goberno galego impulsou un macro contrato á privada de Vigo, a través de Vithas, que implica máis desprazamentos para a cidadanía que ten como referencia a atención hospitalaria ourensá.

Os datos coñecidos recentemente amosan que estas fórmulas non están a servir para paliar adecuadamente a lista de agarda e que a Xunta non impulsa medidas para atraer profesionais, empeorando cada vez máis a capacidade e a calidade asistencial.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a constituír de forma urxente unha mesa de traballo na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras na que se aborden os

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:03:55
Nº Rexistro: 36599
Data envio: 13/10/2025 12:03:55.858

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

problemas estruturais dos hospitais e das especialidades con maiores problemas de funcionamento, singularmente oftalmoloxía e rehabilitación, avaliando medidas para a atracción de persoal e abordando as melloras necesarias para incentivar a contratación, como o aumento da duración e estabilidade dos contratos e medidas de formación e/ou investigación para facer atractivas as prazas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:03:55
Nº Rexistro: 36599
Data envio: 13/10/2025 12:03:55.858

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2025 11:57:56
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/10/2025 11:58:04
María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2025 11:58:11
Iria Carreira Pazos na data 13/10/2025 11:58:19
Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2025 11:58:26

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:03:55
Nº Rexistro: 36599
Data envio: 13/10/2025 12:03:55.858

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:03:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:38:57
Nº Rexistro: 36606
Data envio: 13/10/2025 12:38:57.857

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 13/10/2
12:32
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:32
Por Patricia Iglesias Rey

A educación inclusiva é un dereito fundamental recoñecido tanto pola Constitución Española como pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como pola Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta normativa obriga ás administracións públicas a garantir a igualdade de oportunidades e a plena participación do alumnado con discapacidade no sistema educativo.

Porén, en Galicia seguen producíndose situacións que vulneran estes dereitos. Un caso recente afecta a un alumno do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, en Noia, con recoñecida discapacidade do 100 % e grao de dependencia 3, usuario do servizo de transporte escolar adaptado. Segundo denuncia a súa familia, o menor vese obrigado a abandonar o centro 30 minutos antes da hora oficial de saída, debido á organización do servizo de transporte, que prioriza cuestións de conveniencia da empresa concesionaria sobre o dereito do alumno a asistir á totalidade do horario lectivo.

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:32
Por Aitor Bouza Manso

Esta situación vulnera o dereito do neno a recibir unha educación en igualdade de condicións, ademais de afectar negativamente ao seu proceso de aprendizaxe, socialización e integración escolar. A familia ten presentado reiteradas reclamacións ante a Consellería de Educación sen obter resposta nin solución efectiva.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Resulta inaceptable que en pleno 2025 o alumnado con discapacidade siga sufrindo recortes de feito no seu dereito á educación por deficiencias na planificación do transporte escolar adaptado, que debería garantir a asistencia completa ás clases e responder ás necesidades individuais do estudantado, e non ás conveniencias organizativas das empresas adxudicatarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o dereito do alumnado con discapacidade usuario do transporte adaptado a asistir á totalidade do horario lectivo, adoptando as medidas organizativas necesarias para que ningún alumno ou alumna teña que abandonar o centro antes da hora oficial de saída.
2. Revisar o funcionamento e os contratos das empresas concesionarias do transporte adaptado, co fin de asegurar que a súa organización priorice sempre os dereitos educativos do alumnado e non criterios de conveniencia empresarial.
3. Dar resposta ás familias afectadas e establecer un protocolo específico de atención e resolución de incidencias relacionadas co transporte escolar adaptado, garantindo unha comunicación áxil e efectiva coa Administración educativa.

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:38:57
Nº Rexistro: 36606
Data envio: 13/10/2025 12:38:57.857

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/10/2025 12:32:17
Patricia Iglesias Rey na data 13/10/2025 12:32:25
Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 12:32:32
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 12:32:39

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:38:57
Nº Rexistro: 36606
Data envio: 13/10/2025 12:38:57.857

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:38:58

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:06
Nº Rexistro: 36627
Data envio: 13/10/2025 13:00:06.069

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/10/2
12:57
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as negociacións entre a Xunta de Galiza e o Concello de Oleiros sobre a seguridade viaria na estrada AC-173, no Couto (Oleiros).

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:57
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xuño deste mesmo ano, a comisión 2.ª do Parlamento Galego aprobou unha emenda do BNG a unha proposta do PSdG, que foi apoiada polos tres grupos, en demanda dunha mellora da seguridade viaria da estrada AC-173 no treito que atravesa O Couto, en Oleiros. En concreto, aprobouse demandar unha solución negociada entre as dúas institucións implicadas, o Concello de Oleiros e a Xunta de Galiza.

A veciñanza desta zona leva anos a reclamar medidas que permitan a circulación peonil en condicións axeitadas, xa que este treito é de velocidade máxima de 70 km/hora e nas proximidades non hai pasos de peóns que permitan atravesar con suficiente seguridade.

Unha das solucións propostas é que, en vista de que a Consellaría de Infraestruturas alegara informes técnicos para xustificar a súa negativa a facer estas mudanzas, o Concello de Oleiros asumise esta vía de titularidade autonómica. De feito, a administración galega ofreceulle ao Concello de Oleiros a transferencia da titularidade da vía, mais o Concello non a aceptou até agora. O Alcalde afirmou nun Pleno municipal

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:57
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:06
Nº Rexistro: 36627
Data envio: 13/10/2025 13:00:06.069

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

recente que se faría cargo da instalación dun paso de peóns, tras negociacións co goberno galego.

O Concello de Oleiros anunciou a semana pasada que asumiría varias vías de titularidade provincial que transcorren por treitos urbanos, polo que, unha vez que xa transcorreron varios meses desde a aprobación no Parlamento Galego desta demanda de negociación entre as dúas institucións, é preciso que a cidadanía coñeza cales foron os trámites que levou a cabo o goberno galego destinados a atender esta demanda cidadá da veciñanza do Couto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza negociar co Concello de Oleiros para procurar unha solución urxente para os problemas de seguridade viaria da estrada autonómica AC-173, en cumprimento do acordo parlamentario do 16 de xuño de 2025".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:06
Nº Rexistro: 36627
Data envio: 13/10/2025 13:00:06.069

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/10/2025 12:57:42
Luis Bará Torres na data 13/10/2025 12:57:49
Paulo Ríos Santomé na data 13/10/2025 12:57:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:06
Nº Rexistro: 36627
Data envio: 13/10/2025 13:00:06.069

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 13:00:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36639
Data envio: 13/10/2025 16:25:00.129

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 13/10/2
16:21
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialistas, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

A principios do outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño de 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de consultas e nos tempos dalgunhas probas diagnósticas na Area Sanitaria de Vigo.

Pero preocúpanos moito o aumento tan importante nos días de espera para as cirurxías. Que ademais se sitúa por enriba da media galega. E outro dato tamén moi preocupante e o do aumento dos tempos de espera para cirurxías de prioridade 1, que non só aumentan e pasan de 17,4 días de espera a 19, senón que tamén superan a media galega. E o mesmo sucede co aumento dos días de espera en radioloxía ou en medicina nuclear.

Por iso que con estes datos na man, non é estraño que a xente se preocupe polas listas de espera na Area Sanitaria de Vigo.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E,

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:21
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:20
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos se produza coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, se converteron nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen a descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, en cirurxía de prioridade 1 e radioloxía.

Parlamento de Galicia, 13 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36639
Data envio: 13/10/2025 16:25:00.129

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 16:20:57
Carlos López Font na data 13/10/2025 16:21:04
Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 16:21:11
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 16:21:21

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36639
Data envio: 13/10/2025 16:25:00.129

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:25:03

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36645
Data envio: 13/10/2025 16:27:12.758

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 13/10/2
16:25
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as necesidades do servizo de pediatría en Cambre, Carral e Oleiros.

Asinado o día 13/10/2025 ás
16:25
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o persoal de pediatría co que contan os centros de saúde de Oleiros (A Covada, Mera, Perillo, Santa Cruz) é:

- 1 profesional que atende en quenda deslizante de mañá e tarde no centro de Saúde de Santa Cruz, desprazándose dúas mañás á semana ao centro de saúde de Mera;

- 2 profesionais na quenda de mañá, 1 profesional na quenda da tarde en Perillo.

Os centros de saúde de Oleiros atenden 36.000 usuarios e usuarias, dos cales máis de 4.000 son nenos e nenas.

Os centros de saúde de Cambre (Cambre e O Temple) contan con 4 pediatras:

- 3 en Cambre: 1 atende en horario de mañá e outro atende 4 días á semana 1 hora e media en horario de mañá); 1 atende 4 días á semana en horario de tarde e 1 en horario de mañá);

- 1 no Temple, en horario de mañá.

Asinado o día 13/10/2025 ás
16:25
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36645
Data envio: 13/10/2025 16:27:12.758

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O servizo de atención primaria de Cambre e Carral (estes dous servizos teñen o servizo compartido) ten unha poboación asignada de máis de 31.000 habitantes, dos cales máis de 3.500 son nenos e nenas.

A maior parte dos profesionais de pediatría teñen, neste momento e desde hai tempo, as cotas pechadas. Os Puntos de Atención Continuada destes centros de saúde, que atenden máis de 60.000 persoas, contan con atención de pediatría, cuxas gardas dos sábados se comparten, de xeito que as persoas usuarias descoñecen, como norma xeral, en que horario atenden en cada centro, coas dificultades que isto implica para este tipo de urxencias.

Entendemos que, tendo en conta as necesidades da poboación, é cada vez máis urxente aumentar a dotación de profesionais da pediatría en ambos os dous concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a aumentar a dotación de persoal de pediatría nos centros de saúde dos concellos de Cambre, Carral e Oleiros".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36645
Data envio: 13/10/2025 16:27:12.758

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/10/2025 16:25:13
María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2025 16:25:27
Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2025 16:25:50

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36645
Data envio: 13/10/2025 16:27:12.758

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:27:13

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:04
Nº Rexistro: 36672
Data envio: 13/10/2025 17:39:04.541

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 13/10/2
17:36
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

A principios de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, recoñecemos certas melloras nos días de espera en cirurxía, pero increméntase o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E este incremento é considerable, case un 19 %.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Conséguese rebaixar o tempo medio de espera para una consulta, pero aumentan considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Neste caso supera o 14 % de incremento. Ademais o tempo medio de espera na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco para unha consulta, supera a media galega.

Sen esquecernos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera y por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco.

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:35
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:35
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos produzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, en especial nas consultas e nas cirúrxicas

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:04
Nº Rexistro: 36672
Data envio: 13/10/2025 17:39:04.541

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/10/2025 17:35:43
Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 17:35:52
Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 17:36:00
José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 17:36:08

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:04
Nº Rexistro: 36672
Data envio: 13/10/2025 17:39:04.541

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 17:39:05

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:21
Nº Rexistro: 36713
Data envio: 14/10/2025 09:47:21.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 14/10/2
09:44
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a creación da figura de Profesor Asociado no Decreto de FP que adapta a Galiza a Lei Orgánica de FP e o RD 659/2023.

Asinado o día 14/10/2025 ás
09:44
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto galego de FP que adapta a Galiza a Lei Orgánica de FP e o RD 659/2023, contempla unha serie de medidas que supoñen un ataque directo ao profesorado nun momento en que a Xunta de Galiza está a impulsar as ensinanzas de Formación Profesional.

A FP estaba considerada unha ensinanza de prestixio grazas ao labor do profesorado, uns grandes profesionais que conseguían dotar ao alumnado dos coñecementos e destrezas necesarias para competir nunha situación privilexiada no mercado laboral. As alumnas e alumnos remataban os seus CF cunha titulación que acreditaba ser Técnicas/os moi ben cualificados para a súa profesión e/ou especialidade.

Asinado o día 14/10/2025 ás
09:44
Por Cristina Fernández Davila

Malia isto, a Xunta de Galiza está empeñada en secundarizar a FP (coa introdución do inglés en todos os ciclos e reducindo a carga horaria dos módulos profesionais) que quedará en breve practicamente toda privatizada tanto na oferta, en mans de centros privados, como a mercé das empresas que gañan terreo na selección e na avaliación da formación práctica do alumnado, así como co acceso directo, como

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:21
Nº Rexistro: 36713
Data envio: 14/10/2025 09:47:21.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal docente sen formación pedagóxica de ningún tipo, de profesionais do sector privado.

A consecuencia directa desta última medida incluída no Proxecto de Decreto da FP, como xa foi manifestado pola representación sindical maioritaria, vai ser unha falta de transparencia nas contratacións e o detrimento na calidade educativa do alumnado matriculado nos CF ou Cursos de Especialización.

A figura do profesorado asociado incluído no artigo 49 do borrador do Decreto e vendida polo Presidente da Xunta en xuño, permite que se poida contratar discrecionalmente a profesionais do sector privado sen titulación afín e sen ningún tipo de formación pedagóxica que acceden ao posto sen proceso selectivo de ningún tipo, tan só será unha decisión do director/a do centro educativo contraria aos principios básicos de igualdade e transparencia.

A Administración Educativa incorpora deste xeito, persoal externo nomeado directamente, que non terán problemas de compatibilidade laboral, sen as titulacións que correspondan, sen a formación pedagóxica requirida e que non vai ter que realizar funcións administrativas nin burocráticas. En definitiva: deixando nunha desigualdade evidente ao profesorado do sistema público de ensino que legal e procedementalmente accedeu á súa praza como docente. Desvalorizan a propia formación que imparten as institucións académicas e a administración educativa galega.

Por outra banda, tamén é significativo que no texto do borrador do Decreto se refiran a estes profesionais externos como de “recoñecido prestixio”, en tanto que o profesorado cualificado dos centros parece non ter esta consideración. Os primeiros asumen os cursos de especialización e a actualización do currículo, en tanto que o profesorado cualificado dos centros quedarán relegados a impartir docencia na FP Básica, Ciclos Medios e Superiores, a realizar a acreditación de competencias, a

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:21
Nº Rexistro: 36713
Data envio: 14/10/2025 09:47:21.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coordinar os certificados profesionais, etc. e por suposto a realizar toda a burocracia coa que a Consellería inunda estas ensinanzas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Suprimir o artigo 49 do Decreto de FP galega, que crea a figura do/a profesor/a-asociado/a deixando ao resto do profesorado de ensinanzas de FP nunha clara desvantaxe e discriminación con respecto ao acceso ás prazas de docentes.

2.- Cubrir as prazas de profesorado especialista só cando sexa estritamente necesario mediante procedementos públicos de apertura de listaxes con baremos e requisitos determinados e previa negociación dos baremos coa representación sindical."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:21
Nº Rexistro: 36713
Data envio: 14/10/2025 09:47:21.998

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2025 9:44:20
Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 9:44:28
Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2025 9:44:38

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:21
Nº Rexistro: 36713
Data envio: 14/10/2025 09:47:21.998

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 9:47:22

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

Por Luis Bará Torres
Asinado o día 14/10/2
12:04
Por Paulo Ríos Santo

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé**, **Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol.

Por Mercedes Queixas Zas
Asinado o día 14/10/2025 ás
12:04
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas ferroviarias, por este motivo o BNG ven reclamando ao Goberno do Estado acometer os investimentos necesarios para reducir a fenda nesta materia respeito doutros territorios do estado. Temos claro que as políticas de transporte do futuro pasan por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, que permite unha mobilidade sustentábel, eficaz e eficiente ao tempo que facilita unha transición enerxética que garante a cohesión social.

A comarca de Ferrol ficou nas últimas décadas sen apenas investimentos en materia ferroviaria. Compre, pois, a súa modernización urxente para contar por fin con conexións, frecuencias e tempos competitivas, tanto no transporte de proximidade como na media e longa distancia.

Para logralo, unha obra fundamental é a do chamado bypass de Betanzos, mais non concibida como un investimento puntual e único, senón como un dos pasos necesarios para avanzar na modernización do trazado entre Ferrol e A Coruña, que debera ir acompañada doutras melloras como a electrificación, a dupla vía e a compatibilidade entre viaxeiros e mercadorías. Na actualidade tense redactado o estudo

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:04
Por Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informativo mais está pendente, aínda, a resolución das alegacións presentadas e acometer a redacción do proxecto construtivo para considerarmos que efectivamente se dan pasos a adiante.

A infraestrutura ferroviaria debe servir para mellorar as conexións de proximidade, asegurando a cohesión territorial, económica e social, mais tamén para acurtar tempos de viaxe entre Ferrol-Betanzos-A Coruña.

Isto é, a redución dos tempos de viaxe non pode supor a eliminación de paradas, senón que debe estar dirixida a vertebrar o territorio, o que ben pode lograrse a través da modernización da liña, o incremento dos servizos e das frecuencias e a recuperación de paradas suprimidas para un ámbito territorial no que viven medio millón de persoas. Con este obxectivo a mellor alternativa é a corrección do trazado e a rectificación de curvas, así como duplicar a vía, o que permitiría a prestación de servizos simultáneos. E todo sen perder de vista que a modernización da liña debe garantir a compatibilidade do transporte de viaxeiros co de mercadorías para dar saída ao porto exterior de Ferrol que precisamente está rematando o seu acceso ferroviario.

Durante este último ano constituíuse en Ferrol o chamado Foro cidadán polo ferrocarril, no que concorren numerosas entidades sociais da comarca e persoas a título particular e que ven desenvolvendo unha actividade de análise, diagnose, socialización e mesmo elaboración de propostas sobre o que deberían ser as actuacións prioritarias para dotar á comarca de Ferrol das infraestruturas e servizos necesarios.

O Concello de Ferrol aprobou por unanimidade unha declaración institucional sobre o ferrocarril que inclúe as demandas deste Foro cidadán e que o BNG comparte.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a demandar do goberno do Estado:

1. Instar ao Goberno do Estado a de maneira inmediata restituír as frecuencias e horarios entre Ferrol e A Coruña que existían ata o 9 de Xuño incluíndo a relación directa con Madrid e o incremento das frecuencias entre Ferrol e A Coruña para cumprir as necesidades de mobilidade da cidadanía. Isto implica o aumentar o numero de unidades para poder realizar un servizo ferroviario eficaz e eficiente (Que non haxa vehículos de RENFE "ociosos" que poidan prestar o seu servizo).

2. Instar ao Goberno do Estado a iniciar este ano 2025 o estudio informativo para a modernización da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol - Betanzos Infesta-A Coruña para que sexa unha liña do século XXI, que permita a integración da comarca de Ferrol co resto da rede ferroviaria galega e co exterior, onde se contemple a rectificación de curvas, renovación de túneles, duplicación de vía, electrificación, puntos de cruzamento para mercadorías de 750m como esixe a Unión Europea e a súa inclusión no Corredor Atlántico tanto de viaxeiros como de mercadorías. Dito investimento ten que supoñer redución considerable dos tempos de viaxe para que sexan competitivos con outros modos de transporte e o vehículo privado.

3. Instar ao Goberno do Estado a resolver este ano 2025 as alegacións ao proxecto de construción do bypass de Betanzos Infesta e iniciar este ano a redacción do proxecto.

4. Instar ao Goberno do Estado á mellora e modernización da infraestrutura e servizos de proximidade entre Ferrol e Ortigueira. O tren de vía estreita non pode

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continuar cun proceso de degradación progresiva dado que é vital para a vertebración de todo o norte de Galiza entre Ferrol e Ribadeo.

5. Instar ao Goberno do Estado á creación dun servizo de proximidade ferroviario entre Ferrol e A Coruña. Trátase de vertebrar da forma mais eficiente un espazo urbano onde residen mais de 600.000 persoas, que permita unha mobilidade sostible, creando unha auténtica alternativa de transporte

6. Instar ao Goberno do Estado á intermodalidade dos diferentes modos de transporte. Crear unha rede de transporte comarcal onde estean incluídos todos os modos de transporte colectivos existentes (trens de proximidade, trens rexionais, autobuses urbanos e interurbanos, taxis) con horarios e tarifas integradas. Esta rede de transporte supoñería a transformación das actuais estacións de tren e autobús de Ferrol, nunha única estación intermodal máis moderna e funcional. Por iso é necesario a sinatura este ano 2025 do Convenio de Construción da Estación Intermodal entre ADIF, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol e revisar o número de apeadeiros en toda a liña para que poidan cumprir a función de accesibilidade adecuada, mellorando o acceso, e que toda a poboación beneficiese dos mesmos.

7. Instar ao Goberno do Estado á integración do Porto Exterior e Interior na rede ferroviaria moderna. Inclusión do Porto Exterior e Interior na Rede Básica Transeuropea de Transporte (RTE-T) de transporte ferroviario de mercadorías xunto cos tramos Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo-Monforte de Lemos para un maior desenvolvemento industrial e económico da comarca.

8. Instar á Xunta de Galiza a solicitar o traspaso dos medios e servizos de viaxeiros por ferrocarril para a xestión ferroviaria dun verdadeiro Servizo de proximidade á comunidade autónoma de Galiza como existe noutras comunidades autónomas dado que non hai impedimentos legais para iso, o que suporía unha xestión

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis próxima tanto para a administración como para a cidadanía. A transferencia das competencias debe incluír previa e necesariamente o compromiso do Goberno Central de rematar todas as obras pendentes, o traspaso de material e a financiación necesaria.

9. Instar ao Goberno do Estado a impulsar as actuacións necesarias para garantir a chegada efectiva da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Ferrol e Lugo, asegurando a súa plena integración no Eixo Atlántico de Alta Velocidade".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 12:04:11
José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2025 12:04:20
Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2025 12:04:31
Iria Taibo Corsanego na data 14/10/2025 12:04:39
Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2025 12:04:46
Luis Bará Torres na data 14/10/2025 12:04:52

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:39
Nº Rexistro: 36722
Data envio: 14/10/2025 12:47:39.680

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:47:40

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:48:52
Nº Rexistro: 36726
Data envio: 14/10/2025 12:48:52.248

Asinado o día 14/10/2
12:46
Por Ana Pontón Monc

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:45
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:45
Por Ariadna Fernández González

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes no noso sistema educativo, que inzan o territorio galego, son motivo de protestas e reclamacións tanto por parte das familias do alumnado coma por parte dos docentes afectados pola falla de profesionais e medios nos centros, que deixan en situacións complicadas tanto a uns coma a outros no desenvolvemento da súa vida educativa rutineira, sobrecargando en moitos casos aos mestres e mestras, que deben levar a cabo funcións que non lles son propias para garantir o decorrer normal das xornadas educativas.

No caso do alumnado con necesidades especiais, esta falla de medios deriva en situacións realmente dramáticas, que lle afectan de xeito grave a nenos, nenas e adolescentes que sofren este desleixo e que dificulta moito a súa vida estudantil normalizada. É o caso dunha alumna do IES García Barros, situado na vila de A Estrada, cuxa chegada á Educación Secundaria non foi acompañada coa presenza dunha coidadora para a súa atención especializada, figura coa que levaba anos contando na educación primaria e que facilitaba moito a súa estadía no centro.

Malia ter unha nova valoración do grao de discapacidade por parte do SERGAS que indica que este aumentou severamente, medrando polo tanto a súa dependencia, requirindo de maior control e vixilancia por parte das súas figuras de referencia como se cita textualmente no seu informe médico, dende a Consellería non se dota a esta alumna

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:48:52
Nº Rexistro: 36726
Data envio: 14/10/2025 12:48:52.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de acompañamento por parte dunha coidadora. Así mesmo e non menos importante, neste documento, recoñécenselle dificultades na autonomía, requirindo axuda para cuestións da vida diaria, polo que se recomenda unha supervisión estreita da alumna debido á elevada vulnerabilidade desta.

Coa supresión da coidadora que a atendía, que na actualidade se despraza dende outro centro para acompañar á alumna na entrada ao IES, o cambio de centro e o aumento do número de alumnado da aula onde cursa os estudos, a situación da alumna empeorou exponencialmente, feito que a propia familia constata. Así mesmo, coñecedora do risco que correría a alumna de non poder desenvolverse con normalidade, a propia titora denunciaba en prensa a falla de apoio para ela, que padece un alto grao de autismo e, segundo a propia docente precisa axuda na aula. Declara así mesmo que no IES García Barros precisan máis especialistas en pedagoxía terapéutica, en audición e linguaxe e orientación, evidenciando as eivas do sistema dende dentro dos centros educativos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar de xeito inmediato ao IES García Barros dunha coidadora que atenda ao alumnado con necesidades especiais.

2. Manter unha reunión coa dirección do IES García Barros e o departamento de orientación do centro para valorar e dar resposta ás solicitudes ao respecto da necesidade dunha coidadora e demais persoal especializado, nomeadamente de pedagoxía terapéutica, orientación e audición e linguaxe".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:48:52
Nº Rexistro: 36726
Data envio: 14/10/2025 12:48:52.248

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/10/2025 12:45:44
Cristina Fernández Davila na data 14/10/2025 12:45:53
Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2025 12:46:03

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:48:52
Nº Rexistro: 36726
Data envio: 14/10/2025 12:48:52.248

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:48:52

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:54
Nº Rexistro: 36730
Data envio: 14/10/2025 12:49:54.364

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 14/10/2
12:45
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Iria Carreira Pazos** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a barcaza de Portodemouros.

Asinado o día 14/10/2025 ás 12:45
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse no presente 2025, 63 anos dende que se outorgou por Orde Ministerial á Hidroeléctrica Moncabril S.A. a concesión para o aproveitamento integral da conca do Río Ulla a través de oito saltos, entre os que se atopa o de Portodemouros, o único que se levou a cabo ao amparo de dita orde. Non entanto, na actualidade, e tras sucesivas modificacións, a concesión está formada por 4 saltos, cuxa titularidade do dereito lle corresponde a Gas Natural Fenosa S.L., que os aproveita para a xeración eléctrica.

O proxecto de Portodemouros, que englobaba o encoro e a central eléctrica situada a pé de presa, tivo dende a súa construción como único obxecto o aproveitamento enerxético, sen ter en conta a opinión de quen alí vivía, feito que dou lugar a protestas e mobilizacións que mesmo remataron con xuízos e veciños no cárcere nos últimos anos da ditadura.

Asinado o día 14/10/2025 ás 12:44
Por Ariadna Fernández González

Malia esa oposición veciñal, no 1968 foi aprobado comezou a súa explotación, que se estende ate o día de hoxe, deixando divididas dúas comarcas que eran limítrofes por unha masa de auga que pode chegar aos 297 hectómetros cúbicos de volume total, inundando terras de labradío nunha zona de gran aptitude agrogandeira e levando por

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:54
Nº Rexistro: 36730
Data envio: 14/10/2025 12:49:54.364

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

diante aldeas enteiras sen que os beneficios redundaran en ningún momento na xente que habitaba o territorio no pasado nin no presente.

Coa inundación chegou polo tanto a incomunicación de ambas marxes, quedando separadas as parroquias de Loño, pertencente ao concello dezao de Vila de Cruces e Beigondo, encadrada no coruñés de Santiso, desaparecendo as vías de paso existentes que, anos despois se substituirían cunha barcaza que se rexe pola orde ministerial de maio do 1975 e que tiña por fin comunicar ambas marxes do encoro, e que mantería a sociedade concesionaria deste. Dita barcaza comezou a dar servizo no 1977 e a partires do 1983 este converteuse en permanente pola resolución do 28/09/1983, transportando vehículos, animais, carros, etc durante as 24 horas do día os 365 días do ano dunha beira á outra, resultado que non foi gratuíto e que se debeu a unha grande loita social ao respecto.

O servizo, que se trata dunha compensación polo uso dun ben público, só pode interromperse tras dita resolución por causas de forza maior derivadas se circunstancias imprevisibles ou inevitables, feito que se incumpre de xeito recorrente e que ocasiona problemas para todos aqueles usuarios e usuarias da embarcación, coma se leva denunciando dende o BNG durante anos, tempo no que se presentaron, entre outras medidas, iniciativas parlamentares ao respecto que foron aceptadas por unanimidade para logo incumprilas. Tanto é así que, ano tras ano, os veciños e veciñas que pasan dunha beira á outra para acudir a empresas próximas, para levar a cabo actividades da súa vida social, asistir a institutos, ou para facer as súas labores agrícolas en leiras dun e doutro lado do Ulla, sofren cortes do servizo que os obrigan a percorrer aproximadamente 30 quilómetros por a inoperancia da barcaza, o que supón un gasto extra de combustible e de tempo que non teñen por que sufrir.

Recentemente, os veciños e veciñas acaban de ver o servizo público da barcaza suspendido novamente para logo volver a ser restablecido sen levar a cabo o mantemento da mesma, que era o feito que motivaba a parada. Non foi posible levar a cabo tal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:54
Nº Rexistro: 36730
Data envio: 14/10/2025 12:49:54.364

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

obxectivo debido ao baixo nivel das augas, que non permitiron sacar a barcaza do encoro de maneira que as labores de mantemento non foron realizadas e suporán un novo paro do servizo cando sexa posible. Non é de menor importancia o feito de que a propia empresa concesionaria é quen regula o nivel das augas, polo uqe ese descoñecemento non é mais que unha actitude pouco planificada por parte desta.

Esta situación prodúcese frecuentemente, de xeito que se pecha o servizo durante 15 días ou un mes ano tras ano para ditas actividades, sen que a barcaza sexa substituída e sen aportar ningún tipo de solucións ao respecto desta suspensión das obrigas da empresa concesionaria, o que xera grande malestar na poboación usuaria, que lonxe de verse beneficiada polo encoro o que recibe son os efectos negativos da permisividade da Xunta de Galiza coa empresa que está a explotar un ben público e que na que repercuten os beneficios económicos. Non é de recibo escusarse en causas de forza maior cando se trata do mantemento da embarcación, que hai que realizar mais que pode facerse de xeito planificado e aportando o servizo aos usuarios namentres non se leve a cabo, sen causar prexuízos á poboación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cumprir coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observar a barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy, consonte ao acordo unánime aprobado o 16/02/21 a proposta do BNG no que rezaba: "O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:54
Nº Rexistro: 36730
Data envio: 14/10/2025 12:49:54.364

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla, medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces.

2. Reunirse cos veciños e veciñas dos concellos afectados pola suspensión recorrente do servizo da barcaza de Portodemouros e os membros da plataforma veciñal de afectados polo encoro, para poñer solucións ao problema recorrente da suspensión do servizo da barcaza, aportando solucións alternativas para reducir a afectación veciñal".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:54
Nº Rexistro: 36730
Data envio: 14/10/2025 12:49:54.364

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/10/2025 12:44:58
Iria Carreira Pazos na data 14/10/2025 12:45:09
Luis Bará Torres na data 14/10/2025 12:45:16
Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2025 12:45:26

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:54
Nº Rexistro: 36730
Data envio: 14/10/2025 12:49:54.364

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:49:55

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:21:41
Nº Rexistro: 36739
Data envio: 14/10/2025 13:21:41.057

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 14/10/2
12:59
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, non se recoñece nin una certa mellora nos días de espera en cirurxía, nos de consultas en probas diagnósticas como radioloxía, estudios ou medicina nuclear.

Pero tamén se incrementa o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E o que nos parece máis grave. O tempo de espera de prioridade 1, se aumenta e é superior a media de Galicia.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Aumenta considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Ademais o tempo medio de espera na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, para una consulta, supera con moito a media galega.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera e por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte.

Asinado o día 14/10/2025 ás 12:59
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/10/2025 ás 12:59
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar da do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos se produzan coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido máis longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na area sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte.

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:21:41
Nº Rexistro: 36739
Data envio: 14/10/2025 13:21:41.057

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/10/2025 12:59:37
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 12:59:44
Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 12:59:50
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 12:59:57

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:21:41
Nº Rexistro: 36739
Data envio: 14/10/2025 13:21:41.057

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:21:41

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:45
Nº Rexistro: 36743
Data envio: 14/10/2025 13:23:45.638

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a a anulación do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde e servizo de dirección de obras para as obras de reforma para a creación dun Centro de Dependentes con Discapacidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de xullo de 2025 a Xunta de Galiza informou a través da web de contratos públicos da desestimación/anulación do CPS-2025-0057:Servizo de redacción de proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde e servizo de dirección de obras para as obras de reforma para a creación dun Centro de Dependentes con Discapacidade de Lugo incluído dentro do 'Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- NextGenerationEUpolo procedemento aberto simplificado.

Unha decisión adoptada despois da resolución do recurso interposto polo Colexio de Arquitectura diante do Tribunal Administrativo de Contratación Pública baseándose na infración do establecido no artigo 145.4 da LCSP. Concretamente polo peso asignado á oferta económica (60 puntos) o que vulnera a lexislación que fixa nun mínimo do 51% os criterios de calidade da mesma.

Esta desestimación/anulación do procedemento supón a paralización do proxecto que xa non avanzaba nos termos anunciados polo goberno do Partido Popular.

Cómpre lembrar que:

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:22
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:22
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:45
Nº Rexistro: 36743
Data envio: 14/10/2025 13:23:45.638

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En outubro de 2024 a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Política Social, anunciou a reserva nos Orzamentos de 2025 de 1,3 millóns de euros para rehabilitar o edificio que ten na Rampa de Claudio López co obxectivo de crear nel un centro de atención integral a persoas con eferminades mentais graves. Unha partida orzamentaria que, en todo caso, non aparece desagregada como tal nas contas públicas.

O anuncio da Xunta viña acompañado dun outro que era a sinatura dun convenio con Alume para que fose a entidade social quen se encargase da posta en funcionamento dun centro de día e residencia. En xaneiro de 2025 nun acto público presidido pola propia conselleira de Política Social, o goberno galego aseguraba que a redacción do proxecto sairía a licitación no primeiro trimestre de 2025 co obxectivo de iniciar a obra en 2026 e poñer en funcionamento o centro en 2027.

Os retrasos no proxecto, na mesma redacción do proxecto, son atribuíbles única e exclusivamente a nefasta xestión do goberno do Partido Popular na Xunta que semella primar a reducción de custes antes que a calidade do futuro centro.

Entretanto, é a veciñanza de Lugo, nomeadamente as persoas con enfermidades mentais graves, a grande prexudicada que seguirá agardando pola propaganda do Partido Popular.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a licitar de maneira urxente e coas máximas garantías tanto legais como de calidade, a redacción do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde e servizo de dirección de obras para as obras de reforma para a creación dun Centro de Dependentes con Discapacidade de Lugo."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:45
Nº Rexistro: 36743
Data envio: 14/10/2025 13:23:45.638

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2025 13:22:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2025 13:22:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:45
Nº Rexistro: 36743
Data envio: 14/10/2025 13:23:45.638

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:23:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:32:29
Nº Rexistro: 36749
Data envio: 14/10/2025 13:32:29.119

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 14/10/2 13:18 Por Elena Espinosa M

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:15 Por Patricia Iglesias Rey

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de probas diagnósticas e na media de cirurxías, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Coruña-Cee, seguen sendo as listas de espera.

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías de prioridade 1 aumentasen desde decembro do pasado ano a xuño de 2025. Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha consulta.

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:15 Por Silvia Longueira Castro

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E,

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriales".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos produzanse coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para cirurxía de prioridade 1 e as listas de espera de consultas da área sanitaria de Coruña-Cee.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:32:29
Nº Rexistro: 36749
Data envio: 14/10/2025 13:32:29.119

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 13:15:20
Patricia Iglesias Rey na data 14/10/2025 13:15:27
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 13:18:33
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 13:18:40

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:32:29
Nº Rexistro: 36749
Data envio: 14/10/2025 13:32:29.119

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:32:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:11
Nº Rexistro: 36756
Data envio: 14/10/2025 13:49:11.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 14/10/2
13:46
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre sinistralidade laboral.

Asinado o día 14/10/2025 ás
13:46
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer os datos oficiais de sinistralidade laboral que ofrece o Ministerio de traballo até o mes de agosto do ano 2025, e novamente o número de mortes no traballo na Galiza é estarrecedor.

43 persoas morreron mentres traballaban neste período no noso país, 4 persoas máis que o ano anterior, un ano que rematou como sempre nos últimos anos con Galiza entre as comunidades autónomas con máis mortes no traballo do estado español.

Estes feitos amosan que esta inaceptábel situación non é unha cuestión excepcional senón estrutural, do mesmo xeito que a pasividade e a autocompracencia da Xunta que vimos denunciando reiteradamente.

Asinado o día 14/10/2025 ás
13:46
Por Ramón Fernández Alfonzo

Ademais a comparativa co estado español é moi preocupante xa que nesta ocasión prodúcese un aumento dos accidente de traballo no noso país, de todos eles, leves, graves e mortais, mentres se reducen no conxunto do estado español.

As causas dos accidentes tamén se repiten dun xeito absolutamente intolerábel, as caídas, esmagamentos, atrapamentos, deflagracións.... igual que se repiten as

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:11
Nº Rexistro: 36756
Data envio: 14/10/2025 13:49:11.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valoracións e as manifestacións das centrais sindicais, falla a prevención nos seus aspectos máis básicos, na coordinación de actividades, na presenza dos recursos preventivos, ou en certos casos ausencia total de medidas preventivas.

Estamos diante dun escenario que só é posíbel pola tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais. Unha tolerancia que constatamos continuamente nos discursos parlamentarios do Partido Popular a este respeito, e que é preciso mudar urxentemente, porque nunca haberá cultura preventiva mentres o goberno se negue a condenar explicitamente as mortes no traballo.

Unha tolerancia que tamén se concreta en dous aspectos da máxima importancia. A negativa a reclamar a competencia relativa á Inspección de Traballo e Seguridade Social malia o acordo maioritario neste sentido que o propio Partido Popular impulsou no Senado onde ten maioría. Un acordo que sen a correspondente reclamación desde o goberno galego revélase como un mero acto de propaganda, así como a falta de orzamento do ISSGA para desenvolver campañas de sensibilización, control e inspección con verdadeiro alcance social e impacto real no tecido produtivo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha condena pública sempre que se produza unha morte no traballo, a través do presidente da Xunta ou no seu defecto do Conselleiro con competencias en materia de emprego.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:11
Nº Rexistro: 36756
Data envio: 14/10/2025 13:49:11.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Reclamar a transferencia das competencias relativas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. Duplicar o orzamento do Instituto de Seguridade e Saúde de Galiza.

4. Promover, a través da Comisión operativa autonómica da Inspección de traballo e Seguridade social, o cumprimento de todas as disposicións normativas referentes á participación e consulta da representación legal dos traballadores e traballadoras na Prevención de riscos laborais, e nomeadamente na investigación dos accidentes incluíndo os accidentes sen baixa, impulsando as correspondentes campañas de información e control nas empresas que deberán incorporarse ao Programa territorial de obxectivos".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:11
Nº Rexistro: 36756
Data envio: 14/10/2025 13:49:11.936

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 13:46:01
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2025 13:46:07
José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2025 13:46:15
Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2025 13:46:21

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:11
Nº Rexistro: 36756
Data envio: 14/10/2025 13:49:11.936

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:49:12

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36763
Data envio: 14/10/2025 14:04:16.063

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia sempre defenderá os intereses do sector pesqueiro galego achegando propostas, construtivas e en positivo, que favorezan un marco normativo actualizado e coherente coa realidade da actividade pesqueira da nosa comunidade.

Nese contexto, o Goberno galego formulou alegacións ao Real Decreto estatal 502/2022 no que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais, todo iso co obxecto de acomodar a actividade destes espazos compartidos á que desenvolve a frota galega.

Así por exemplo, nestas augas exteriores contiguas a Galicia buques pesqueiros foráneos con base noutras comunidades non cumpren os mesmos períodos de descanso semanal que son obrigatorios para a frota galega.

Outras peticións incorporadas nas alegacións galegas teñen que ver coa incorporación do palangre demersal na clasificación de aparellos de anzois, o que permitiría un tratamento diferenciado respecto ás artes de fondo. E unha regulación específica para o arte coñecido como rasco.

O obxectivo é que o conxunto da frota que opera en augas do mar territorial e da Zona Económico Exclusiva adxacentes á costa galega operen baixo o mesmo marco normativo e corrixir discriminacións.

Parece lóxico que aqueles profesionais do mar que operan en caladoiros compartidos o fagan baixo as mesmas regras operativas de traballo que rexen para os maioritarios, a frota galega.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:02
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36763
Data envio: 14/10/2025 14:04:16.063

PARLAMENTO DE GALICIA

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e traslade as seguintes demandas:

1º- Atender as alegacións formuladas por Galicia ao Real Decreto estatal 502/2022 no que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais, para acomodar a actividade nestes espazos compartidos á que desenvolve a frota galega.

2º- Garantir que o conxunto da frota que pesca fronte á costa galega, en augas do mar territorial e na Zona Económico Exclusiva, opere baixo o mesmo marco normativo, en particular, no relativo aos períodos de descanso semanal e corrixir así discriminacións”.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36763
Data envio: 14/10/2025 14:04:16.063

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2025 14:02:15

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36763
Data envio: 14/10/2025 14:04:16.063

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 14:04:16

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36765
Data envio: 14/10/2025 14:05:30.620

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodriguez Carrera**, **Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

Neste inicio de curso, a Xunta está a reforzar as medidas de apoio ao profesorado mediante melloras laborais e iniciativas orientadas a consolidar a súa autoridade na aula e a prestixiar a profesión docente. Trátase dun compromiso firme coa comunidade educativa, que busca garantir que os docentes se sintan valorados, respectados e protexidos como peza central e insubstituíble do proceso de ensino-aprendizaxe.

En contraste, o Goberno central mantén aínda numerosas tarefas pendentes nesta materia. Un dos desafíos máis urxentes é a actualización do sistema de acceso á profesión docente, imprescindible para captar aos profesionais máis motivados, con vocación e capacidade de aportar un valor engadido ao sistema educativo. Resulta evidente que, para acadar este obxectivo, é preciso actuar de maneira integral.

En primeiro lugar, cómpre adecuar a oferta das facultades de Educación á demanda real do sistema educativo, tanto no presente como nos próximos anos. Sen unha planificación rigorosa e equilibrada, corremos o risco de formar profesionais en exceso nalgunhas áreas e de deixar descubertas outras nas que a necesidade de docentes é maior. Só cunha previsión axeitada poderemos garantir unha resposta eficaz ás necesidades do sistema educativo e, en consecuencia, unha mellor calidade da educación que reciben os estudantes. E, ademais, reducimos a frustración que pode supoñer formarse e obter unha titulación que non garanta o acceso ao mercado laboral por un desaxuste entre a oferta e a demanda.

En segundo lugar, é fundamental mellorar a formación inicial e o conxunto de competencias que deben adquirir aqueles que aspiren a exercer a docencia. Non se trata unicamente de acumular coñecementos teóricos, senón de fortalecer a

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:03
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capacidade profesional, a preparación pedagóxica e a habilidade para adaptarse a un contexto educativo en permanente transformación. A escola do século XXI esixe docentes con recursos sólidos para afrontar novos desafíos: a diversidade nas aulas, a integración das tecnoloxías dixitais ou a atención ao benestar emocional do alumnado.

Un aspecto clave deste proceso de modernización é a revisión e actualización dos temarios das oposicións docentes. Non é posible seleccionar o mellor profesorado con programas que, en moitos casos, poden permanecer desconectados da realidade diaria dos centros educativos. Esta situación constitúe unha desvantaxe tanto para os aspirantes, que se ven obrigados a preparar contidos pouco relevantes, como para o propio sistema, que deixa de incorporar docentes preparados nos ámbitos que realmente marcan o presente e o futuro da educación. O exemplo: nos temarios de Informática non aparecen referencias a internet, nin moito menos a cuestións tan actuais como as redes sociais, a intelixencia artificial ou a robótica, que xa forman parte da vida cotiá do alumnado e dos centros.

Desde o Grupo Popular, defendemos que a selección do profesorado debe basearse en criterios que reflictan de maneira realista os retos pedagóxicos, sociais e tecnolóxicos que están presentes nas aulas de hoxe. A modernización dos procesos de acceso non é unha cuestión menor, senón unha condición indispensable para garantir a calidade, a equidade e a innovación do sistema educativo. Por iso, consideramos que esta é unha tarefa que o Ministerio de Educación, como administración competente, debe abordar con urxencia, dotando á profesión docente do recoñecemento, o prestixio e os recursos que merece.

Por todo os exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia que solicite ao Goberno central a revisión e actualización dos temarios das oposicións docentes para que se adapten ás necesidades reais do sistema educativo e permitan seleccionar aos mellores profesionais para garantir unha educación pública de calidade”.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36765
Data envio: 14/10/2025 14:05:30.620

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2025 14:03:49

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36765
Data envio: 14/10/2025 14:05:30.620

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 14:05:31

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36766
Data envio: 14/10/2025 14:06:47.873

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodriguez Carrera**, **Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

Neste inicio de curso, a Xunta está a reforzar as medidas de apoio ao profesorado mediante melloras laborais e iniciativas orientadas a consolidar a súa autoridade na aula e a prestixiar a profesión docente. Trátase dun compromiso firme coa comunidade educativa, que busca garantir que os docentes se sintan valorados, respectados e protexidos como peza central e insubstituíble do proceso de ensino-aprendizaxe.

En contraste, o Goberno central mantén aínda numerosas tarefas pendentes nesta materia. Un dos desafíos máis urxentes é a actualización do sistema de acceso á profesión docente, imprescindible para captar aos profesionais máis motivados, con vocación e capacidade de aportar un valor engadido ao sistema educativo. Resulta evidente que, para acadar este obxectivo, é preciso actuar de maneira integral.

En primeiro lugar, cómpre adecuar a oferta das facultades de Educación á demanda real do sistema educativo, tanto no presente como nos próximos anos. Sen unha planificación rigorosa e equilibrada, corremos o risco de formar profesionais en exceso nalgunhas áreas e de deixar descubertas outras nas que a necesidade de docentes é maior. Só cunha previsión axeitada poderemos garantir unha resposta eficaz ás necesidades do sistema educativo e, en consecuencia, unha mellor calidade da educación que reciben os estudantes. E, ademais, reducimos a frustración que pode supoñer formarse e obter unha titulación que non garanta o acceso ao mercado laboral por un desaxuste entre a oferta e a demanda.

En segundo lugar, é fundamental mellorar a formación inicial e o conxunto de competencias que deben adquirir aqueles que aspiren a exercer a docencia. Non se trata unicamente de acumular coñecementos teóricos, senón de fortalecer a

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:03
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capacidade profesional, a preparación pedagóxica e a habilidade para adaptarse a un contexto educativo en permanente transformación. A escola do século XXI esixe docentes con recursos sólidos para afrontar novos desafíos: a diversidade nas aulas, a integración das tecnoloxías dixitais ou a atención ao benestar emocional do alumnado.

Un aspecto clave deste proceso de modernización é a revisión e actualización dos temarios das oposicións docentes. Non é posible seleccionar o mellor profesorado con programas que, en moitos casos, poden permanecer desconectados da realidade diaria dos centros educativos. Esta situación constitúe unha desvantaxe tanto para os aspirantes, que se ven obrigados a preparar contidos pouco relevantes, como para o propio sistema, que deixa de incorporar docentes preparados nos ámbitos que realmente marcan o presente e o futuro da educación. O exemplo: nos temarios de Informática non aparecen referencias a internet, nin moito menos a cuestións tan actuais como as redes sociais, a intelixencia artificial ou a robótica, que xa forman parte da vida cotiá do alumnado e dos centros.

Desde o Grupo Popular, defendemos que a selección do profesorado debe basearse en criterios que reflictan de maneira realista os retos pedagóxicos, sociais e tecnolóxicos que están presentes nas aulas de hoxe. A modernización dos procesos de acceso non é unha cuestión menor, senón unha condición indispensable para garantir a calidade, a equidade e a innovación do sistema educativo. Por iso, consideramos que esta é unha tarefa que o Ministerio de Educación, como administración competente, debe abordar con urxencia, dotando á profesión docente do recoñecemento, o prestixio e os recursos que merece.

Por todo os exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia que solicite ao Goberno central a revisión e actualización dos temarios das oposicións docentes para que se adapten ás necesidades reais do sistema educativo e permitan seleccionar aos mellores profesionais para garantir unha educación pública de calidade”.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36766
Data envio: 14/10/2025 14:06:47.873

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2025 14:03:49

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36766
Data envio: 14/10/2025 14:06:47.873

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 14:06:48

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36769
Data envio: 14/10/2025 15:46:30.277

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 14/10/2 14:07 Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:07 Por Elena Espinosa Mangana

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ferrol, recoñecemos certas melloras nos días de espera en consultas e algunhas probas diagnósticas.

Pero se incrementan os días de espera para unha cirurxía, ademais de incrementarse tamén o número de persoas en lista de espera.

Sen esquecernos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera e por iso non é de estrañar que se converta en un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Ferrol.

Asinado o día 14/10/2025 ás 14:07 Por Aitor Bouza Manso

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes".

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para consultas da área sanitaria de Ferrol.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36769
Data envio: 14/10/2025 15:46:30.277

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 14:07:25
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 14:07:32
Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 14:07:37
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 14:07:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36769
Data envio: 14/10/2025 15:46:30.277

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 15:46:30

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:36:26
Nº Rexistro: 36773
Data envio: 14/10/2025 16:36:26.472

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 14/10/2
16:34
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do Centro de Saúde do concello de Barreiros.

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:34
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria na comarca da Mariña nos últimos anos é de absoluto caos cun evidentemente empobrecemento da calidade asistencial que provocou que na absoluta totalidade do concellos mariñáns houbese ausencia de persoal sanitario.

Esta situación chegou tamén ao Centro de Saúde de Barreiros no que a situación no mes de outubro foi totalmente inaceptable. E é que desde o comezo de outubro o Centro de Saúde de Barreiros atópase sen cubrir ningunha das tres prazas de médicos e médicas, deixando á poboación sen acceso á atención médica básica e provocando unha espera por consultas de ata tres semanas.

Esta situación chega ademais logo dun verán cunha saturación evidente dos servizos, só salvados pola profesionalidade e implicación do persoal que, como é evidente, agora acusa as consecuencias desa situación.

Alén disto, o Centro de Saúde de Barreiros leva anos soportando a aplicación de recortes en servizos á poboación (persoal para persoas desprazadas no verán, pediatría, matrona etc.) e de desprestixio dunha sanidade primaria pública que é porta de entrada e primeiro contacto co servizo sanitario.

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:34
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:36:26
Nº Rexistro: 36773
Data envio: 14/10/2025 16:36:26.472

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto, e ante a vergonzosa resposta do Sergas, a sociedade barreirense demostrou o pasado día 13 unha resposta clara e evidente de repulsa a actual situación do seu Centro de Saúde, e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formúlase a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cubrir de xeito inmediato e permanente as 3 prazas coas que está dotado o Centro de Saúde de Barreiros."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:36:26
Nº Rexistro: 36773
Data envio: 14/10/2025 16:36:26.472

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 14/10/2025 16:34:26
María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2025 16:34:33
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/10/2025 16:34:39
Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2025 16:34:59

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:36:26
Nº Rexistro: 36773
Data envio: 14/10/2025 16:36:26.472

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 16:36:28

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 14/10/2
16:49
Por Elena Espinosa M

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:49
Por Patricia Iglesias Rey

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera na media de consultas, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Area sanitaria de Santiago-Barbanza, seguen sendo as listas de espera.

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías, que aumentaron tanto de media de espera como de persoas afectadas e tamén as de prioridade 1. Este aumento se produce desde decembro do pasado ano a xuño de 2025.

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:49
Por Aitor Bouza Manso

Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha proba diagnóstica.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para cirurxías e moi especialmente as de prioridade 1 e as listas de espera de probas diagnósticas da área sanitaria de Santiago-Barbanza.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:52:59
Nº Rexistro: 36778
Data envio: 14/10/2025 16:52:59.278

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 16:49:00
Patricia Iglesias Rey na data 14/10/2025 16:49:07
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 16:49:15
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 16:49:22

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:52:59
Nº Rexistro: 36778
Data envio: 14/10/2025 16:52:59.278

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 16:52:59

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:55
Nº Rexistro: 36785
Data envio: 14/10/2025 17:01:55.279

Asinado o día 14/10/2
16:59
Por Luis Bará Torres

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir garantir a finalización das obras de saneamento e "tanque de tormentas" na zona próxima a Fexdega, no concello de Vilagarcía; e o pago inmediato de todo o que se lle endebeda ás empresas subcontratadas pola adxudicataria para realizar os traballos, incluída a responsabilidade subsidiaria da Xunta.

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:59
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva denunciando a demora do proxecto da obra de construción dos tanques de tormenta situados na beira do Río do Con. En outubro de 2022 a Xunta levou a cabo a adxudicación das obras comprometéndose a que estas levaríanse a cabo nun prazo de 24 meses, non sendo ata marzo de 2023 cando estas se puxeron en marcha.

Case ano e medio despois, en agosto de 2024, dende Augas de Galiza presumiron publicamente de que a obra avanzaba a bo ritmo e segundo os prazos previstos. Sen embargo, a día de hoxe, máis dun ano despois dese anuncio por parte da Xunta, os prazos non só non se cumpriron senón que levan un atraso considerábel ao que se lle augura un futuro incerto.

Somos coñecedoras da situación actual que atravesa o proxecto. Actualmente, e debido aos impagos acumulados por parte da empresa adxudicataria ás pequenas empresas subcontratadas, estas foron abandonando o proxecto facendo que este quede

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:59
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:55
Nº Rexistro: 36785
Data envio: 14/10/2025 17:01:55.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

practicamente parado. Estamos falando de cantidades importantes que nalgúns casos superan o ano de impagos.

Esta situación para o BNG é de extrema gravidade. Non podemos permitir que se cometa tal irresponsabilidade nun proxecto dunha administración pública, máis cando somos plenamente conscientes de que este tipo de situación pode supor que a débeda acumulada provoque o peche de varias destas empresas. Empresas que estiveron traballando na infraestrutura, investindo o seu tempo e recursos, cos gastos económicos que iso carrexa e sen recibir compensación económica algunha polo seu traballo.

Polo tanto esixímoslle ao Partido Popular da Xunta de Galiza que actúe, que asuma a súa responsabilidade, se faga responsábel subsidiaria das débedas acumuladas, procedendo ao pagamento dos atrasos ás empresas e garantindo que estas cobren polo traballo realizado. Cónstanos que está ao tanto da situación e das reclamacións das persoas afectadas sen facer nada por solucionalo,

Non podemos consentir este tipo de actuacións. Nunha administración pública non poden ter cabida este tipo de empresas, agardamos que se tome nota do acontecido de cara a futuras licitacións, máis tendo en conta o que está acontecendo con esta mesma empresa noutros concellos nos que tamén está operando.

Temos moita preocupación de que, dada a situación que se está vivindo na obra, con ela parada, estea en risco a súa finalización provocando que esta quede inconclusa coa repercusión que iso tería para as nosas veciñas e veciños,

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:55
Nº Rexistro: 36785
Data envio: 14/10/2025 17:01:55.279

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas para garantir a finalización das obras de saneamento e "tanque de tormentas" na zona próxima a Fexdega, no concello de Vilagarcía; e o pago inmediato de todo o que se lle endebeda ás empresas subcontratadas pola adxudicataria para realizar os traballos, incluída a responsabilidade subsidiaria da Xunta."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:55
Nº Rexistro: 36785
Data envio: 14/10/2025 17:01:55.279

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2025 16:59:30
Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2025 16:59:37
Luis Bará Torres na data 14/10/2025 16:59:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:01:55
Nº Rexistro: 36785
Data envio: 14/10/2025 17:01:55.279

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 17:01:55

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:15:24
Nº Rexistro: 36791
Data envio: 14/10/2025 18:15:24.245

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 14/10/2
17:49
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 14/10/2025 ás
17:49
Por Elena Espinosa Mangana

O Hospital Arquitecto Marcide, centro de referencia da área sanitaria de Ferrol, volve ser noticia por motivos preocupantes. En apenas dous meses produciuse unha segunda caída de falsos teitos nas instalacións do hospital, concretamente na zona de consultas externas. Este novo incidente, segundo recollen os medios, súmase a outros acontecementos similares que poñen de manifesto o deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias da comarca.

A situación xera unha evidente preocupación entre o persoal sanitario e entre os usuarios e usuarias do hospital, que ven como as deficiencias estruturais e o estado de conservación das instalacións poñen en risco a súa seguridade. Estes feitos non son illados, senón que forman parte dun problema máis amplo: a falta de investimentos e mantemento nos hospitais públicos galegos, e moi especialmente no de Ferrol, que leva anos agardando as reformas comprometidas pola Xunta de Galicia.

Asinado o día 14/10/2025 ás
17:49
Por Aitor Bouza Manso

Cómpre lembrar que o Hospital Marcide acumula un atraso de máis de dous anos nas obras de ampliación e mellora anunciadas pola Consellería de Sanidade, o que evidencia unha clara desatención por parte do Goberno galego cara a unha infraestrutura esencial para máis de 150.000 habitantes da área de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

O sistema sanitario público galego precisa centros seguros, modernos e ben mantidos. Resulta inaceptable que nun hospital público poidan producirse desprendementos en zonas de atención ao público sen que a Xunta actúe con dilixencia para corrixir as causas e garantir que non se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar de maneira inmediata unha inspección técnica integral das instalacións do Hospital Arquitecto Marcide para detectar posibles riscos estruturais e establecer un plan urxente de reparación e mantemento.
2. Remitir ao Parlamento galego de maneira inmediata o informe que conclúa as causas concretas que provocaron a caída dos falsos teitos e das medidas adoptadas para garantir a seguridade de pacientes e persoal sanitario.
3. Executar sen máis demoras o proxecto de ampliación e mellora do Hospital Arquitecto Marcide, incorporando nos Orzamentos de 2026 a partida económica suficiente para a súa finalización efectiva.
4. Dotar ao hospital dos recursos materiais e humanos precisos para asegurar unha atención sanitaria de calidade e unhas condicións laborais e de seguridade dignas para o seu persoal.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:15:24
Nº Rexistro: 36791
Data envio: 14/10/2025 18:15:24.245

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 17:49:08
Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 17:49:14
Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 17:49:21
José Ramón Gómez Besteiro na data 14/10/2025 17:49:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:15:24
Nº Rexistro: 36791
Data envio: 14/10/2025 18:15:24.245

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 18:15:25

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:16
Nº Rexistro: 36808
Data envio: 15/10/2025 10:00:16.783

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 15/10/2
09:58
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a declaración de Ben de Interese Cultural da Alameda de Vigo.

Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 15/10/2025 ás 09:58
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Alameda de Vigo, como é coñecida popularmente a Praza de Compostela, é un xardín histórico situado no denominado ensanche da cidade. É un parque-xardín urbano que historicamente é utilizado pola veciñanza da zona como espazo de encontro e lecer, máis tamén como lugar de celebración de eventos relevantes. Ao longo dos seus 150 anos de existencia foi escenario de numerosos acontecementos históricos, espazo de homenaxe a personaxes ilustres, lugar de celebración de actividades culturais e deportivas e desde os anos 50 é o lugar de celebración da Feira do libro.

A Alameda foi o primeiro xardín urbano público de Vigo, creado no século XIX sobre terreos gañados so mar, alberga nos seus 9.000 metros cadrados un conxunto botánico de incalculable interese, con especies centenarias e singulares, algunhas delas incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e acolle un bo número de esculturas e monumentos conmemorativos de gran valor artístico e cultural, o que converte este espazo nun enclave de gran relevancia cultural, natural e artística.

Asinado o día 15/10/2025 ás 09:57
Por Carmela González Iglesias

O xardín está catalogado como histórico e incluído no Catálogo de Bens Culturais do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo e no Inventario de Bens Culturais de Galiza, máis a pesares da protección especial que lle outorga la Lei de Patrimonio

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:16
Nº Rexistro: 36808
Data envio: 15/10/2025 10:00:16.783

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cultural de Galiza, segundo a que a administración está obrigada a protexer todos os bens incluídos en dito inventario, a realidade é que as nefastas actuacións e decisións, asi como a falta de mantemento e o abandono ao que está sometido o xardín teñen provocado danos irreparables e un deterioro en todo o parque que é preciso frear e reverter.

A realidade é que, lonxe de procurar esa protección, son as propias administracións as que promoven actividades que danan os xardíns. A veciñanza da zona ten denunciado nos últimos anos a instalación de un mercado enmarcado nas actividades de Nadal que organiza o Concello de Vigo.

O concello cede gratuitamente a Alameda a un grupo de empresarios procedentes de Madrid que transforman os xardíns protexidos e nunha feira multitudinaria na que se instalan un cento de casetas de madeira, a maioría delas destinadas á venda de alimentos e bebidas alcohólicas. Durante os preto de tres meses nos que está instalado este mercado producíronse vertidos de aceite e líquidos aos sumidoiros que recollen as augas pluviais así como a gran acumulación de lixo e residuos xerados pola actividade que atraen as ratas e as gaivotas, colocouse cableado nas árbores protexidas e producíronse graves danos na vexetación e nos xardíns. A todo isto hai que engadirlle as agresións que sofren a fauna e a flora da Alameda que son sometidas a unha intensa contaminación acústica e luminosa, contaminación que tamén afecta e prexudican á veciñanza da zona.

O BNG de Vigo ten presentado diante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha denuncia por estas agresións á Alameda sen que teña recibido resposta algunha, o que demostra a complicidade do goberno galego diante do deterioro e abandono da Alameda de Vigo.

Compre que as administracións tomen medidas para garantir a protección que lle corresponde a un ben cultural catalogado e que tanto o Concello de Vigo como a Xunta de Galiza cumpran e fagan cumprir a legalidade evitando que a Alameda sega deteriorando, máis non só é necesario que se avance na protección e na recuperación dos xardíns e das

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:16
Nº Rexistro: 36808
Data envio: 15/10/2025 10:00:16.783

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

obras escultóricas e monumentais situadas na Praza de Compostela. Máis tamén é necesario incrementar o grao de protección deste xardín histórico declarándoo Ben de Interese Cultural, declaración que lle compete á Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a declarar Ben de Interese Cultural a Alameda de Vigo, oficialmente chamada Praza de Compostela, para garantir a súa protección e conservación como o primeiro xardín histórico da cidade."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:16
Nº Rexistro: 36808
Data envio: 15/10/2025 10:00:16.783

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 15/10/2025 9:57:50
Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2025 9:58:00
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/10/2025 9:58:08
Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2025 9:58:23
Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2025 9:58:30

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:16
Nº Rexistro: 36808
Data envio: 15/10/2025 10:00:16.783

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 10:00:17

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:29
Nº Rexistro: 36814
Data envio: 15/10/2025 10:53:29.613

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia no SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 13 de outubro de 2025 abordou unha proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia nos domicilios nos que se presta o Servizo de Axuda no Fogar. Así o comunicou o presidente da Xunta posteriormente aos medios de comunicación avanzando algúns elementos dese protocolo que, en todo caso, non é público.

De feito, contrastado coa Fegamp, os concellos galegos descoñecen no momento de redixir esta iniciativa (14 de outubro) a existencia dese protocolo e as medidas previstas no mesmo alén do anunciado polo propio presidente da Xunta.

Segundo a Xunta, o protocolo "ofrece recomendacións e directices" diante de "diferentes formas de violencia laboral externa". Entre esas "recomendacións e directrices" inclúense "manter operativo o teléfono móbil, prever acompañamento temporal cando as circunstancias o requiran" ou "dotar as traballadoras de coñecementos e habilidades específicas en materia de prevención da violencia, comunicación, resolución de conflitos".

Nin un só compromiso orzamentario para poder aplicar as medidas previstas no protocolo nin tampouco reforma normativa ningunha que garanta o seu cumprimento.

Asinado o día 15/10/2025 ás 10:51
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 15/10/2025 ás 10:51
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:29
Nº Rexistro: 36814
Data envio: 15/10/2025 10:53:29.613

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de recursos económicos específicos, ademais de incrementar o financiamento ordinario do SAF, os concellos para permitir a aplicación real e efectiva do protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia nos domicilios."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:29
Nº Rexistro: 36814
Data envio: 15/10/2025 10:53:29.613

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 10:51:38

Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 10:51:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:29
Nº Rexistro: 36814
Data envio: 15/10/2025 10:53:29.613

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 10:53:30

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 11:13:35
Nº Rexistro: 36819
Data envio: 15/10/2025 11:13:35.719

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 15/10/2
11:13
Por Montserrat Valcá

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, para a mellora do saneamento e depuración de augas residuais nos concellos de Verea e A Bola.

Asinado o día 15/10/2025 ás
11:13
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Ourille representa unha das principais referencias fluviais da comarca da Terra de Celanova, que discorre polos concellos de Celanova, A Bola e Verea, no que nace. Este ecosistema é esencial tanto dende o punto de vista ambiental, pola súa riqueza biolóxica e importancia nos ciclos hidrolóxicos, como pola súa función social, pois permite a realización de actividades recreativas, deportivas e económicas fundamentais para o desenvolvemento ijntegral da comarca.

Malia esta relevancia, o Ourille leva anos sufrindo episodios recorrentes de contaminación, principalmente por verteduras de augas residuais urbanas e deficiencias estruturais no saneamento municipal. Diversos informes técnicos e controis realizados por organismos competentes —como Augas de Galiza e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil— evidencian parámetros preocupantes de presenza de contaminantes e microorganismos patóxenos, superando os límites permitidos polas directivas europeas e normativas estatais. Como consecuencia, dende o ano 2016, as principais zonas de baño do concello da Bola vinculadas ao río foron descualificadas e excluídas dos censos oficiais, reflectindo un problema crónico de saúde pública e seguridade ambiental.

Asinado o día 15/10/2025 ás
11:13
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 11:13:35
Nº Rexistro: 36819
Data envio: 15/10/2025 11:13:35.719

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación é consecuencia da ausencia de infraestruturas modernas de saneamento e depuración, derivada dunha falla de compromiso real da Xunta de Galiza e da Deputación de Ourense co rural galego.

A contaminación do río Ourille afecta directamente ao dereito da cidadanía a acceder a auga segura, limita o desenvolvemento sustentable da comarca e afecta á biodiversidade da conca fluvial e dos recursos naturais.

Para evitar a contaminación do río Ourille compre a ampliación e mellora da rede de saneamento, así como a instalación de depuradoras que controlen a calidade das augas que verten ao río nos concellos de Verea e A Bola, e que veña a substituír ao saneamento mediante fosas sépticas. Estas medidas exceden da capacidade financeira e de xestión dos concellos atinxidos, polo que é inescusable a implicación das Administracións Públicas que, tendo competencias e responsabilidades na materia, dispoñen de maiores recursos económicos.

A necesaria mellora do saneamento, amplamente demandada tanto polos concellos afectados como por distintos colectivos e asociacións veciñais e ecoloxistas, implicará evidentes beneficios sociais, económicos e ambientais, e impedirá a contaminación do río Ourille podendo a cidadanía de, p.e. o concello da Bola, desfrutar de espazos públicos de lecer dende hai anos pechados para actividades acuáticas pola contaminación do río Ourille.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza á mellora integral do sistema de saneamento e depuración nos concellos de A Bola e Verea, mediante a execución de actuacións que inclúan a construción, ampliación ou modernización das infraestruturas

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 11:13:35
Nº Rexistro: 36819
Data envio: 15/10/2025 11:13:35.719

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

necesarias para garantir a correcta recollida e tratamento das augas residuais. Asemade e mediante convenio coa Deputación de Ourense e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil adopte as medidas necesarias para a recuperación da calidade das augas e do ecosistema do río Ourille.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 11:13:35
Nº Rexistro: 36819
Data envio: 15/10/2025 11:13:35.719

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 11:13:01

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 11:13:08

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/10/2025 11:13:18

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 11:13:35
Nº Rexistro: 36819
Data envio: 15/10/2025 11:13:35.719

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 11:13:36

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:51:45
Nº Rexistro: 36834
Data envio: 15/10/2025 12:51:45.413

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 15/10/2
12:49
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o achegamento á cidadanía de Vigo a figura, a obra e o legado de Begoña Caamaño.

Asinado o día 15/10/2025 ás 12:49
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de xuño de 2025 o pleno da Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2026 á escritora e xornalista Begoña Caamaño, nacida en Vigo en 1964.

A Real Academia Galega salienta desta autora non só a súa obra narrativa, senón tamén o seu labor xornalístico, caracterizado polo compromiso coa verdade, coa lingua galega e cunha perspectiva feminista que impregna toda a súa traxectoria. Pola súa parte, o Consello da Cultura Galega definiuna como “unha voz imprescindible do feminismo galego”, definición coa que ela mesma se identificaba ao proclamarse “galega e feminista”.

Asinado o día 15/10/2025 ás 12:49
Por Carmela González Iglesias

Begoña Caamaño foi unha autora que cultivou o galego con esmero, tanto na súa narrativa como no seu traballo xornalístico. Viviu comprometida coa realidade do seu tempo e implicouse activamente en causas sociais, culturais e políticas, na defensa dos dereitos humanos, o pacifismo, a liberdade e a dignidade das persoa.

Nacida no barrio vigués do Calvario, Caamaño formouse e iniciou a súa traxectoria profesional na cidade, traballando en medios de comunicación como Radio

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:51:45
Nº Rexistro: 36834
Data envio: 15/10/2025 12:51:45.413

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Noroeste, Radio Popular e na Radio Galega, entre outros. Vigo foi a cidade onde medrou, se formou e se consolidou como xornalista e activista, e participou intensamente na vida cultural, social e política da cidade. Hoxe, moitas persoas viguesas lembran o seu labor intelectual, social, sindical e feminista, e continúan vivos os vínculos profundos que a uniron á cidade: os familiares, os de veciñanza, os profesionais e os de compromiso social.

A cidade de Vigo, pola súa significación na vida e obra de Begoña Caamaño, debe ocupar un lugar central nas actividades do Día das Letras Galegas 2026. Por iso, consideramos necesario que a Xunta de Galicia despregue, ao longo de todo o ano 2026, un amplo abano de actividades e campañas específicas no concello de Vigo co obxectivo de achegar á cidadanía a figura, a obra e o legado de Begoña Caamaño.

Estas iniciativas deben estar dirixidas tanto ao estudantado dos distintos niveis educativos —infantil, primario, secundario e universitario— como ao conxunto da poboación, de xeito que a Xunta garanta o dereito das viguesas e dos vigueses a coñecer e recoñecer a traxectoria dunha muller que naceu, se formou e desenvolveu boa parte da súa actividade intelectual e social nesta cidade.

As actuacións e campañas vinculadas ao Día das Letras Galegas 2026 deben servir, ademais, como recoñecemento público e posta en valor da contribución de Begoña Caamaño á literatura, ao xornalismo e ao pensamento feminista, nunha cidade que a viu nacer, formarse e medrar como unha das voces máis singulares e comprometidas da cultura galega contemporánea.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a despregar, ao longo de todo o ano 2026, un programa de actividades e campañas específicas no concello de Vigo co obxectivo de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:51:45
Nº Rexistro: 36834
Data envio: 15/10/2025 12:51:45.413

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

achegar á cidadanía a figura, a obra e o legado de Begoña Caamaño, dirixidas tanto ao estudantado dos distintos niveis educativos como ao conxunto da poboación, de xeito que a Xunta garanta o dereito das viguesas e dos vigueses a coñecer e recoñecer a traxectoria dunha muller que naceu, se formou e desenvolveu boa parte da súa actividade intelectual e social nesta cidade.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:51:45
Nº Rexistro: 36834
Data envio: 15/10/2025 12:51:45.413

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 15/10/2025 12:49:03
Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2025 12:49:10
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/10/2025 12:49:27
Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2025 12:49:35

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:51:45
Nº Rexistro: 36834
Data envio: 15/10/2025 12:51:45.413

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 12:51:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:10:58
Nº Rexistro: 36857
Data envio: 15/10/2025 13:10:58.593

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

A alta velocidade ferroviaria representa unha gran oportunidade para Galicia ao facilitar a conexión co resto de España e de Europa, favorecer a mobilidade cidadá, o crecemento económico a través do turismo e máis oportunidades de investimento e para as empresas.

Con todo, o seu aproveitamento atópase con atrancos derivados dos problemas no funcionamento do servizo (retrasos, avarías, falta de prazas,...) e da carencia dun plan para o seu completo desenvolvemento que faga posible a chegada do AVE a cidades como Lugo e Ferrol que aínda carecen de conexión.

Outro dos factores que condicionan a alta velocidade en Galicia, é a necesidade de cambiar o ancho de vía que permita homologar a liña galega cos principais corredores de alta velocidade e gañar competividade, unha demanda avalada pola Unión Europea. Na actualidade, hai máis de 100km de vía única na liña de alta velocidade en Galicia que limitan a capacidade ao circular só un tren ademais do bloqueo por calquera incidencia.

A este respecto, a propia Comisión Nacional de Mercados e da Competencia (CNMC) nun recente informe viña a recoñecer que a convivencia de anchos diferentes limita a competitividade e supón unha barreira de entrada para outros operadores que non sexan Renfe.

Este panorama fai que a liña Madrid-Galicia teña ata un 75% menos de capacidade ferroviaria que a media dos corredores de alta velocidade e precisa que desde Galicia persistamos na demanda ao Goberno central para que leve a cabo as melloras necesarias para dotar a conexión de alta velocidade Galicia-Madrid de máis capacidade e competitividade.

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:10
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que leve a cabo as melloras necesarias para dotar a conexión de alta velocidade Galicia-Madrid de máis capacidade e competitividade, a través da dobre vía nos treitos nos que aínda non a hai, así como proxectar e executar as obras e investimentos precisos para facer posible a chegada do AVE as cidades de Lugo e Ferrol, que aínda carecen de conexión".

Santiago de Compostela, 15 outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:10:58
Nº Rexistro: 36857
Data envio: 15/10/2025 13:10:58.593

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 13:10:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:10:58
Nº Rexistro: 36857
Data envio: 15/10/2025 13:10:58.593

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:10:59

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:07
Nº Rexistro: 36859
Data envio: 15/10/2025 13:12:07.862

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A alta velocidade ferroviaria representa unha gran oportunidade para Galicia ao facilitar a conexión co resto de España e de Europa, favorecer a mobilidade cidadá, o crecemento económico a través do turismo e máis oportunidades de investimento e para as empresas.

Con todo, o seu aproveitamento atópase con atrancos derivados de múltiples factores: incidencias no funcionamento dos trens (avarías e retrasos), prazas insuficientes, convivencia de tramos de vía única e, tamén, coa falta de compromiso con proxectos como poden ser as variantes ferroviarias de interese estratéxico.

Así por exemplo, desde Galicia sempre mantivemos unha posición favorable para a construción da variante de Cerdedo, con todas as garantías ambientais, para permitir así unha conexión directa do tren de alta velocidade cara a Vigo que reduza os tempos.

Tanto o Parlamento de Galicia como o Goberno galego solicitou ao Executivo central que traslade información concreta e realista sobre as súas previsións de execución cun calendario de tramitación e posta en servizo desta infraestruturas xa que, segundo os prazos dos trámites necesarios, a inauguración deste tramo non sería posible ata 2040.

A demora dos trámites por parte do Ministerio obrigou a que agora haxa que actualizar o estudo informativo á normativa actual, cando xa se aprobara inicialmente en 2010. Esta mesma circunstancia pode aplicarse a outras moitas infraestruturas estatais pendentes que sofren prazos de tramitación e desenvolvemento moi superiores aos precisos e que dilatan expectativas de mobilidade dos galegos.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, entendemos necesario esixir ao Goberno central compromiso real coa execución da variante de Cerdedo para que este proxecto non se sume á lista de demoras e incumprimentos por parte do Estado con Galicia en materia de mobilidade .

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:10
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:07
Nº Rexistro: 36859
Data envio: 15/10/2025 13:12:07.862

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1.-A dirixirse ao Goberno de España para que impulse a construción da variante ferroviaria de Cerdedo e permitir así unha conexión directa do tren de alta velocidade cara a Vigo que reduza os tempos. A tal efecto, a administración autonómica solicitará ao Executivo central información concreta e realista sobre as súas previsións de execución cun calendario de tramitación e de posta en servizo desta infraestrutura.

Santiago de Compostela, 15 outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:07
Nº Rexistro: 36859
Data envio: 15/10/2025 13:12:07.862

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 13:10:44

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:12:07
Nº Rexistro: 36859
Data envio: 15/10/2025 13:12:07.862

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:12:08

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36943
Data envio: 15/10/2025 14:00:17.247

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 15/10/2
13:57
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas**, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Nas últimas dúas semanas vivimos na provincia de Ourense dúas noticias alarmantes, unha vivenda comunitaria de maiores, San Gabriel en Xinzo de Limia e unha residencia de maiores O Xardín en Amoeiro**,** foron clausuradas pola Xunta de Galicia tras detectarse graves irregularidades na atención ás persoas residentes**.**

Asinado o día 15/10/2025 ás
13:57
Por Elena Espinosa Mangana

Falamos de mulleres e homes de idade avanzada, que confiaron en atopar neses centros un lugar tranquilo, digno e seguro para vivir. Non entanto, a realidade coa que se atoparon foi outra: sobreocupación, deficiencias sanitarias e alimentarias**,** e nalgúns casos, un grao de dependencia superior ao autorizado para este tipo de instalacións.

O centro de Xinzo, autorizado para acoller a dez persoas, segundo informa un medio de comunicación, tiña 15 residentes no momento da inspección. As condicións detectadas polos funcionarios da Xunta foron o suficientemente graves como para ordenar o peche inmediato e o traslado urxente dos maiores a outras prazas da rede pública. En Amoeiro, outra vivenda comunitaria foi tamén clausurada o que levou mesmo á Fiscalía a abrir dilixencias para investigar as condicións nas que vivían as persoas usuarias.

Asinado o día 15/10/2025 ás
13:57
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Estes casos son un sinal de alerta sobre un sistema que non está a garantir o que debe: seguridade, atención de calidade e dereitos básicos para as persoas maiores**.**

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

As vivendas comunitarias, especialmente nas zonas rurais, xurdiron como unha alternativa moi valiosa para quen non pode vivir só pero tampouco precisa unha residencia de alta dependencia. Porén, sen un control real e continuado, este modelo pode converterse nun espazo de vulnerabilidade e risco**.**

É necesario preguntarse:

- Como é posible que se chegase a esta situación sen que se detectase antes?

- Cantos centros máis poderían estar operando por enriba da súa capacidade ou con persoal insuficiente?

- Está a Xunta de Galicia a cumprir co seu deber de supervisión e control dun servizo que afecta a un dos colectivos máis fráxiles da nosa sociedade?

Cando unha Administración autoriza e supervisa un centro, debe garantir que as condicións reais coincidan coas esixidas pola lei, e que ningunha persoa quede desprotexida.

Por iso, o que aconteceu en Xinzo de Limia e en Amoeiro debe ser un punto de inflexión. A Xunta de Galicia ten que dar explicacións, pero sobre todo tomar medidas: reforzar as inspeccións, dotar de máis medios ao persoal que as realiza, poñer en marcha protocolos de alerta e denuncia accesibles para familiares e usuarios, e asegurar que ningún centro quede fóra do control público**.**

Por todo iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar de maneira inmediata os mecanismos de inspección, control e supervisión das vivendas comunitarias e residencias privadas de persoas maiores, garantindo a súa cobertura na provincia de Ourense e un seguimento periódico e transparente.

2. Realizar unha auditoría extraordinaria das vivendas comunitarias de Ourense, co fin de detectar posibles incumprimentos en materia de número de prazas, grao de dependencia, condicións sanitarias, alimentarias e laborais, e facer público o resultado.

3. Garantir que todas as persoas afectadas polos recentes peches foron reubicadas en condicións adecuadas e con acompañamento social e sanitario, informando ao Parlamento do proceso seguido e das medidas adoptadas para garantir a súa protección e benestar.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36943
Data envio: 15/10/2025 14:00:17.247

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2025 13:57:14
Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2025 13:57:22
Silvia Longueira Castro na data 15/10/2025 13:57:30
José Ramón Gómez Besteiro na data 15/10/2025 13:57:38

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36943
Data envio: 15/10/2025 14:00:17.247

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 14:00:17

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/10/2
15:49
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a Axenda Galega do Litoral.

Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 15/10/2025 ás
15:49
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de setembro o presidente da Xunta convocou unha xuntanza denominada “Cumio do litoral” co pretendido obxectivo de promover un “Pacto do Litoral”. Máis alá da propaganda que acompaña este tipo de iniciativas, a realidade é que a principal proposta que saíu dese encontro foi a de ampliar a tempada de apertura dos “chiringuitos”.

Por outra parte, do balance que fixo a consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre os primeiros meses de exercicio das competencias sobre o dominio público marítimo-terrestre e a zona de servidume dedúcese que a actividade administrativa estivo centrada na concesión de autorizacións para eventos festivos, culturais, relixiosos e deportivos.

En paralelo a esta xestión burocrática, a Xunta está a despregar un verdadeiro plan B para o litoral, primando unha serie de liñas de actuación que van incrementar a presión extractivista, urbanística e turística no litoral galego, cos conseguintes problemas derivados: masificación, especulación urbanística e en relación cos bens do patrimonio cultural, ausencia de vivenda residencial e incremento dos prezos, ocupación intensiva do litoral, presión sobre ecosistemas de grande valor.

Asinado o día 15/10/2025 ás
15:49
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este plan de especulación a toda costa estase a desenvolver sen ter en conta aos concellos -excluídos da comisión de coordinación do litoral-, sen transparencia e sen participación do tecido socioeconómico e cultural que mantén vivo o territorio. E sen avaliar os riscos derivados do cambio climático e a súa incidencia nas zonas costeiras principalmente pola acción da erosión e da subida do nivel do mar.

Ademais, os anuncios de actuacións concretas estanse facendo sen desenvolver previamente os instrumentos de ordenación e planificación territorial, que deberían ser o marco xeral das diferentes liñas de actuación previstas.

Cómpre por outra parte ter en conta algúns antecedentes que non fan ser moi optimistas sobre as previsións e intencións do PP en relación co litoral:

- Incumprimento das previsións do Plan de Ordenación do Litoral (POL), único Plan Territorial Integrado aprobado pola Xunta (2011). Como exemplo máis escandaloso podemos citar o incumprimento da Disposición Adicional Terceira da normativa do POL, que prevía unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística nos terreos que ocupa ENCE en Lourizán e cuxa concesión caducaba en 2018. En contra do previsto no POL, a Xunta informou en 2015 a favor da ampliación da concesión de ENCE en DPMT por un período de 60 anos.

- Tentativa de indulto para as construcións ilegais en dominio público marítimo-terrestre despois de 15 anos, que se incluiu na lei de acompañamento dos orzamentos de 2022 e que foi anulada polo Tribunal Constitucional.

- Ocultación das conclusións e propostas do convenio asinado en 2021 coas tres universidades para elaborar un informe sobre o impacto do cambio climático na costa galega.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pretensión de legalización e consolidación de 4.000 edificacións en zonas de dominio público marítimo terrestre, facendo tábula rasa e sen ningunha análise pormenorizada de cada caso: as informacións da Xunta falan de 232 empresas (sen aclarar de que tipo son e se teñen que ocupar necesariamente o DPMT ou poden ter outro emprazamento), 24 gasolineiras, 24 depuradoras, 11 mercados municipais, 10 centros de saúde, 7 campings, 6 cemiterios, etc.

Para o BNG, a zona costeira debe ser obxecto dun enfoque socioecolóxico, unha verdadeira xestión integrada e un plan integral de actuacións que contemple a protección fronte ás agresións e os riscos do cambio climático; a conservación dos valores naturais e culturais; a ordenación e planificación de usos e actividades; a xestión sustentábel dos recursos; unha dinamización socioeconómica ordenada e equilibrada, que evite o extractivismo e a especulación; a participación real dos diferentes axentes institucionais e sociais na toma de decisións; e a dotación de servizos para a mellora da calidade de vida e o benestar da poboación.

Todo isto debe acompañarse dun autogoberno real de Galiza sobre todos os ámbitos relacionados co mar e a costa, impulsando a transferencia de todas as competencias pendentes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta desenvolver mediante un proceso participativo a Axenda Galega do Litoral, unha folla de rota para o territorio costeiro galego que inclúa cando menos as seguintes liñas de actuación:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Reclamación e asunción por Galiza de todas as competencias relacionadas co mar e a costa: Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña; Centros de Investigación Oceanográfica; Instituto Social da Mariña; Capitanías Marítimas que dependen da Dirección Xeral da Mariña Mercante; Servizos Meteorolóxicos.

2. Participación dos concellos costeiros nos órganos de ordenación e xestión do litoral. A xestión integrada do litoral pasa pola participación das entidades locais (86 concellos nos que viven 1,5 millóns de persoas) na toma de decisións.

3.Blindar a función ecolóxica e produtiva das rías, primando as actividades produtivas tradicionais (marisqueo, pesca sustentábel, acuicultura extensiva) fronte a actividades contaminantes e agresivas como a mina de San Fins, a mina do Pino-Touro, a macrocelulosa de ALTRI, o complexo industrial de ENCE en Lourizán, e a eólica mariña.

4. Apoiar e impulsar a transferencia aos concellos da xestión dos equipamentos e terreos que que están integrados na trama e nas actividades urbanas.

5. Aprobación dun plan integral para o saneamento e depuración das augas costeiras e das rías galegas, e asunción pola Xunta da xestión das EDAR. Neste plan prestarase unha atención específica ás zonas das rías declaradas sensíbeis.

6. Procura dunha alternativa para as dragaxes portuarias que evite o uso do mar como vertedoiro de residuos e primando o tratamente en terra dos materiais de risco.

7. Encomenda ao sistema universitario galego dun estudo sobre os efectos do cambio climático, dos cambios no sistema ecolóxico, da erosión e da subida no nivel

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do mar na costa galega (ecosistemas, usos residenciais, actividades construtivas) e desenvolvemento dun plan para o traslado das instalacións e equipamentos que non precisan estar en zona de DPMT ou en zona de servidume.

8. Creación dun organismo para a adquisición e xestión de terreos e bens costeiros con valores naturais, culturais e para a biodiversidade e para a sinatura de acordos de custodia con entidades sen ánimo de lucro.

9. Elaboración dun Plan Director do patrimonio cultural do litoral, coa redacción por parte do Consello da Cultura Galega das directrices de protección, restauración e usos. En lugar de primar os usos turísticos e a privatización de edificios históricos, deberase estudar caso por caso as actuacións a realizar de conservación, rehabilitación e novos usos. Nestes terán prioridade os públicos e sociais, analizando a súa utilidade para equipamentos e servizos públicos. Prestarase atención específica ao patrimonio inmaterial do litoral, nomeadamente ás embarcacións tradicionais e á carpintaría de ribeira.

10. Suspensión dos parques eólicos mariños ata que se coñeza o seu impacto sobre os caladoiros e ecosistemas do litoral galego".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 15:49:14
Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2025 15:49:22
Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2025 15:49:30
Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/10/2025 15:49:38
Sonia Vidal Lamas na data 15/10/2025 15:49:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36953
Data envio: 15/10/2025 16:09:26.911

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 16:09:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:13
Nº Rexistro: 36955
Data envio: 15/10/2025 16:45:13.256

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 15/10/202
Por Secundino Fernándt
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a situación da sanidade vexetal.

Asinado o día 15/10/2025 ás 16:42
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 43/2002 establece que é responsabilidade da administración pública previr, controlar e indemnizar fronte a pragas vexetais. Sen embargo, obsérvase desde hai anos unha tendencia da Xunta a trasladar esa carga aos sistemas privados (seguros agrarios), deixando ás labregas galegas case sen respaldo público efectivo.

Na comparecencia do 10/10/2025, o director xeral afirmou que a Consellería destina máis de 21 millóns de euros ao período 2022-2026 para sanidade vexetal. Tamén aludiu ao incremento das subvencións aos seguros agrarios (9,5 millóns en 2025).

Con todo, non se acompañou esa exposición con dados de execución concreta, informes de resultados, casos científicos verificados nin transparencia en desagregacións comarcais.

O director xeral recoñeceu que as pragas actuais en Galiza inclúen a couza guatemalteca da pataca, nematodo do piñeiro, flavescencia dourada, psila africana de cítricos e rata toupa.

Asinado o día 15/10/2025 ás 16:42
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:13
Nº Rexistro: 36955
Data envio: 15/10/2025 16:45:13.256

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A pesar das medidas obrigatorias que poden existir (trámites de destrución, obrigacións, zonas demarcadas), persiste a preocupación de que a capacidade de inspección, de vixilancia e de intervención real non siga o ritmo das pragas.

A política de fomentar o aseguramento do agro (incremento das subvencións ás primas de seguros) é presentada pola Xunta como unha solución, pero non pode substituír o deber público de intervención e compensación nos casos en que o seguro non alcance.

Moitas labregas non teñen cobertura, ou as pólizas non cobren pragas novas ou excepcionais — quedando sen protección real.

O desequilibrio entre os recursos privados e a débil intervención pública reforza un modelo de abandono do rural.

Non existe un inventario accesible público de proxectos de investigación en sanidade vexetal, nin memoria anual detallada que mostre investimento, resultados e transferencia ao campo. Sen esa columna vertebral científica, as medidas administrativas perden sostén técnico e adaptabilidade ás novas pragas.

A cidadanía, as labregas e os colectivos agrarios teñen dereito a coñecer os orzamentos reais, as execucións, os casos resoltos e os indicadores de eficacia.

Sen iso, as medidas quedan na esfera do discurso, sen impacto verificable.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:13
Nº Rexistro: 36955
Data envio: 15/10/2025 16:45:13.256

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e publicar anualmente unha memoria de sanidade vexetal, con datos transparentes de orzamentos, execución, resultados e indicadores.

2. Incluír a desagregación territorial para visibilizar onde se están as accións e onde non.

3. Incrementar e garantir un orzamento estable e crecente para investigación fitosanitaria galega, con proxectos auditables e transferibles ao campo.

4. Establecer forzas técnicas territoriais suficientes (inspectores, laboratorios comarcais) para vixilancia e control efectivo.

5. Que as indemnizacións públicas en pragas vexetais sexan reforzadas nos casos que os seguros non cobren, sen que unha póliza privada se considere substitutiva da intervención pública.

6. Desenvolver protocolos especiais de intervención para parcelas abandonadas e focos persistentes.

7. Asinar e publicar convenios obrigatorios e operativos con comunidades limítrofes (Portugal, outras CCAA) para intercambio de datos, colaboración e control fitosanitario conxunto.

8. Presentar no prazo máximo de 3 meses un plan de acción revisado para flavescencia dourada en Galiza, con orzamento, cronograma e medios específicos".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:13
Nº Rexistro: 36955
Data envio: 15/10/2025 16:45:13.256

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 15/10/2025 16:42:05
Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 16:42:13
Secundino Fernández Fernández na data 15/10/2025 16:42:35
Luis Bará Torres na data 15/10/2025 16:42:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:13
Nº Rexistro: 36955
Data envio: 15/10/2025 16:45:13.256

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 16:45:16

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:22:55
Nº Rexistro: 36976
Data envio: 15/10/2025 17:22:55.586

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a divulgación dos materiais recollidos durante o desenvolvemento do proxecto interuniversitario Nomes e Voces.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2006, declarado Ano da Memoria, o goberno galego puxo en marcha un proxecto de investigación sobre as vítimas da represión franquista denominado “Nomes e Voces” (As vítimas, os nomes, as voces e os lugares).

Esta iniciativa vehiculouse mediante un convenio coas universidades galegas, que se desenvolveu nos anos 2006-2010 e que tivo como principais resultados a elaboración dunha base de datos con 14.978 nomes relativos á represión franquista, 22.340 dixitalizacións, 404 entrevistas (a maiores das máis de 100 doadas por persoas particulares e investigadoras).

Ademais, conformouse un fondo con materiais (documentos, obxectos, fotografías) doadas por asociacións e familias, co obxectivo de crear un arquivo público da memoria histórica sobre a Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades e os dereitos de Galiza.

Malia a converterse nun proxecto de investigación e divulgación referente no Estado, coa chegada do PP ao goberno da Xunta en 2009 deixou de contar co financiamento público necesario e acabou por desaparecer. Aínda así mantívose activa a web do proxecto e baixo custodia a documentación e materiais que foron recompilados.

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:21
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:21
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:22:55
Nº Rexistro: 36976
Data envio: 15/10/2025 17:22:55.586

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta exitosa experiencia foi determinante para que a Secretaria de Estado de Memoria Democrática escollese o equipo universitario que desenvolveu o proxecto Nomes e Voces para levar a cabo a "elaboración dun censo estatal de vítimas da Guerra de España e a ditadura para o período 1936-1939", así como unha proposta metodolóxica para ampliar este censo.

Este recoñecemento da experiencia Nomes e Voces debería supoñer a recuperación, reactivación e difusión do traballo realizado, e a posta a disposición da sociedade galega dos fondos recompilados ao longo da súa existencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Poñer en valor a documentación, materiais e entrevistas recompiladas polo proxecto Nomes e Voces, para garantir a súa difusión, acceso e coñecemento público.

2. Crear un espazo físico e dixital para o estudo e a divulgación de toda a documentación relacionada coa Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades.

3. Desenvolver un programa para a recollida de materiais sobre esta temática que poidan ser doados ou entregados en depósito por parte de asociacións, persoal investigador e asociacións. Este programa incluirá a dixitalización e entrega de copias de documentación ás entidades e persoas colaboradoras".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:22:55
Nº Rexistro: 36976
Data envio: 15/10/2025 17:22:55.586

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 17:21:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 17:21:38

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:22:55
Nº Rexistro: 36976
Data envio: 15/10/2025 17:22:55.586

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:22:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:30:57
Nº Rexistro: 36982
Data envio: 15/10/2025 17:30:57.867

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/10/2
17:29
Por Noa Presas Berg

Asinado o día 15/10/2025 ás
17:29
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 15/10/2025 ás
17:27
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a memoria das mulleres e o "Patronato de Protección a la Mujer".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A represión das mulleres foi un dos signos de identidade da Ditadura franquista. As mulleres sufriron os mesmos tipos de represión cós homes: asasinatos, condenas de cárcere, agresións físicas, represión laboral, multas, desterro e exilio. E, a maiores, o réxime desenvolveu formas específicas especialmente crueis para perseguir, reprimir, torturar e amedrentar as mulleres, castigos con fortes tintes machistas como violacións, agresións físicas e psicolóxicas, rapado do cabelo, tatuaxe da pel, inxesta de aceite de rícino, exhibicións públicas…

En realidade podemos dicir que todas as mulleres foron vítimas do franquismo, por configurar un sistema político, social e moral profundamente machista e misóxino, que eliminou numerosos dereitos e estableceu normas morais e roles de xénero que restrinxiron as liberdades das mulleres e que as recluíu no espazo privado, no papel de nais e esposas. Neste profundo retroceso político e social xogaron un papel especialmente relevante a igrexa católica e organizacións como a Sección Feminina.

2.Dentro desta deriva retrógrada, reaccionaria e misóxina, a Ditadura ideou institucións dedicadas especificamente a recluír e castigar as mulleres por razóns morais e de orde sexual. É o caso do Patronato de Protección de la Mujer e a Obra de Redención de Mujeres Caídas. O Patronato foi creado por Decreto do 6 de novembro de

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:30:57
Nº Rexistro: 36982
Data envio: 15/10/2025 17:30:57.867

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1941 e mantívose en activo até o ano 1985. No ano 1983 produciuse o traspaso da súa xestión á comunidade autónoma galega.

En 1983, por real decreto, BOE del 14 de noviembre, se ordena el traspaso de Funciones y Servicios de Administración del Estado a la Comunidad de Galicia en materia del Patronato de Protección a la Mujer". Firman dicho traspaso de funciones : José Elías García y MARIANO RAJOY BREY (entonces secretario de la comisión mixta prevista en la disposición transitoria cuarta del Estatuto de Autonomía de Galicia).

O obxecto do Patronato era “redimir a muller caída e axudar á que está en perigo de caer”. Para desenvolver os seus fins creou unha estrutura estatal (Junta Nacional, presidida por Carmen Polo) e provincial (Juntas Provinciales, das que formaban parte as elites políticas e sociais), e un sistema de vixilancia e de reclusión para encerrar, castigar e adoutrinar as mulleres que non cumprían as ríxidas normas morais impostas polo nacionalcatolicismo.

O sistema de vixilancia e control establecido polo Patronato constituíu un auténtico cárcere da moral na que se recluía a mulleres entre os 16 e os 25 anos, sen ningún tipo de garantía xurídica, por razóns como ter relacións sexuais hetero ou homosexuais, practicar a prostitución, consumo de estupefacientes, frecuentar determinados lugares que non se consideraban apropiados, e, en xeral, por “desviarse” das condutas que o réxime establecera como exemplo de moral feminina.

Como lugares de reclusión estableceuse unha rede de “casas de acollida”, rexentadas por congregacións relixiosas como as Adoratrices, as Oblatas, Terciarias capuchinas, Cruzadas evanxélicas, Trinitarias…

As mulleres ingresadas nos Centros de Observación e Clasificación e nas “casas de acollida” eran privadas de liberdade, adoutrinadas, sometidas a todo tipo de abusos e castigos, e obrigadas a facer traballos para empresas sen recibir ningunha remuneración. Nalgúns casos estableceuse relación entre a reclusión nestes centros e a trama de roubo de bebés.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:30:57
Nº Rexistro: 36982
Data envio: 15/10/2025 17:30:57.867

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. No referente a Galiza, nos últimos anos publicáronse importantes estudos de investigación sobre o Patronato e desenvolvéronse xornadas e encontros de divulgación sobre esta materia. Mais a documentación das "Juntas Provinciales" segue, espalladas por diferentes arquivos de difícil localización, na maior parte sen clasificar e sen dixitalizar. E está pendente de investigar a documentación das propias congregacións relixiosas colaboradoras do sistema oficial de reclusión e adoutrinamento das mulleres "descarriadas".

Cando xa transcorreron case 40 anos da supresión do Patronato, mantense unha pesada lousa de silencio e impunidade sobre esta materia, e en xeral sobre a represión cruenta e continuada que sufriron as mulleres durante o franquismo. E está tamén por estudar, coñecer e recoñecer o papel das mulleres como protagonistas da resistencia -incluíndo a súa participación na guerrilla antifranquista-, como creadoras de redes de solidariedade, e como transmisoras da memoria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo a partir do vindeiro ano 2026 unha programación de carácter plurianual sobre a represión franquista contra as mulleres galegas que inclúa medidas de investigación, divulgación, reparación, homenaxe e acceso á xustiza. Nesta programación desenvolverase un programa específico de estudo, divulgación e homenaxe sobre as mulleres como protagonistas da resistencia contra a Ditadura franquista, como integrantes das redes de solidariedade e como artífices da transmisión da memoria.

2. Promover os contidos sobre "muller e memoria histórica democrática" no ámbito do ensino, fomentando a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:30:57
Nº Rexistro: 36982
Data envio: 15/10/2025 17:30:57.867

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persecución, represión e restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual.

3. Desenvolver medidas de localización, dixitalización e acceso ao público da documentación do "Patronato de Protección de la Mujer" existente en arquivos e institucións galegas, e impulsar a investigación e a divulgación de traballos sobre esta materia.

4. Promover un acto nacional de reparación das mulleres que foron recluídas e reprimidas polo Patronato."

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:30:57
Nº Rexistro: 36982
Data envio: 15/10/2025 17:30:57.867

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 17:27:57
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 17:29:09
Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2025 17:29:19

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:30:57
Nº Rexistro: 36982
Data envio: 15/10/2025 17:30:57.867

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:30:58

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envio: 15/10/2025 17:56:30.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/10/2
17:53
Por Ramón Fernánde

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación das infraestruturas sanitarias na Galiza.

Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 15/10/2025 ás
17:53
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta semana produciuse un derrubamento dun falso teito no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol no vestíbulo principal que conecta co acceso á xerencia e nas dependencias da ADOS. Segundo se recolle na prensa, este suceso debeuse á rotura dunha tubaxe da auga e afortunadamente, non causou danos persoais.

Mais este derrubamento súmase ao acontecido a principios do mes de agosto, cando o teito se derrubou nunha das habitacións da parte máis antiga do centro, causando feridas a un paciente que se atopaba ingresado neste cuarto. Isto provocou actuacións de urxencias de urxencias sobre diferentes plantas de hospitalización do edificio antigo do CHUF para renovando materiais claramente envellecidos.

Cómpre sinalar que este centro hospitalario conta aínda a día de hoxe, en pleno ano 2025, con cuartos de hospitalización que non contan cun baño.

Esta situación de deterioro dos centros sanitarios públicos vemos como se repite de xeito alarmante por todo o País, coma no Hospital Materno de Ourense ou o Gil Casares e o Hospital Provincial no CHUS, mais que non se limita aos hospitais afectando tamén a centros de Atención Primaria. E fronte a isto resulta rechamante a

Asinado o día 15/10/2025 ás
17:53
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envio: 15/10/2025 17:56:30.743

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

falta de actuacións preventivas sobre estas infraestruturas sanitarias, que no caso dos centros hospitais, son de plena competencia da Xunta de Galiza.

Todo isto súmase ás graves carencias que presenta a sanidade pública a nivel de persoal, cunha importante falta de planificación e previsión que está a ter consecuencias notorias sobre a calidade asistencial que recibe a poboación, mais tamén sobre as condicións laborais do persoal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un plan, debidamente orzamentado e calendarizado, que deberá ser presentado nun prazo de 6 meses neste Parlamento no que se analice a situación dos centros sanitarios galegos, recollendo cales son as eivas referentes ao seu estado de conservación e a adecuación á fraxilidade das pacientes, así coma as melloras que deben ser acometidas para a súa mellora funcional".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envio: 15/10/2025 17:56:30.743

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/10/2025 17:53:06
María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2025 17:53:14
Ramón Fernández Alfonzo na data 15/10/2025 17:53:25
José Manuel Golpe Acuña na data 15/10/2025 17:53:35
Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 17:53:46

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envio: 15/10/2025 17:56:30.743

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:56:31

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 37001
Data envio: 16/10/2025 10:54:21.466

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Miguel A. Viso Diéguez, Angel Rodríguez Conde, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

A recente vaga de incendios forestais que afectou a Galicia, e tamén a outras comunidades autónomas, durante o pasado verán, evidencian a crecente gravidade deste fenómeno. A confluencia de múltiples factores, entre os que están condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e períodos de seca máis prolongados, favorecen a propagación dos lumes, xerando consecuencias devastadoras sobre o noso patrimonio natural, a biodiversidade, a actividade económica do medio rural e mesmo a seguridade das persoas.

Galicia, pola súa enorme riqueza e extensión forestal, é especialmente vulnerable. Esta circunstancia esixe extremar as medidas de prevención e loita contra os incendios pero tamén, tras cada lume, resulta imprescindible acometer con urxencia actuacións de emerxencia e restauración. Entre elas, por exemplo a execución de medidas dirixidas a evitar procesos de erosión e perda de solo, así como medidas de protección, conservación e restauración forestal que permitan recuperar a funcionalidade dos montes e dos seus ecosistemas e reforzar a súa resiliencia fronte a futuros episodios.

Do mesmo xeito, resulta necesario garantir recursos para facer fronte a calquera outra situación de emerxencia e para xestionar con celeridade e eficacia tanto as tarefas preventivas como eses traballos que deben acometerse para minorar os impactos negativos que os incendios forestais provocan nos nosos montes.

Asinado o día 16/10/2025 ás 10:54
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 37001
Data envio: 16/10/2025 10:54:21.466

Neste obxectivo, a colaboración de todas as administración con competencias sobre o terreo resulta tan positiva como esixible, e que estes apoios se traduzan no financiamento de medidas concretas que incluso poden ser obxecto de execución conxunta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, en particular ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a fin de garantir a súa colaboración económica e, de ser o caso, técnica, para acometer as obras de emerxencia, protección, conservación e restauración forestal dos montes danados polos incendios".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 37001
Data envio: 16/10/2025 10:54:21.466

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 10:54:03

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 10:54:21
Nº Rexistro: 37001
Data envio: 16/10/2025 10:54:21.466

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 10:54:22

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:04:21
Nº Rexistro: 37003
Data envio: 16/10/2025 11:04:21.248

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Juan Casares Gándara, Encarna Amigo Díaz, Miguel A. Viso Diéguez, Angel Rodríguez Conde, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de motivos

En xullo do ano 2020, a Unión Europea acordou a posta en marcha dun instrumento excepcional e temporal coñecido como *Next Generation EU,* dotado de máis de 750.000 millóns de euros. Este fondo de recuperación nacía co obxecto de garantir unha resposta europea, unitaria e coordinada, para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais tras a crise orixinada pola pandemia.

O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) constitúe o núcleo principal do fondo de recuperación e, de feito, absorbe a maior parte dos recursos mobilizados, en concreto, 672.500 millóns de euros. A finalidade do MRR é apoiar o investimento e as reformas nos Estados Membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente.

Así cada Estado Membro debía deseñar un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia no que se incluísen as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos.

O Plan ten catro eixos transversais que se vertebran en 10 políticas panca, dentro das cales se recollen trinta compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas previstas, baixo catro prioridades:

- a transición ecolóxica
- a transformación dixital

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:04
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- a cohesión social e territorial
- a igualdade de xénero

A mobilización dun volume tan importante de recursos europeos supuxo unha oportunidade extraordinaria para o conxunto do noso país pero, lamentablemente, o Goberno que preside Pedro Sánchez impuxo unha xestión centralizada destes recursos, sen cogobernanza real e sen poder de xestión e decisión por parte dos Executivos autonómicos.

Desde Galicia vimos reclamando, en cada ocasión na que tivemos a oportunidade de facelo, incluso con acordos deste Parlamento, unha cogobernanza real dos fondos MRR e tamén un deseño dos proxectos que son obxecto de financiamento máis acordes cos intereses, necesidades e retos que temos no noso territorio.

O Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia de España prevé baixo o denominado compoñente 4 medidas para a defensa de ecosistemas e a protección contra incendios, máis en concreto, a renovación e modernización da frota de medios aéreos de extinción, a mellora de medios e infraestruturas asociados á prevención e minoración de danos por sucesos extremos, incluídos os incendios forestais.

Ao abeiro destas medidas, España, como Goberno, decidiu que era de abondo dedicar 240 millóns de euros a fondos para unha xestión forestal sostible, incluída a loita contra os lumes. Esta é unha cantidade manifestamente insuficiente se temos en conta que tan só é a terceira parte do investimento que dedicou Portugal, pese a ter un territorio moito menor.

Con todo, non só constitúe un problema a escasa dotación de recursos neste ámbito, senón tamén a baixa execución deste**s** fondos, problemática da que son única e exclusivamente responsables os actuais dirixentes do Goberno de España.

Desde o Goberno galego sempre se insistiu na idea de que se o Goberno central non é capaz de xestionar estes recursos. Está a tempo de facer unha transferencia a favor da Xunta de Galicia para que poida destinalos e investilos en xestión forestal e en prevención. O propio presidente da Xunta de Galicia insistía nesta

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

idea cando apuntaba que, “se o Goberno non sabe en gastar os fondos MRR, en Galicia temos motivos e sitios de sobra para poder facelo”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que aplique, en colaboración coas comunidades autónomas, un maior nivel de cogobernanza na execución dos recursos previstos no Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) e, nomeadamente, aqueles dirixidos a unha xestión forestal sostible, incluída a loita contra os lumes, chegando incluso a transferir a Galicia os recursos correspondentes, de tal xeito que se favoreza un impacto máis positivo sobre o territorio e sexa posible acadar un maior nivel de execución destes fondos”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:04:21
Nº Rexistro: 37003
Data envio: 16/10/2025 11:04:21.248

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:04:00

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:04:21
Nº Rexistro: 37003
Data envio: 16/10/2025 11:04:21.248

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:04:22

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:06:42
Nº Rexistro: 37005
Data envio: 16/10/2025 11:06:42.262

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de Motivos

Galicia é, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. O noso monte representa unha fonte de riqueza, emprego e equilibrio ambiental, pero tamén require dunha xestión responsable para reducir o risco de incendios e loitar contra o abandono.

O Goberno galego leva anos impulsando medidas pioneiras en materia de ordenación forestal, mobilización de terras e prevención de lumes, con resultados recoñecidos tanto a nivel estatal como europeo. Con todo, é necesario seguir avanzando, ampliando instrumentos e simplificando trámites para que comunidades de montes, gandeiros e propietarios forestais conten con máis facilidades para poñer en valor as súas parcelas.

De feito, outro factor a ter en conta é que a gran maioría dos montes e terreos forestais galegos son de propiedade privada, incluída a figura tipicamente galega dos montes veciñais e man común. Son todos estes propietarios os que, en primeira instancia, teñen os dereitos e as obrigas para garantir que os montes se perpetúen no tempo, mellorando as súas condicións. E neste sentido, a administración ten que ir da súa man para favorecer un monte máis ordenado, produtivo e seguro, sen esquecer apoiar a actividade das empresas e dos axentes do sector forestal.

Compre, ademais, potenciar ferramentas contrastadas, como o lume técnico planificado baixo criterios científicos, que xa demostraron a súa eficacia na prevención de grandes incendios, ao tempo que se garanta a protección ambiental e o desenvolvemento sostible do noso rural.

En definitiva, interesa promover accións conxuntas que perseguen facilitarlles aos propietarios de montes o manexo sustentable dos recursos forestais, á vez que dotarnos de novos instrumentos, ou potenciar os xa dispoñibles, para dar unha maior axilidade ao conxunto do sector forestal e optimizar as distintas actividades que se

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:03
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desenvolven no monte sen menoscabo dos dereitos dos propietarios e dos intereses colectivos da sociedade.

Con estes obxectivos e coa vontade de seguir facendo do monte galego unha oportunidade de futuro é polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Reforzar a planificación e execución das queimas técnicas realizadas pola Administración, incorporando o seu uso sistemático como medida de prevención de grandes incendios, tamén en áreas da Rede Natura 2000, sempre baixo criterios científicos e ambientais.

2. Favorecer a coordinación entre comunidades de montes, Administración autonómica, concellos e centros de investigación, co obxectivo de aplicar boas prácticas de xestión integrada que compatibilicen usos forestais, agrarios e ambientais".

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:06:42
Nº Rexistro: 37005
Data envio: 16/10/2025 11:06:42.262

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:03:24

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:06:42
Nº Rexistro: 37005
Data envio: 16/10/2025 11:06:42.262

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:06:43

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:54
Nº Rexistro: 37007
Data envio: 16/10/2025 11:07:54.561

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de Motivos

Os incendios forestais que cada ano afectan aos nosos montes, traen consigo graves consecuencias económicas, ambientais e sociais. A experiencia demostra que a prevención é o instrumento máis eficaz e rendible para reducir os lumes.

Baixo esa premisa, as máis de 3.000 comunidades de montes que xestionan arredor de 650.000 hectáreas do noso territorio, desempeñan un papel clave na xestión sustentable do territorio, e tamén poden facelo colaborando en materia de prevención de incendios.

De feito, moitas comunidades de montes, tal e como xa anunciou a Consellería do Medio Rural en 2015, deben reinvestir polo menos o 40% dos seus ingresos na mellora da superficie forestal.

Con todo, a realidade actual demostra que as superficies forestais enfróntase agora a un risco de incendios de maior complexidade pola confluencia de múltiples factores, entre os que están condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, forteS ventos e períodos de seca máis prolongados.

Loitar contra estes factores, que favorecen a rápida propagación do lume, esixe tamén intensificar eses traballos de prevención e requiren un maior apoio dos titulares dos montes veciñais que contribúan a evitar ou minorar os impactos negativos que os incendios forestais provocan nos nosos montes.

Así, e dado que se require un maior grado de investimentos para acadar un nivel de protección axeitado, resulta conveniente incrementar a porcentaxe dos beneficios que

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:05
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se reinvisten en prevención de incendios, establecendo mecanismos que garantan esta prioridade e acompañando, como non podía ser doutro xeito, con liñas de apoio desde a administración ás comunidades de montes veciñais e en man común.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.Establecer unha porcentaxe maior de reinvestimento obrigatorio dos beneficios obtidos polas comunidades de montes en man común para favorecer e impulsar tarefas de prevención de incendios forestais.

2.Garantir que estes investimentos se destinen prioritariamente a:

- Faixas de xestión da biomasa.
- Rozas estratéxicas
- Mellora de infraestruturas de acceso e puntos de auga.
- Plantación de áreas cortalumes de frondosas.
- Accións de auto protección en zonas de interface urbano-forestal.

3.Impulsar un sistema de control e avaliación anual que verifique o cumprimento dos reinvestimentos e permita mellorar a eficacia das medidas preventivas.

4.Intensificar a colaboración da administración autonómica cos titulares destas comunidades de montes veciñais e man común, impulsando, como vén facéndose ata o de agora, disintas liñas de apoio que permitan desenvolver con maior eficacia estas tarefas preventivas dos incendios forestais".

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:54
Nº Rexistro: 37007
Data envio: 16/10/2025 11:07:54.561

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:05:59

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:07:54
Nº Rexistro: 37007
Data envio: 16/10/2025 11:07:54.561

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:07:55

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:36
Nº Rexistro: 37009
Data envio: 16/10/2025 11:08:36.402

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de Motivos

Os incendios forestais convertéronse nunha das principais emerxencias ambientais, sociais e económicas que afronta o noso país cada verán. O lume destrúe hábitats naturais, pon en risco a vida de cidadáns e profesionais de extinción, ameaza pobos enteiros e ocasiona perdas millonarias no medio rural. A iso súmase un custo emocional irreparable para quen ve desaparecer os seus fogares e a súa contorna natural.

Aínda que algúns incendios teñen causas naturais ou accidentais, é especialmente alarmante a porcentaxe deles que son provocados de maneira intencionada. A acción de quen prende lume ao monte supón unha conduta criminal que non só atenta contra a natureza, senón que pon en xaque a seguridade de todos. A sociedade demanda unha resposta contundente fronte a estas condutas reiteradas. Pero o Goberno de España, lonxe de anticiparse, limítase a improvisar, deixando ao país sen instrumentos eficaces para a prevención e a vixilancia.

Na actualidade, España carece dun rexistro nacional de condenados por incendios forestais. Esta lagoa impide a coordinación eficaz entre administracións e deixa baleiros na prevención. Esta situación debe corrixirse mediante un mecanismo claro, transparente e centralizado.

Ademais, a reincidencia neste tipo de delitos, unida á dificultade de vixilancia durante os meses de maior risco —cando a combinación de altas temperaturas, seca e vento multiplica o perigo de grandes incendios—, fai necesario reforzar os sistemas de control. O uso de tecnoloxías como as pulseiras telemáticas de xeolocalización xa se aplica noutros ámbitos penais e demostrou ser eficaz na prevención e na protección de posibles vítimas. Estender esta ferramenta aos condenados por provocar incendios forestais representa un paso lóxico e proporcionado en defensa do interese xeral.

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:05
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:36
Nº Rexistro: 37009
Data envio: 16/10/2025 11:08:36.402

En definitiva, non podemos permitir unha política de brazos cruzados fronte á ameaza dos incendios forestais. A protección dos nosos bosques, da biodiversidade e das comunidades rurais require valentía lexislativa e medidas firmes.

A creación dun Rexistro Nacional de Pirómanos e a implantación de dispositivos telemáticos durante os períodos de maior risco reforzarán a capacidade preventiva, aumentarán a coordinación institucional e enviarán unha mensaxe clara á sociedade: quen atente contra os nosos montes enfrontarase a un control estrito e efectivo.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1.Impulsar a creación dun Rexistro Nacional de Pirómanos, que permita identificar e centralizar os datos de todas as persoas condenadas en firme por delitos relacionados con incendios forestais, co fin de mellorar a prevención, a vixilancia e a coordinación entre administracións.

2. Regular a obrigación de portar pulseiras telemáticas de xeolocalización para os condenados por incendios forestais que cumpran penas en réxime aberto, liberdade condicionada ou tras a súa excarceración, especialmente durante os meses de maior perigo de incendios, reforzando así as garantías de seguridade e protección do medio ambiente".

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:36
Nº Rexistro: 37009
Data envio: 16/10/2025 11:08:36.402

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:05:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:08:36
Nº Rexistro: 37009
Data envio: 16/10/2025 11:08:36.402

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:08:37

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:14:50
Nº Rexistro: 37011
Data envio: 16/10/2025 11:14:50.547

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Exposición de motivos

No ano 2019, mediante o Real Decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, incorporouse á cotización das persoas traballadoras autónomas unha achega do 0,1% destinada á formación profesional para o emprego, co obxectivo de garantir que este colectivo puidese acceder a programas de actualización e mellora das súas competencias profesionais, en condicións equiparables ás das persoas asalariadas.

Con todo, case seis anos despois da entrada en vigor desta medida, nin o Ministerio de Traballo e Economía Social nin o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións teñen deseñado os programas formativos específicos para o colectivo autónomo, nin estableceron o procedemento polo cal as persoas traballadoras por conta propia poidan exercer efectivamente este dereito.

A día de hoxe, non se coñece como se van empregar os fondos recadados a través das cotas da Seguridade Social, nin existe unha planificación clara sobre a súa xestión a través do Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) e da Fundación Estatal para la Formación en el Empleo (FUNDAE). Isto supón que máis de 3,3 millóns de traballadores e traballadoras autónomas están a contribuír economicamente a unha prestación da que non se benefician, convertendo esa cotización nun agravio comparativo e nunha inxustiza evidente.

O dereito á formación profesional é un instrumento esencial para o desenvolvemento do tecido produtivo, a modernización das pequenas empresas e

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:14
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:14:50
Nº Rexistro: 37011
Data envio: 16/10/2025 11:14:50.547

dos negocios individuais, así como para a mellora da competitividade e a adaptación aos novos retos tecnolóxicos e de mercado.
Negar na práctica este dereito supón limitar a capacidade de innovación, de reciclaxe profesional e de crecemento económico dun sector que representa unha parte fundamental da economía española e galega.

Por iso o Goberno de España, de maneira urxente, ten que dar cumprimento ao mandato legal e destinar os recursos económicos recadados á súa finalidade orixinal, poñendo en marcha un programa específico de formación profesional para as persoas traballadoras autónomas, xestionado polo SEPE e canalizado a través da FUNDAE, garantindo así que este colectivo poida acceder ás accións formativas en igualdade de condicións co resto dos traballadores.

A formación é investimento, progreso e futuro. As persoas autónomas pagan por ela, e teñen dereito a recibila.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para:

1.- Que destine os fondos recadados pola cota do 0,1% á súa finalidade orixinal, garantindo que se empreguen en accións formativas específicas e adaptadas ás necesidades do colectivo autónomo.

2.- Que, a través do Ministerio de Traballo e Economía Social e do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, poña en marcha de maneira inmediata as medidas necesarias para activar o sistema de formación profesional dirixido ás persoas traballadoras autónomas, dando cumprimento ao disposto no Real Decreto-lei 28/2018".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:14:50
Nº Rexistro: 37011
Data envio: 16/10/2025 11:14:50.547

PARLAMENTO DE GALICIA

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:14:50
Nº Rexistro: 37011
Data envio: 16/10/2025 11:14:50.547

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:14:29

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:14:50
Nº Rexistro: 37011
Data envio: 16/10/2025 11:14:50.547

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:14:51

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:17:22
Nº Rexistro: 37013
Data envio: 16/10/2025 11:17:22.532

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Cristina Sanz Arias, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Exposición de motivos

A deriva do Goberno de Sánchez cos traballadores autónomos tamén pode observarse coa negativa a traspoñer a normativa comunitaria que lles favorece como é o caso da Directiva (UE) 2020/285. Esta norma comunitaria introduce un réxime especial de franquicia no IVE orientado a reducir custes administrativos e de cumprimento das pequenas empresas.

A Directiva comunitaria faculta aos Estados membros a posibilidade de eximir do IVE ás empresas cun volume de negocio anual por baixo dun limiar que non pode superar os 85.000 €, e ofrecerlles a opción entre o réxime xeral ou o de franquía. A norma podería estar de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2025, pero o Goberno de Pedro Sánchez retrasa a súa aplicación en España, todo iso, a pesar de expoñerse a sancións polo incumprimento na transposición e na posta en marcha dun instrumento pensado para aliviar a carga burocrática e financeira das pemes e persoas autónomas.

Tamén seguen pendentes a Directiva (UE) 2022/542, que reforma os tipos do IVE, e a Directiva (UE) 2023/2775, que actualiza os criterios de tamaño empresarial e debía estar trasposta antes do 24 de decembro de 2024.

No caso galego, unha parte maioritaria do tecido autónomo podería optar por un réxime que evita liquidacións periódicas do IVE e simplifica a facturación, co consecuente aforro de tempo e custes. As estatísticas do IVE da AEAT amosan que, a nivel estatal, arredor do 57% dos declarantes están por baixo dos 85.000 euros

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:17
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de volume de operacións, o que permite estimar para Galicia máis de 100.000 potenciais beneficiarios .

A non transposición destas directivas supón unha desvantaxe competitiva fronte a outros Estados membros que xa aplican a franquía, mantén trámites innecesarios para miles de pequenos negocios, e dificulta a formalización e o crecemento empresarial, especialmente en sectores con marxes axustados e alta estacionalidade moi presentes en Galicia.

Pola contra, o Partido Popular sempre mostrou unha especial sensibilidade cara ao colectivo dos autónomos e pemes consciente de que só se se facilita a actividade emprendedora e empresarial pódese crear emprego. Así se demostra na acción de goberno da Xunta de Galicia e nas diferentes accións que en apoio deste colectivo desenvolve a nosa Comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a transposición urxente da Directiva UE 2020/285 do Consello do 18 de febreiro e, deste xeito, poñer en funcionamento antes de que remate o ano o réxime de franquía do IVE para pequenas empresas e persoas autónomas".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:17:22
Nº Rexistro: 37013
Data envio: 16/10/2025 11:17:22.532

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:17:07

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:17:22
Nº Rexistro: 37013
Data envio: 16/10/2025 11:17:22.532

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:17:23

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:26:33
Nº Rexistro: 37015
Data envio: 16/10/2025 11:26:33.251

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Sanz Arias, Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Manuel Santos Costa** e **Gonzalo Trenor López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Exposición de motivos

Todo apunta a que o obxectivo do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez é seguir incrementando a recadación á conta do esforzo dos profesionais autónomos. Concretamente, vén de avanzar unha proposta que aumentaría as cotizacións sociais para este colectivo con subas estimadas de ata 206 euros mensuais, segundo o perfil de cada profesional.

Coa nova proposta da Seguridade Social, todas as cotas soben con respecto ás do ano anterior sen excepción. Por iso, a iniciativa dos partidos da esquerda no Goberno, como non podía ser doutro xeito, xerou inquedanza entre o colectivo de traballadores autónomos que demandan maior precisión, proporcionalidade e medidas complementarias que freen a asfixia económica destes profesionais na que parece terse instalado o Executivo estatal.

Tamén as principais asociacións de autónomos amosaron a súa preocupación e esixen maior diálogo, antes de que a proposta gobernamental se concrete definitivamente en textos lexislativos. Sinalan, con acerto, que este cambio pode ter un impacto significativo, especialmente para quen cotiza en tramos medios. E lembran que moitas pequenas empresas xa operan con estreitas marxes de beneficio e que unha cota excesiva pode converterse nun freo á actividade, a contratación e a innovación.

Cabe lembrar que o Executivo de Pedro Sánchez asestou en 2023 un novo sabrazo ás cotizacións dos autónomos. O plan do entón, consistiu en obrigar aos máis de 3

Asinado o día 16/10/2025 ás 11:26
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

millóns de autónomos que hai no noso país para cotizar polos seus ingresos reais, o que supuxo arrebatarlles boa parte da súa autonomía. A isto hai que engadir a suba de impostos aos carburantes, a subida do imposto de matriculación, do imposto de circulación, as novas tributacións sobre plásticos e residuos, e a harmonización fiscal á alza ou o aumento das peaxes pola utilización de vías de transporte terrestre, que supoñen tamén que paguen máis os autónomos.

Ningún país pode saír adiante desde o castigo a quen contribúe coas súas cotizacións. En lugar de avanzar e corrixir os erros que houbo na regularización de 2023, ou en mellorar a protección social dos autónomos para os próximos anos, o Goberno de Sánchez expón unha subida de cotizacións inasumible para moitos autónomos e que, desde logo, ten un non rotundo do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Desde o Partido Popular temos claro que o presente e o futuro de Galicia pasa por apoiar aos emprendedores e de maneira particular aos autónomos.

Non podemos deixar ao carón e sós ante a adversidade —como si está a facer o Goberno— a un colectivo que tanto achega ao noso país. Falar de autónomos é falar dun colectivo que xera riqueza e emprego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia e trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1º- Paralizar o pretendido intento de aumentar as cotizacións sociais para o colectivo de persoas traballadoras autónomas e garantir que calquera reforma do sistema deba realizarse por consenso, con grupos políticos e cos representantes dos colectivos de autónomos.

2º- Adoptar medidas complementarias de simplificación administrativa e redución de trámites, en coordinación coas comunidades autónomas, que

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

permitan ás persoas autónomas centrarse na súa actividade produtiva e non na burocracia".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:26:33
Nº Rexistro: 37015
Data envio: 16/10/2025 11:26:33.251

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 11:26:17

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 11:26:33
Nº Rexistro: 37015
Data envio: 16/10/2025 11:26:33.251

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 11:26:34

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de impulsar unha Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque público de vivendas propiedade da Xunta de Galiza é extremadamente escaso, con apenas 3.800 unidades que representan un 0,3% do total das vivendas, fronte ao 16% que representan estas en Francia, o 17% en Inglaterra, o 21% en Dinamarca, 24% en Irlanda do norte, o 24% en Escocia ou o 29% en Países Baixos.

Esta situación, tan afastada doutros países europeos, é consecuencia de non ter construído na segunda metade do s. XX grandes parques públicos de vivendas e, despois, de ter paralizado e arrasado por completo durante 17 anos a política de vivenda pública que tomara impulso na etapa anterior para tratar de corrixir este déficit histórico.

Neste momento de crise de acceso á vivenda é cando se evidencian dunha forma máis crúa a carencia desta infraestrutura pública como mecanismo eficaz para garantir un dereito básico como é a vivenda.

Ante isto, a Xunta de Galiza vén de anunciar un incremento da vivenda pública mais que presenta dúas grandes eivas: a primeira é que ambiciona un volume insuficiente de unidades e, a segunda, fai unha aposta case total pola nova construción fronte a outras solucións baseadas na rehabilitación e na mobilización de vivenda xa construída que permita solucións a curto prazo.

Asinado o día 16/10/2025 ás 12:59
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 16/10/2025 ás 12:59
Por Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dende o BNG consideramos que unha estratexia axeitada para a ampliación do parque público de vivenda debe contemplar, ademais da nova construción, estratexias e mecanismos que mediante a adquisición vivenda e/ou posterior rehabilitación permitan incorporar de forma áxil máis unidades.

Neste momento o único mecanismo para a adquisición pública de vivendas e inmobles para a súa incorporación ao parque público está limitada ao programa Rexurbe. Un programa moi limitado en cuanto ao ámbito de actuación -só uns poucos centros históricos en todo o país, non vinculado á demanda de vivenda- e que conta cunha execución e financiamento moi escaso, que fai con que non resulte un instrumento eficaz para paliar a alta demanda de vivenda pública que se constata no rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta.

Unha política de adquisición pública ambiciosa ten ademais outras grandes virtudes fronte a unha estratexia baseada exclusivamente en novos desenvolvementos urbanísticos. Por exemplo, evita a segregación espacial das persoas de rendas máis baixas en fragmentos urbanos periféricos, como se pretende cos novos PIA de solo residencial. Tamén permite actuar para mobilizar parque inmobiliario baleiro, fomenta a rehabilitación e evita o consumo innecesario de solo.

Os datos en materia de vivenda evidencian que a actual crise de vivenda non se debe a un problema de stock total construído, xa que o ratio de vivendas por habitante non deixou de aumentar nas dúas últimas décadas, pasando do 0,48 en 2001 ao 0,65 en 2021, ao tempo que a vivenda baleira pasou de 300.000 unidades a 500.000 tan só nos últimos dez anos. Por tanto temos cada vez máis vivenda construída pero resulta máis difícil acceder a ela, porque unha parte cada vez maior non se destina a un uso residencial principal e a que si o fai está atravesada polo incremento continuo e desmedido de prezos.

Por tanto, o BNG aposta pola posta en marcha dunha estratexia con novas medidas que aposte por incrementar o parque público de vivendas mediante a adquisición pública

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de vivendas, de forma que nos permita acadar dous grandes obxectivos: incrementar de forma áxil o parque público de vivendas ou tempo que contribuímos a unha mellor utilización do parque construído, reducindo o número de vivendas baleiras, contribuíndo ao mantemento e mellora do parque construído e reducindo o consumo de solo e recursos.

Por último, cabe destacar que se abren novas oportunidades de financiación nesta liña ao incluírse como novidade no novo borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 liñas de financiación dirixidas de forma específica para a adquisición de vivendas por parte das Administracións, que pode alcanzar o 70% dos custes do investimento e até un 85% se se trata dunha zona de mercado tensionado. Por tanto, vemos que a aposta pola intervención pública sobre o parque xa construído que vimos defendendo dende o BNG vai sumando apoios e ábrense novas oportunidades de financiamento que o goberno galego non debera deixar pasar.

Precisamente para aproveitar esta oportunidade e desenvolver unha estratexia coherente coa realidade territorial galega, dende o BNG propomos a creación inmediata dunha estratexia galega de adquisición pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas. Esta debe incluír unha serie de obxectivos por comarcas e a nivel galego coherente coa situación de demanda de vivenda pública, coas dificultades no acceso á vivenda e co estado do parque construído, que como mínimo aspire a incorporar 4.000 novas vivendas en 5 anos mediante a adquisición por parte da Xunta de Galiza.

Para lograr estes obxectivos a Xunta de Galiza despregará unha serie de medidas que permitan á Administración a adquisición de vivenda con prezos axustados. Entre elas, o despregue de instrumentos de tenteo e retracto en favor da Administración Pública en determinados ámbitos onde exista unha necesidade de incremento da oferta de vivenda pública, o exercicio efectivo dese dereito na transmisión de vivenda protexida, ou a creación dunha comisión técnica especializada dentro do IGVS que asegure o seu bo desenvolvemento.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta a pór en marcha a Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas no prazo máximo de 6 meses que inclúa, cando menos, as seguintes medidas:

- Análise territorializada da demanda de vivenda pública e estado do parque construído que permita definir obxectivos cuantificables a nivel galego e por concellos ou áreas supramunicipais.

- Definición dun cronograma para a consecución de obxectivos, que como mínimo permita alcanzar as 4.000 vivendas adquiridas en 5 anos.

- Execución efectiva polo IGVS dos dereitos de tenteo e retracto nas transmisións de vivenda protexida, tal e como prevé o art. 75 e ss da Lei de Vivenda de Galiza.

- Incorporar a previsión lexislativa para a delimitación polas administracións (Xunta e concellos) de áreas de incorporación de terreos, inmobles e vivendas con destino ao parque público de vivenda, así como os instrumentos xurídicos eficaces para a súa adquisición, incluíndo o exercicio de dereito de tenteo, de forma que permita ás Administracións Públicas dispor de solucións vantaxosas e axustada economicamente.

- Creación dunha comisión técnica especializada na adquisición pública e a definición de criterios de selección de inmobles obxectivos que teñan en conta o impacto das actuacións, tanto en termos de modelo urbano e sociais, como da calidade arquitectónica das vivendas e de sustentabilidade económica.

- Xestionar de forma transparente, continua e accesible o inventario dos patrimonios públicos de solo e de vivenda.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Aumentar as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en solo urbanizable e en solo urbano non consolidado, tanto o regulado no artigo 17.b).1, coma o 17.b).2. da Lei do Solo de Galicia en, como mínimo, o establecido na lexislación estatal. Eliminar os criterios de revisión á baixa destas porcentaxes.

- Asumir as competencias en materia de vivenda para realizar a primeira declaración de zonas de mercado tensionado a nivel galego e desenvolver a súa normativa, de forma que en todos aqueles ámbitos que cumpran as condicións se poidan incrementar as previsibles axudas para adquisición de vivenda do vindeiro Plan Estatal de Vivenda do 70% ao 85% .

- Realizar unha proposta de adecuación do novo Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 aos obxectivos e prioridades definidas nesta Estratexia Galega de Adquisición Pública de Vivenda".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2025 12:59:46

Luis Bará Torres na data 16/10/2025 12:59:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 37075
Data envio: 16/10/2025 13:01:59.999

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:02:00

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 16/10/2
13:01
Por José Ramón Gón

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 16/10/2025 ás
13:01
Por Carlos López Font

A posta en marcha da nova liña circular de autobús urbano en Ferrol estivo marcada pola improvisación e a falta de planificación por parte da Xunta de Galicia e da empresa concesionaria. Segundo recollen os medios de comunicación, nin os condutores nin as persoas usuarias contaban con información clara sobre o percorrido, as paradas ou os horarios do servizo, chegando a producirse situacións de desconcerto nas primeiras xornadas de funcionamento.

Este feito é especialmente grave tendo en conta que o transporte público é un servizo esencial para a mobilidade da cidadanía e para a cohesión territorial. A falta de información e coordinación demostra unha vez máis o desleixo coa que a Xunta de Galicia xestiona os servizos de transporte, en particular no ámbito metropolitano e urbano de Ferrol, unha comarca xa castigada pola deficiente planificación do transporte interurbano e pola inexistencia dun verdadeiro sistema integrado de mobilidade.

Asinado o día 16/10/2025 ás
13:01
Por Aitor Bouza Manso

Ademais, esta situación evidencia a ausencia de campañas de comunicación adecuadas, de coordinación cos concellos e de implicación dos profesionais do servizo, o que repercute negativamente na confianza da cidadanía e na eficiencia do transporte público.

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Dende o Partido Socialista consideramos imprescindible que se poña orde nesta situación, garantindo unha planificación seria e rigorosa, con información pública, accesible e anticipada para todas as persoas usuarias, e con mecanismos de avaliación e mellora continua do servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar o funcionamento da nova liña circular de autobús urbano en Ferrol, identificando as incidencias rexistradas durante o seu inicio e as causas das deficiencias na información á cidadanía.
2. Poñer en marcha de inmediato unha campaña informativa clara e accesible para a veciñanza, con mapas, horarios e paradas visibles en formato físico e dixital.
3. Comprometerse a publicar, antes de calquera nova modificación no transporte urbano ou metropolitano, un plan detallado que recolla percorridos, horarios e medidas de comunicación á cidadanía.

Santiago de Compostela, a 16 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:23:55
Nº Rexistro: 37085
Data envio: 16/10/2025 13:23:55.722

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/10/2025 13:01:09

Carlos López Font na data 16/10/2025 13:01:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/10/2025 13:01:22

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:23:55
Nº Rexistro: 37085
Data envio: 16/10/2025 13:23:55.722

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:23:56

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-jN5yoGmGr-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/